



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 24 de abril de 2026

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e catro de abril de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(306).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 17 de abril de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(307).- DAR CONTA DE MODIFICACIÓNS E PROPOSTA DE REGULARIZACIÓN DO CONTRATO DE "SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓN DO CONCELLO DE VIGO". EXPTE. 8685/113.

Visto o informe xurídico do 18/03/2026 e o informe de fiscalización do 15/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 03/03/2026, asinado polo técnico

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 1 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

responsable de Seguridade Informática, o xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Unha vez finalizado o quinto ano do contrato do Servizo integral de Comunicacións do Concello de Vigo, entre o 1 de xullo de 2023 e o 24 de xullo de 2024 (prazo ampliado por acordo da Xunta de Goberno Local de 28/06/2024) procede dar conta á Xunta de Goberno Local das modificacións aprobadas, así como propoñer a regularización económica correspondente ao citado período. O contrato iniciouse o 01/07/2019 e tendo unha duración prevista de 4 anos con opción a 1 ano de prórroga, que executouse con ocasión do expediente 10039/113. Así mesmo, por acordo da Xunta de Goberno Local de 28/06/2024 aprobouse a continuidade na prestación do servizo dende o 01/07/2024 e ata a formalización do novo contrato con data 24/07/2024 (expte. 10119/113).

1. Antecedentes. Modificacións aprobadas ao amparo da cláusula 15 das FEC do prego de cláusulas administrativas aprobadas con data 23/03/2019

Segundo a cláusula 15 das FEC pertencentes o PPS que rexe o presente contrato, reproducida a continuación, achéganse as modificacións aprobadas pola Concelleira Delegada de Administración Electrónica durante o período 01/07/2023 a 24/07/2024.

“15. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

- A) **ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO:** si
B) **ASPECTOS A MODIFICAR:**

- Incorporación de novos servizos de telecomunicación.
- O número e dimensión dos servizos unitarios contratados.

C) **CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:**

- A variación do número de sedes ou instalacións municipais.
- Variación do consumo total de chamadas de voz contratado igual ou superior o 10%, tanto por exceso como por defecto, respecto ó estimado na oferta.
- Variación do número de SMS consumidos respecto o estimado na oferta.
- Incorporación de novos servizos respecto os solicitados no prego ben por modificación das necesidades municipais ou ben pola aparición de novas tecnoloxías durante a vixencia do contrato que non estivesen dispoñibles no momento da contratación e que o Concello de Vigo necesite para os seus fins.
- Altas ou baixas dos servizos unitarios contratados por variación das necesidades municipais.
- Situacións de urxencia que poidan requirir necesidades adicionais de servizos.

- D) **LIMITES DA MODIFICACIÓN:** 20% do prezo do contrato
E) **ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN:**

As modificacións acordadas terán, no seu caso, a correspondente repercusión, en máis ou en menos sobre o prezo do contrato, que se calculará atendendo ós prezos unitarios ofertados polo contratista e que serviron de base para a adxudicación.

O aboamento dos custos das modificacións aprobadas realizarase mediante as regularizacións anuais previstas. Debido o dinamismo das necesidades do Concello de Vigo, as modificacións aprobaranse por resolución do concelleiro delegado e darase conta das mesmas a Xunta de Goberno en informes con carácter como mínimo anual.

Os custos do contrato están divididos en custos fixos, que son os custos coñecidos a priori dos servizos, tales como altas, cotas, mantementos, tarifas planas etc e os custos variables que son os custos descoñecidos previamente, e que son fundamentalmente as chamadas voz e mensaxes (SMS). A alta dun servizo inclúe os dous tipos de custos, fixo e variable. A continuación detállanse o listado de modificacións aprobadas cos custos fixos anuais estimados nas circunstancias que posibilitan a modificación segundo a cláusula 15 das FEC.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 2 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

Listado de modificacións (altas) aprobadas entre o 1 de xullo de 2023 e o 24 de xullo de 2024 que afectan os custos de tipo fixo:

EXPEDIENTE	SERVIZO	CONCEPTO	CUSTOS FIXOS ANUAIS SEN IVE
20589/77	DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO	Alta móbil básico	40.00
19705/101	ALCALDÍA	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416.40
19718/101	ALCALDÍA	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar (2)	832.80
19824/101	ALCALDÍA	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416.40
19830/101	ALCALDÍA	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416.40
20009/101	ALCALDÍA	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416.40
20114/101	ALCALDÍA	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416.40
1608/107	PATRIMONIO HISTÓRICO	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416.40
10185/113	AE/CORPORACIÓN	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416.40
10351/113	ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar (2)	832.80
10394/113	AE/CORPORACIÓN	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416.40
88601/212	POLICÍA LOCAL	Ampliación capacidade SIM DRON (Tarifa Premium)	300.00
92967/250	VÍAS E OBRAS	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416.40
13375/255	CEMITERIOS	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416.40
256745/301	BENESTAR SOCIAL	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar+MultiSIM	466.40
259577/301	BENESTAR SOCIAL	Conexión Rede Corporativa e Wifi novo centro formación	3,827.88
23407/310	SANIDADE	Alta móbil básico (2)	80.00
9894/336	XUVENTUDE	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416.40
3556/341	MUSEOS	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416.40
7868/440	ÁREA SERVIZOS XERAIS	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416.40
6172/443	OSPIO	Tarxeta SIM 20 GB control rampla C.S. Teis	600.00
50596/446	MONTES, PARQUES E XARDÍNS	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416.40
50991/446	MONTES, PARQUES E XARDÍNS	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416.40
3095/500	INSPECCIÓN DE TRIBUTOS	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416.40
12538/612	VIGONATURE	Alta tarxeta SIM datos e VPN para xestión validadora VigoNature	416.40
1641/613	EMAO	Alta móbil básico	40.00
4214/1101	PLENO	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416.40
1585/1102	SECRETARÍA GOBERNO LOCAL	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416.40
491/2123	POLICÍA LOCAL	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar (2)	832.80
14/2125	POLICÍA LOCAL	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar (3)	1,249.20
3/2162	POLICÍA LOCAL	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416.40
2/7011	SINDICATOS (UGT)	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416.40
1/7012	SINDICATOS (CIG)	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	416.40
TOTAL			18,262.68

Por outro lado, a continuación relaciónanse as baixas de servizos durante o quinto ano do contrato coa estimación dos custos anuais fixos correspondentes:

S.ord. 24/04/2026



BAIXAS	unidades	Custo FIXO unitario anual sen IVE	COSTE ANUAL sen IVE
smartphones(tarifa datos)	21	416.40	8,744.40
Móviles básicos	6	40.00	240.00
IoT	9	48.00	432.00
Total			9,416.40

O total estimado anual sen IVE dos custes debidos as modificacións para os **custos fixos** é a diferenca entre as altas aprobadas e as baixas, e supón a cantidade de **8.846,28 €**. Esta é unha estimación anualizada, xa que na realidade as altas e baixas se ratean desde a súa data efectiva, polo que non coincide exactamente coa regularización real.

No tocante os custos dos **servizos variables**, é dicir, chamadas de voz e SMS, non procede realizar regularización xa que o licitador ofertou na súa proposta unha tarifa plana xa engadida nos custos fixos e polo tanto os custos variables son 0.

		Proposta Telefónica		
		Custo base	IVE	TOTAL
CVF1.2 Custos Fixos		431.522,25 €	90.619,67 €	522.141,92 €
CVF1.1 Custos de consumo variables	Total chamadas voz	0 €	0 €	0 €
	Total SMS	0 €	0 €	0 €
Suma totais		431.522,25 €	90.619,67 €	522.141,92 €

O total estimado das modificacións aprobadas é a suma das modificacións dos custos fixos aprobados **8.846,28 €** e dos custos variables **0 €** resultando unha cantidade de **8.846,28 € sen IVE**, que supón un **2,05 %** do prezo da oferta **anual 431.522,25 € (sen IVE)**.

Así mesmo, supón un **0,41 %** do total das cinco anualidades do contrato e tendo en conta a ampliación do mesmo polo importe de 28.768,14 € sen IVE, supón un **0,4 %** do importe total do contrato.¹

Resumo das modificacións.

Regularización	Total € (SEN IVE) custos modificacións aprobadas	Porcentaxe da modificación sobre 1 ano do contrato	Porcentaxe da modificación sobre o total dos 5 anos do contrato	Porcentaxe da modificación sobre o total dos 5 anos do contrato e a ampliación do mesmo
2019-2020	23.524,84	5,45 %	1,09 %	1,08 %
2020-2021	11.477,11	2,66 %	0,53 %	0,52 %
2021-2022	9.741,76	2,26 %	0,45 %	0,45 %
2022-2023	29.887,74	6,93 %	1,39 %	1,37 %
2023-2024	8.846,28	2,05 %	0,41 %	0,40 %

¹ Dotouse para a continuidade na prestación do servizo consignación orzamentaria por 71.920,37 € (sen IVE), da que se facturaron 28.768,14 € (sen IVE).





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

O total das modificacións 83.477,73 € nos cinco anos de contrato representa un 3,87 % (un 3,82 % tendo en conta a ampliación), inferior ao 20% máximo de modificacións previstas no PPS. Esta é unha estimación anualizada.

2. Proposta de regularización económica

Segundo a cláusula 11 das FEC do PPS, sobre réxime de pagamento:

“11.RÉXIME DE PAGAMENTO:

O contrato aboabase por mensualidades fixas concertadas calculadas a partires da división entre 12 meses do importe anual da adxudicación, incluíndo o IVE correspondente.

O adxudicatario presentará anualmente un informe dos custos reais do servizo do ano anterior, de forma que queden reflectidas todas as posibles variacións producidas polas modificacións realizadas no contrato nese intervalo de tempo. O informe deberá incluír unha proposta de regularización dos importes aboados. O adxudicatario deberá presentar o informe de regularización nun prazo máximo de 90 días despois da finalización de cada ano de contrato.

A proposta de regularización incluírá separadamente os consumos reais de tipo variable e os custos fixos dos servizos.

Este informe, unha vez validado e comprobado polo responsable municipal do contrato, xerará un expediente de proposta de regularización que se someterá a aprobación da Xunta de Goberno Local e que, segundo o caso, poderá supoñer un aboamento ou reintegro das cantidades regularizadas nun pago único.

O Concello resérvase a opción de solicitar o informe de regularización e proceder o trámite da mesma se o cre preciso por mor do volume ou natureza das modificacións realizadas.

Durante o período de transición os pagamentos terán en conta as condicións sobre a regulación do procedemento de cambio de operador do apartado 5.4 do PPT.”

O custo anual do contrato ofertado polo adxudicatario, que contén un custo fixo e outro variable, ascendeu a **522.141,92** euros (IVE incluído), o que supuxo unha facturación mensual de **43.511,83** euros para os cinco anos do contrato.

Así mesmo, debe terse en conta a ampliación para continuidade do contrato por importe de 34.809,45 € (IVE incluído).

Segundo a proposta de regularización anual de data 26 de setembro de 2025 con número de documento 250265610 realizada polo adxudicatario e anexada o expediente, e unha vez realizados os análises e comprobación da facturación, por parte do servizo de Administración Electrónica, resulta a seguinte regularización para o Concello de Vigo:

Segundo os custos sexan fixos ou variables (importes sen IVE)

	Importe ANUAL oferta inicial – importe ABONADO	Importe real 1º ano	Importe real 2º ano	Importe real 3º ano	Importe real 4º ano	Importe real 5º ano	Diferenza 5º ano importe real– importe abonado
Custos Fixos	431,522.25	445,912.26	446,427.62	443,032.22	464,855.70	443,984.13	12,461.88
Custos variables (chamadas voz)	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00
Custos variables (SMS)	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0,00	0,00
Total	431,522.25	445,912.26	446,427,62	443,032.22	464,855.70	443,984.13	12,461.88

En resume:

	Custo anual		
Facturación concertada abonada total 2023-24	431,522.25 €		

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 5 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Custo real 2023-24	443.984,13 €	IVE 21%	Total Regularización
Diferencia	12.461,88 €	2.615,99 €	15.078,87 €

A diferencia das modificacións aprobadas (**8.846,28 €**) e a regularización real (**12.461,88 €**), **datos sen IVE**, débese á estimación anualizada das altas e baixas fronte ao rateo real segundo a data efectiva das súas realizacións.

A continuación achéganse as porcentaxes de modificación do contrato debidas á **regularización real**

Regularización	Total € (SEN IVE) custos reais	Porcentaxe da modificación sobre 1 ano do contrato	Porcentaxe da modificación sobre o total dos 5 anos do contrato	Porcentaxe da modificación sobre o total dos 5 anos do contrato e a ampliación do mesmo
2019-2020	14.390,01 €	3,33 %	0,67 %	0,66 %
2020-2021	14.905,37 €	3,45 %	0,69 %	0,68 %
2021-2022	11.509,97 €	2,67 %	0,53 %	0,53 %
2022-2023	33.333,45 €	7,72 %	1,54 %	1,52 %
2023-2024	12.461,88 €	2,89 %	0,58 %	0,57 %
Acumulado 2019-2024			4,01 %	3,96 %

A porcentaxe da modificación real do quinto ano de contrato supón **2,89 %** sobre o custo total do quinto ano de contrato e dun **0,58 %** do importe total dos 5 anos. O acumulado nos cinco anos é do **4,01%** (3,96% tendo en conta a ampliación) inferior o total das modificacións máximas permitidas do 20%.

A empresa adxudicataria, UTE Telefónica de España S.A.U - Telefónica Móviles España S.A.U. - Telefónica IoT & Big Data Tech, S.A.U. (CIF: U88406228) é conforme coa regularización por un importe total de **15.078,87 €**, (**12.461,88 € + 2.615,99 € correspondente o IVE 21%**) segundo a citada proposta de regularización que se anexa ao expediente.

Non obstante, tal e como dispón o artigo 88.4 da Lei do imposto sobre o valor engadido (LIVA) sobre a repercusión do imposto:

"(...) Cuatro. Se perderá el derecho a la repercusión cuando haya transcurrido un año desde la fecha del devengo."

Así mesmo a Consulta Vinculante V1435-21 de 17 de maio de 2021 dispón que:

"(...) en la medida en que la entidad consultante no hubiera procedido a repercutir la cuota del Impuesto sobre el Valor Añadido correspondiente a las operaciones objeto de consulta en el plazo máximo de un año desde su devengo, tal y como parece deducirse del escrito de consulta, la misma habría perdido el derecho a su repercusión al destinatario, sin perjuicio de la procedencia y la declaración e ingreso de la cuotas devengadas conforme a derecho"

Polo tanto, a adxudicataria deberá ter en conta que transcorrido o prazo de un ano dende o devengo, non poderá repercutir o IVA ao cliente, o concello, na súa factura, aínda que deba proceder ao seu ingreso. O concello procederá ao abono do importe correspondente á base imponible por 12.461,88 €.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 6 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

Por todo o exposto, no uso da competencia que me atribúe o artigo 127.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e en virtude das resolucións da Alcaldía de datas 19.06.2023 e 20.06.2023, así como dos acordos da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023 e 28.07.2023 e modificacións posteriores, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte:

ACORDO

1. A Xunta de Goberno Local dáse por enterada das modificacións aprobadas pola concelleira delegada de Administración Electrónica en relación ao contrato “Servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo” entre o 01/07/2023 e o 24/07/2024, por unha cantidade anualizada de **8.846,28 € sen IVE**.
2. Aprobar a regularización do custo do contrato do “Servizo integral de comunicacións do concello de Vigo” entre as datas 01/07/2023 e o 24/07/2024, da que deriva un gasto adicional para o Concello por importe de **12.461.88 €**. Este importe supón o 2,89 % sobre o custo total do quinto ano de contrato e do 0,57 % do importe total do contrato (Tendo en conta a ampliación para a continuidade do servizo entre o 1 e o 24 de xullo de 2024).
3. Autorizar o gasto e recoñecer a obriga de pagamento nunha factura única por un total de **12.461.88 €** a prol da empresa adxudicataria UTE Telefónica de España S.A.U - Telefónica Móviles España S.A.U. - Telefónica IoT & Big Data Tech, S.A.U. (CIF: U88406228) que se imputará á aplicación orzamentaria 9200.2220000 “servizo integral de comunicacións”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(308).- SOLICITUDE DO INCREMENTO DA ACHEGA AUTONÓMICA AO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 293252/301.

Visto o informe de fiscalización de data 21/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 15/04/2026, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, a xefa do Servizo, o asesor xurídico adxunto a Benestar social e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. O “Servizo de Axuda no Fogar” (SAF) é un servizo público, encomendado por lei autonómica ás Entidades locais, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no contorno habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou outras situacións de risco social para as que resulte un recurso idóneo.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 7 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

I.2. Na actualidade, o Concello de Vigo presta o SAF con persoal técnico e administrativo propio e mediante o contrato de servizos adxudicado pola Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria do 31.10.2025 á entidade “GRUPO PROBISER, S.L.U.”, subscrito entre as partes en data 29.12.2025 cun prezo total de 47.183.385,60 € (IVE incl.) e un prezo/hora resultante de asistencia domiciliar de 23,59€/h, IVE incl.

O financiamento actual da Xunta de Galicia e o Goberno de España, Administracións que ostentan a competencia de financiamento deste servizo por mor da L.39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, é de 12€/h.

I.3. O 05.02.2026 asinouse entre o Presidente da Xunta e o Presidente da FEGAMP o “Acordo entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias en relación a melloras no financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF)”, no que se fixou unha actualización das achegas da Admón autonómica, co cofinanciamento do Goberno de España, ó financiamento do SAF de 16€/h en 2026 (con efectos retroactivos do 01.01.2026), de 17€/h en 2027 e de 18€/h en 2028 (ata o 31.12.2028); sen prexuízo dos posibles incrementos no período 2026-2028 e do compromiso de revisar o acordado para aplicar os prezos actualizados nos anos 2029 e seguintes, considerando a obriga de financiamento do 100% polo Estado, a CA de Galicia e o copagamento das persoas usuarias, de acordo coa L.39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

I.4. No Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 58, do 27 de marzo de 2026, publicouse a ORDE da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia do 26 de marzo de 2026 pola que se actualiza o módulo de financiamento do SAF a persoas en situación de dependencia. Entrou en vigor ó día seguinte da súa publicación no DOG (Disp. derradeira segunda).

I.5. Dispón o seu Art 2 que as Corporacións Locais, dentro do prazo máximo dun (1) mes desde a entrada en vigor desa ORDE deberán manifestar á Consellería competente da Xunta de Galicia en materia de servizos sociais (Consellería de Política Social e Igualdade), mediante o escrito recollido no seu Anexo, “a súa vontade de acollerse ao incremento da achega autonómica previsto no segundo parágrafo do número 1 da letra A) do anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento”.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- ROF (RD.2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 8 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- TRLRFL (RDLEX. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Vigo (BOP nº 14 do 22/01/2010).
- D.99/2012, do 16 de marzo, da *Consellería de Traballo e Benestar*, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Decreto 149/2013, do 5 de setembro, da *Consellería de Traballo e Benestar*, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.
- Orde da *Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar* da Xunta de Galicia do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda a domicilio.
- Orde da *Consellería de Política Social e Xuventude* da Xunta de Galicia do 2 de xuño de 2023 pola que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia.
- Orde da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia do 26 de marzo de 2026 pola que se actualiza o módulo de financiamento do Servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia.

III. INFORME

III.1. A precitada ORDE da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia do 26 de marzo de 2026 modifica o anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e establece que a achega da Xunta (e o Goberno de España), para o cofinanciamento do SAF será igual á diferenza entre o custo do servizo, declarado pola corporación local na xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais máis recente dispoñible ("*Plan Concertado*"), menos o importe da participación da persoa usuaria no custo do servizo, por hora efectiva de atención xustificada a persoas con programa individual de atención de SAF.

III.2. A achega da Xunta de Galicia e o Goberno de España, por cada hora efectiva de atención xustificada a persoas con programa individual de atención de SAF será dun máximo de 12 €/hora. Adicionalmente, a achega das administracións competentes no financiamento (Comunidade Autónoma e Goberno de España), incrementárase en 4 €/hora durante a anualidade 2026; 5 €/hora durante a anualidade 2027 e 6 €/hora durante a anualidade 2028 e seguintes, para aquelas corporacións locais que presten o servizo en

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 9 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

condicións de estandarización e homoxeneidade e manifesten a súa vontade de acollerse a este incremento.

III.3. Para os anteriores efectos as Corporacións Locais, dentro do prazo máximo concedido (1 mes desde a entrada en vigor da ORDE) deberán manifestar mediante o escrito recollido no Anexo, *“a súa vontade de acollerse ao incremento da achega autonómica previsto no segundo parágrafo do número 1 da letra A) do anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento”* (Art. 2 ORDE e Anexo).

III.4. En principio, considérase conveniente para os intereses municipais acollerse ó incremento da achega das administracións competentes no financiamento proposta para o periodo 2026-2028, sempre que:

- a) Se respecte o contido do *“Acordo entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias en relación a melloras no financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF)”*, asinado o 05 de febreiro de 2026, no que se fixou unha actualización das achegas da Admón autonómica (cos fondos aportados como copagamento polo Goberno de España) ó financiamento do SAF de 16€/h en 2026 (con efectos retroactivos do 01.01.2026), de 17€/h en 2027 e de 18€/h en 2028 (ata o 31.12.2028);
- b) Se teña en conta o custo real actual do servizo que presta o Concello de Vigo, que é de 23,59€/h, IVE incl., xa que, de tomarse en consideración o prezo anterior (16,69€/h, IVE incl.), isto suporía un infrafinanciamento no exercicio de 2026 de 1.660.936,80 € (variable en función das altas e baixas producidas).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local (Art. 127 LRBRL e Resolución da Alcaldía – Presidencia do 20.06.2023, de delegación de atribucións na XGL; Apdo. Primeiro, Pto. 1; BOPPO n.º 124, do 28.06.2023), por proposta da Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación Cidadá, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Acollerse ó incremento da achega autonómica, co copagamento realizado polo Goberno de España, ó financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) previsto no segundo parágrafo do número 1 da letra A) do anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

SEGUNDO.- Declarar que, en todo caso, o financiamento adicional previsto na ORDE da Consellería de Política Social e Igualdade do 26 de marzo de 2026 deberá ter en conta o custo efectivo actual do servizo prestado polo Concello de Vigo (23,59€/h, IVE incl.) e respectar o contido do *“Acordo entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 10 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

Municipios e Provincias en relación a melloras no financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF)”, asinado o 05 de febreiro de 2026 entre o Presidente da Xunta e o Presidente da FEGAMP, no que se fixou unha actualización das achegas da Admón autonómica (coas achegas do copagamento do Goberno de España) ó financiamento do SAF de 16€/h en 2026 (con efectos retroactivos do 01.01.2026), de 17€/h en 2027 e de 18€/h en 2028 (ata o 31.12.2028), sen prexuízo dos posibles incrementos no período 2026-2028 e do compromiso de revisar o acordado para aplicar os prezos actualizados nos anos 2029 e seguintes.

TERCEIRO.- Manifestar que o Concello de Vigo presta o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) nas condicións de estandarización e homoxeneidade requiridas para acceder ó incremento da achega autonómica previsto na ORDE da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia do 26 de marzo de 2026 pola que se actualiza o módulo de financiamento do Servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia (DOG) nº 58, do 27.03.2026)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(309).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE LICENCIAS DO SISTEMA INCLUSIVO DE AXUDA Á CONSULTA DE INFORMACIÓN EN SOPORTES URBANOS (QR INVIDENTES). EXPTE. 10771/113.

Visto o informe de fiscalización do 21/04/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación do 16/04/2026, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de licencias do sistema inclusivo de axuda á consulta de información en soportes urbanos (QR invidentes) (10771-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 11 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de licencias do sistema inclusivo de axuda á consulta de información en soportes urbanos (QR invidentes) (10771-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de febreiro de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro dun sistema de marcadores visuais (códigos de cores) e unha aplicación móbil, e os servizos complementarios necesarios, que actúen conxuntamente como un avanzado sistema de orientación e acceso á información para persoas con discapacidade visual, que proverá dun mínimo de 190 códigos e a posibilidade de ampliar ese número segundo necesidades, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 14/08/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 06/11/2025 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 06/11/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade da mesma data.

- Memoria económica do contrato de data 02/12/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 13/01/2026 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 20/01/2026, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 06/02/2026.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 37.275,00 €, que inclúe un IVE de 6.469,21 €, dende o 1 de marzo de 2026, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida/Proxecto	Base	IVE	TOTAL
2026	LICENCIAS DE PRODUCTOS INFORMÁTICOS	9207.2090000	30,805.79 €	6,469.21 €	37,275.00 €
Total			30.805,79 €	6.469,21 €	37.275,00 €

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de 15.975,00 €, que inclúe un IVE de 2.772,53 €, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida/Proxecto	Base	IVE	TOTAL
2027	LICENCIAS DE	9207.2090000	4,731.40 €	993.60 €	5,725.00 €





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

Exercicio	Concepto	Partida/Proxecto	Base	IVE	TOTAL
	PRODUCTOS INFORMÁTICOS				
2027	MANTEMENTO SOFTWARE	9207.2279902	8,471.07 €	1,778.93 €	10,250.00 €
Total			13.202,47 €	2.772,53 €	15.975,00€

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 26 de marzo de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación do subministro de licencias do sistema inclusivo de axuda á consulta de información en soportes urbanos (QR invidentes) (10771-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	NAVILENS TECH, SL	100

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAVILENS TECH, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAVILENS TECH, SL, o día 26 de marzo de 2026, que presenta a documentación requirida o 7 de abril, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura o obxecto social e que a empresa non está incurso en prohibición de contratar.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 13 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- A escritura de constitución de NUEVOS SISTEMAS TECNOLÓGICOS, SL e os estatutos, a escritura de cambio de denominación social (NAVILENS TECH, SL) e a escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (37.275 euros), presentan as contas e a declaración do IVE do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (37.275 euros), presentan declaración e facturas nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Solicitude de retención do importe da garantía definitiva no prezo do contrato.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 16 de abril de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NAVILENS TECH, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NAVILENS TECH, SL, de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 23 de marzo de 2026 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 26 de marzo, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 14 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a NAVILENS TECH, SL o procedemento aberto para a contratación do subministro de licencias do sistema inclusivo de axuda á consulta de información en soportes urbanos (QR invidentes) (10771-113) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo máximo do contrato é de 53.250 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.241,74 euros, cunha porcentaxe de desconto sobre os prezos unitarios establecidos no apartado 3.H) do Anexo I -FEC- do PCAP:*
 - *Alta licenciamiento: 3%*
 - *Alta novo código: 3%*
 - *Mantemento anual de 190 códigos: 3%*
 - *Alta integración API: 1%*
 - *Mantemento novo código: 3%*
- b) *Incrementa a capacidade do sistema para ser detectado a >10 m e con ángulos superiores a 100º en 160 graos.*
- c) *Tempo medio de detección < 0,5 segundos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(310).- DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO PARA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE MELLORA PAISAXÍSTICA E AMBIENTAL DO CASCO HISTÓRICO DE BOUZAS (PRTR – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATIONEU). EXPTE. 2451/441.

Sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 16/04/2026, que di o seguinte:

11. Propostas de adxudicación

- a) Procedemento aberto para contratación das obras do proxecto de mellora paisaxística e ambiental do casco histórico de Bouzas (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (2451-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 15 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para contratación das obras do proxecto de mellora paisaxística e ambiental do casco histórico de Bouzas (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (2451-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 12 de decembro de 2025 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, das obras do proxecto de mellora paisaxística e ambiental do casco histórico de Bouzas (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (2451-441).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 15 de decembro de 2025, rematando o prazo de presentación de ofertas o 13 de xaneiro de 2026.

Terceiro.- A Mesa de Contratación, na sesión do 22 de xaneiro de 2026, acordou admitir neste procedemento a ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL e MIGUEL ÁNGEL GULLÓN FERNÁNDEZ.

Cuarto.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 20 de febreiro de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para contratación das obras do proxecto de mellora paisaxística e ambiental do casco histórico de Bouzas (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (2451-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ORESAS CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, SL	80.07
2	MIGUEL ÁNGEL GULLÓN FERNÁNDEZ	65,24



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 16 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 19 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Quinto.- Esta resolución foi notificada a ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, SL o 23 de febreiro de 2026. En vista da documentación presentada, revisada a mesma, a Mesa de Contratación acordou, en data 18 de marzo de 2026, entender retirada a súa oferta ao abeiro do previsto no artigo 150 da LCSP e, ao mesmo tempo, requirir ao licitador clasificado en segundo lugar, MIGUEL ÁNGEL GULLÓN FERNÁNDEZ, para que presentara, no prazo de dez días hábiles, a documentación establecida do artigo 150 da LCSP.

Sexto.- En data 3 de abril de 2026, MIGUEL ÁNGEL GULLÓN FERNÁNDEZ presenta documentación. Revisada a mesma, a Mesa de Contratación constata que o licitador carece de solvencia económica e financeira e que non é posible, pola propia declaración realizada polo licitador e a documentación presentada, a súa emenda.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de abril de 2026 entende retirada a oferta ao abeiro do disposto no artigo 150.2 da LCSP.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 LCSP establece que non se poderá declarar deserta unha licitación existindo ofertas ou proposicións admisibles de acordo cos criterios establecidos nos pregos. A sensu contrario, a non existencia de proposicións admisibles leva á posibilidade de declaración de deserta da licitación.

No presente caso, o segundo licitador clasificado no procedemento non cumprimentou correctamente o requirimento ao que se refire o artigo 150.2 da LCSP dentro do prazo concedido para o efecto, polo que ao abeiro do disposto no referido artigo enténdese que o licitador retirou a súa oferta.

Tendo en conta que neste procedemento non hai mais licitadores clasificados, procede declarar deserta a licitación.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 17 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1.g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Cuarto.- A declaración de deserto deberá publicarse no perfil do contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Declarar deserto o procedemento aberto para contratación das obras do proxecto de mellora paisaxística e ambiental do casco histórico de Bouzas (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (2451-441) porque o segundo e último licitador clasificado no procedemento non cumprimentou correctamente o requirimento ao que se refire o artigo 150.2 da LCSP dentro do prazo concedido para o efecto, polo que ao abeiro do disposto no referido artigo enténdese que o licitador retirou a súa oferta.

Segundo.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante en aplicación do establecido no artigo 63.3 da LCSP.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(311).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DE TENIS DE MESA ILLAS CÍES PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE, CONSIDERADA DE ELITE, NA TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026. EXPTE. 25443/333.

Visto o informe xurídico de data 31/03/2026 e o informe de fiscalización do 20/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 20/03/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 18 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

a.- Con data 04.03.26 a entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES presentou a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 260053278) a solicitude de subvención polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2025-2026.

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

c.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo". Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos, entre os que se atopa o fomento ó deporte de alto nivel.

d.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada a fortalecer o apoio e a axuda ás entidades deportivas da cidade de Vigo polo desenvolvemento dos proxectos de actividade vinculados coa participación en competicións federadas de alto nivel.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 15.000,00€ prevista na partida orzamentaria 3410.4800002 a favor da entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2025-2026.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 19 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva TENIS DE MESA ILLAS CÍES conta cun equipo de elite na modalidade de TENIS DE MESA na categoría División de Honra Feminina. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honra Feminina hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2025-2026, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 20 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido na liña orientada á promoción do deporte de elite, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para a xuventude deportista, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 21 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Segundo.- Motivación

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4800002 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES durante a tempada deportiva 2025-2026 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de novembro de 2026.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 22 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Terceiro.- Proposta

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva TENIS DE MESA ILLAS CÍES para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2025-2026 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 15000 a favor da entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES co CIF: G27849090 e enderezo social en Rúa Martin Echegaray nº6 planta, 36209, segundo resulta da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 25443-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4800002 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE TENIS DE MESA ILLAS CÍES EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026 (EXPTE. 25443-333).

REUNIDOS

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024).

Doutra, Luisa Barreiro Alonso como presidenta da entidade ILLAS CÍES TENIS DE MESA CIF: G27849090 e enderezo social en Rúa Martin Echegaray nº6 planta En 36209, en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta da certificación da súa persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 25443-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 23 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar ó desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES durante a tempada 2025-2026. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría División de Honra Feminina desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2025-2026.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES impulsa e estimula a participación da mocidade no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do TENIS DE MESA en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4800002 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 15000,00€, a favor da entidade deportiva TENIS DE MESA ILLAS CÍES.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadunar á financiamento do proxecto xeral da entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES na tempada deportiva 2025-2026.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 24 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

VI.- Que a entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Estado e CCAA) e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 25443-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o TENIS DE MESA ILLAS CÍES conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de TENIS DE MESA na tempada 2025-2026.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo.

6º.- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías das equipacións de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nas equipacións de xogo.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 25 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle da imaxe institucional no terreo de xogo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES na tramitación das solicitudes relativas á realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade TENIS DE MESA ILLAS CÍES unha subvención por importe de 15000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4800002 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2025-2026.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 26 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2025-2026 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2026 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 27 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2025-2026. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 28 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2026 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención, así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 29 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Así mesmo, rexerase polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdicional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

7(312).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DE TRASNOS BEISBOL CLUB PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 30 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

DA ENTIDADE, CONSIDERADA DE ELITE, NA TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026 . EXPTE. 25416/333.

Visto o informe xurídico de data 12/02/2026 e o informe de fiscalización do 15/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 11/02/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

a.- Con data 27.01.26 a entidade TRASNOS BEISBOL CLUB presentou a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 260020973) a solicitude de subvención polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2025-2026.

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

c.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo". Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos, entre os que se atopa o fomento ó deporte de alto nivel.

d.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada a fortalecer o apoio e a axuda ás entidades deportivas da cidade de Vigo polo desenvolvemento dos proxectos de actividade vinculados coa participación en competicións federadas de alto nivel.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 31 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 18.000,00€ prevista na partida orzamentaria 3410.4890012 a favor da entidade TRASNOS BEISBOL CLUB polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2025-2026.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva TRASNOS BEISBOL CLUB conta cun equipo de elite na modalidade de BÉISBOL na categoría Liga Nacional de Primeira División. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Liga Nacional de Primeira División hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2025-2026, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade TRASNOS BEISBOL CLUB e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 32 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade TRASNOS BEISBOL CLUB para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido na liña orientada á promoción do deporte de elite, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para a xuventude deportista, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 33 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Segundo.- Motivación

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4890012 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade TRASNOS BEISBOL CLUB durante a tempada deportiva 2025-2026 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de novembro de 2026.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 34 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Terceiro.- Proposta

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva TRASNOS BEISBOL CLUB para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2025-2026 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 18000,00 € a favor da entidade TRASNOS BEISBOL CLUB co CIF: G27750645 e enderezo social en Cantabria, 210, en Vigo, CP (36206), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 25416-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890012 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE TRASNOS BEISBOL CLUB EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026 (EXPTE. 25416-333).

REUNIDOS

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024).

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 35 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Doutra, Miguel Castañal Espinosa, como presidente da entidade TRASNOS BC co CIF G27750645 e enderezo social en Rúa Cantabria, 210, (36206), en Vigo, en representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 25416-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar ó desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade TRASNOS BEISBOL CLUB durante a tempada 2025-2026. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría Liga Nacional de Primeira División desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade TRASNOS BEISBOL CLUB desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2025-2026.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade TRASNOS BEISBOL CLUB impulsa e estimula a participación da mocidade no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do BÉISBOL en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 36 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890012 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 18000,00€, a favor da entidade deportiva TRASNOS BEISBOL CLUB.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadruar á financiamento do proxecto xeral da entidade TRASNOS BEISBOL CLUB na tempada deportiva 2025-2026.

VI.- Que a entidade TRASNOS BEISBOL CLUB non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Estado e CCAA) e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 25416-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o TRASNOS BEISBOL CLUB conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade TRASNOS BEISBOL CLUB comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de BÉISBOL na tempada 2025-2026.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 37 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade TRASNOS BEISBOL CLUB na tramitación das solicitudes relativas á realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade TRASNOS BEISBOL CLUB (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade TRASNOS BEISBOL CLUB unha subvención por importe de 18.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4890012 do orzamento en vigor mediante



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 38 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2025-2026.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2025-2026 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 39 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2026 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 40 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2025-2026. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 41 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2026 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención, así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo.- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 42 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

8(313).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2026. EXPTE. 21904/77.

Visto o informe de fiscalización de data 20/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 09/04/2026, asinado pola técnica de Administración xeral e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Obxecto:

A Concellería delegada da Area de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas Empresas, Turismo e Xuventude presenta a convocatoria de **Axudas Municipais á Contratación 2026**, que se integran na liña 2.6. Atención aos colectivos e as súas necesidades sociais: emprendedores/as do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024, dando continuidade á súa actividade de fomento do emprego, como medida de apoio tanto ás empresas como ás persoas traballadoras empadroadas no Concello de Vigo sexan desempregadas ou non, favorecendo a súa inserción laboral ou a súa estabilidade no emprego, en aplicación das políticas activas de emprego desenvolvidas no seu ámbito territorial.

II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 43 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde a Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados; e sendo de especial relevancia o desenvolvemento da dimensión local da política de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

III. Beneficiarias:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 44 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomos/as) e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas emprendedoras que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as grandes empresas, as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

De conformidade co Regulamento (UE) 2023/2831, do 13 de decembro do 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE 2831, do 15 de decembro de 2023), poderán solicitar estas axudas cando se trate de axudas compatibles con outras dadas en concepto de “minimis”, por calquera Administración pública e para calquera tipo de gasto, sen superar en todo caso o límite de 300.000,00 € nun período de tres exercicios fiscais.

A persoa solicitante poderá optar a esta convocatoria de axudas nas seguintes modalidades:

A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos; como nas anteriores convocatorias, estas axudas dirixiranse a beneficiarios/as que transformen en indefinidos os contratos formalizados, xunto coas súas prórrogas, no período comprendido dende ó 1 de xullo de 2024 ata ó 30 de xuño de 2025, a persoas traballadoras, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo, atendendo ás bases e a convocatoria que se achegan no expediente.

B) Programa Contratacións: incentivos para a contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas; nesta modalidade, as axudas dirixiranse a beneficiarios/as que contraten, a persoas traballadoras desempregadas empadroadas no municipio de Vigo. Comprenderá as contratacións que se realicen dende ó 1 de xullo de 2024 ata ó 30 de xuño de 2025 e requirirá, con anterioridade á contratación, a presentación da correspondente oferta de emprego ante a Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e/ou ante o Servizo Público de Emprego (SPEG) para a selección da persoa traballadora.

C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral; beneficiarase desta axuda á solicitante que no período comprendido entre ó 1 de xullo de 2024 ata ó 30 de xuño de 2025 mellore as condicións do contrato formalizado coa persoa traballadora pola que solicita a axuda por medio do incremento da xornada laboral, pasando de tempo parcial á xornada completa; ou ben, no caso de contrato fixo discontinuo por medio do incremento a un mínimo de 9 meses a xornada completa, así como a transformación do contrato indefinido fixo discontinuo a un contrato indefinido ordinario a xornada completa

IV. Finalidade:

A presente convocatoria pretende apoiar e reforzar a empregabilidade, así como, mellorar as condicións laborais da cidadanía empadroada no Concello de Vigo, pero con especial

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 45 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

atención aos colectivos máis vulnerables no mercado laboral e con maior dificultade de acceso ao mesmo.

Atendendo á experiencia da Concellería delegada da Área de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas Empresas, Turismo e Xuventude defínense os seguintes colectivos de atención prioritaria e, por outro lado habituais nas políticas activas de emprego: mulleres, menores de 30 anos e maiores de 45 anos, persoas con diversidade funcional, persoas trans e persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social. Neste sentido as contías das axudas resultan de valorar cada unha destas situacións de xeito específico, ademais de ter presentes outros criterios, segundo o programa solicitado, como son a contratación do primeiro empregado e ser usuario da Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Asemade, nesta convocatoria mantense o incentivo ás empresas que reúnan as características de micropeme.

V. Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase, ao amparo do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, en calquera dos seus programas, no réxime de **concorrenza competitiva**, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.

VI. Contido:

As bases reflicten o contido mínimo esixido nos artigos 17 da LXS e 14 da LSG, en canto aao obxecto, requisitos das beneficiarias, procedemento de concesión, criterios obxectivos de outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade con outras subvencións, procedemento de concesión así coma órganos competentes, composición do órgano colexiado, prazo e forma de xustificación. E atenden aos principios reguladores das subvencións establecidos nos artigos 8.1 e 8.3 LXS e 5.2 LSG.

As novidades introducidas nas bases reguladoras respecto da convocatoria anterior son:

Na *Base 1ª*. distínguese entre o obxecto e a finalidade da axuda.

Na *Base 2ª*. Incorporárase a conformidade co Regulamento (UE) 2023/2831, do 13 de decembro do 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE 2831, do 15 de decembro de 2023) o que se reflicte na declaración responsable do *Anexo I*.

Na *Base 3ª*. *Apartado 3.2* modifícase a redacción do parágrafo para maior claridade na súa interpretación, o que se reflicte tamén na *Base 4ª*, *Apartados a.1, b.1 e c.1*.

Na *Base 3ª*. *Apartado 3.6* se elimina a última parte do primeiro parágrafo porque repite o texto do seguinte parágrafo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 46 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

Na *Base 4ª* o período obxecto de subvención, en todos os programas, segue o seu carácter de continuidade respecto á convocatoria que lle precede polo que se inicia desde ó 1 de xullo de 2025.

Na *base 4ª. Apartados a.2 e b.2 Tipos e contías da axuda* incorpórase o parágrafo: “A contía de subvención pola contratación dunha persoa traballadora fixa descontinua calcularase proporcionalmente ao tempo de traballo efectivo anual expresado en semanas segundo o contrato formalizado.”

Na *base 4ª. apartado b.3.2* se incorpora o *apartado g) polo que se solicita “Documentación acreditativa que reflicta o proceso de selección realizado conforme á base 4ª, apartado b.1 (documento expedido polo SPEG, declaración responsable, etc.) que xustifique o nome e apelidos e NIF/NIE da persoa traballadora seleccionada e, de ser o caso, da/s persoa/s suplente/s.”*, como información necesaria para corroborar o cumprimento do *Apartado b.1*. En consecuencia, modifica a numeración dos apartados seguintes.

- Na *base 5ª apartado 5.4.* se completa o texto para considerar os programas de axudas correspondentes.

- Na *base 5ª apartado 5.5.* se completa o texto do apartado.

- Na *base 5ª apartado 5.7.* modifícase a redacción do texto introducindo aclaracións a efectos do período temporal e do cómputo global do cadro de persoal.

- Na *base 11ª, apartado a)* no caso de perda ou reintegro total o parcial elimínase que o acordo sexa adoptado pola Xunta de Goberno Local e se engade “O órgano competente...” como xenérico para o caso de que estean as competencias delegadas.

- Na *base 15ª* faise o reparto da asignación orzamentaria 2410 4700006 Axudas á Contratación por importe de 235.000,00 € entre os montantes de cada programa de axuda tomando como referencia ó outorgamento destas axudas en convocatorias anteriores.

Actualízase o contido do *Anexo I* conforme a estas bases reguladoras e convocatoria.

En xeral, realizáronse correccións e adaptacións nalgúns parágrafos para unha maior comprensión do texto e a correspondente actualización de datas.

VII. Normativa de aplicación:

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, conforme ao disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2026 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 47 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2024, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIII. Contía total e crédito orzamentario:

Para a convocatoria do ano 2026 destas "Axudas Municipais á contratación" destínase un importe total de **235.000,00€** (douscentos trinta e cinco mil euros) que corresponde á partida orzamentaria 2410 470 00 06 denominada "Axudas á contratación" do vixente orzamento que se distribuirán segundo á modalidade de subvención:

A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos cunha contía de **135.000,00€** (cento trinta e cinco mil euros).

B) Programa Contratacións: incentivos para a contratación indefinida cunha contía de **50.000,00€** (cincuenta mil euros).

C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral cunha contía de **50.000,00€** (cincuenta mil euros)

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, denegarase as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

No suposto de renuncia ou non aceptación da subvención por parte dalgunha entidade beneficiaria e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ás actividades seguintes na orde de recepción.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 48 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, remitirase o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

IX. Publicidade:

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de "Axudas Municipais á Contratación" e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais facilitaranse na páxina web (www.vigo.org).

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

X. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

XI. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 49 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas Empresas, Turismo e Xuventude (R.A. do 25/09/2025, BOPPO nº 186, do 30/09/2025) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 235.000,00 € (douscentos trinta e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4700006 "Axudas á contratación" e dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2026.

SEGUNDO: Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma e as Bases Reguladoras das Axudas Municipais á Contratación 2026, no ámbito dos programas de apoio á inserción laboral, que se achegan no expediente.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria das "Axudas Municipais á Contratación" e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org); a publicación que determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais facilitaranse na páxina web (www.vigo.org).

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2026 BASES REGULADORAS

Índice



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 50 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.....	1
BASE 1ª. OBXECTO E FINALIDADE.....	51
BASE 2ª. BENEFICIARIAS.....	52
BASE 3ª. REQUISITOS XERAIS.....	52
BASE 4ª. PROGRAMAS DE AXUDAS.....	53
BASE 5ª. OBRIGAS.....	63
BASE 6ª: PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.....	64
BASE 7ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES.....	64
BASE 8ª. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN E CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN.....	65
BASE 9ª. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA O PAGAMENTO DA AXUDA.....	67
BASE 10ª. ALTERACIÓN DAS CONDICIÓNS DE CONCESIÓN.....	69
BASE 11ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO. RENUNCIA. RÉXIME DE INFRACIÓNS E SANCIÓNS.....	71
BASE 12ª. PUBLICIDADE.....	71
BASE 13ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.....	72
BASE 14ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN.....	73
BASE 15ª. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.....	73
BASE 16ª. DISPOSICIÓN FINAL.....	74
<i>“1. As resolucións e os actos a que se refire o artigo 112.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser impugnados enalzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou.....</i>	<i>90</i>

ANEXOS

- ANEXO I. SOLICITUDE
- ANEXO II. CONSULTA DO PADRÓN MUNICIPAL
- ANEXO III. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE INFORMACIÓN DA CONDICIÓNS DE MICROPEME
- ANEXO IV. OFERTA DE EMPREGO
- ANEXO V. RELACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS POLAS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN (P. CONTRATACIÓNS)
- ANEXO VI. INFORMACIÓN Á PERSOA TRABALLADORA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA (xustificación)

AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2026

BASES REGULADORAS

BASE 1ª. OBXECTO E FINALIDADE

Obxecto:

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 51 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

As presentes bases reguladoras e a convocatoria do programa de "AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN" no marco da actuación municipal para o ano 2026, se integran na liña 2.6. Atención aos colectivos e as súas necesidades sociais: emprendedores/as do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024; o seu obxecto é servir de estímulo ao empresariado para a contratación, favorecer a mellora das condicións e o emprego estable e de calidade das persoas traballadoras empadroadas no municipio de Vigo.

Para alcanzar o devandito obxecto desenvólvense os seguintes programas de axudas

- A. Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos
- B. Programa Contratacións: incentivos para a contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas
- C. Programa Mellora: incentivos para o incremento da xornada laboral de tempo parcial a xornada laboral a tempo completo, da duración anual do contrato fixo discontinuo, ou da transformación do contrato fixo discontinuo a un contrato indefinido a xornada completa.

Finalidade:

A finalidade principal da convocatoria é fomentar o emprego estable e de calidade das persoas traballadoras empadroadas no municipio de Vigo, outorgando especial atención ás empresas e ás persoas traballadoras máis vulnerables no mercado laboral.

Xa que logo, perséguese os seguintes obxectivos:

- Promover a estabilidade laboral e garantir a calidade do emprego no municipio.
- Incentivar o paso á modalidade indefinida dos contratos temporais existentes.
- Favorecer a inserción laboral de persoas desempregadas.
- Outorgar especial atención ás persoas traballadoras máis vulnerables no mercado laboral.

BASE 2ª. BENEFICIARIAS

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomos/as) e empresas privadas, con independencia da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas emprendedoras que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional que reúnan os requisitos e obrigas da convocatoria.

Non poderán solicitar estas axudas as grandes empresas^(*), as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

^(*) Empresa con 250 traballadores ou máis e un volume de facturación anual superior aos 50 millóns de euros ou un activo total que supera os 43 millóns de euros.

De conformidade co Regulamento (UE) 2023/2831, do 13 de decembro do 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE 2831, do 15 de decembro de 2023), poderán solicitar estas axudas cando se trate de axudas compatibles con outras dadas en concepto de "minimis", por calquera Administración pública e para calquera tipo de gasto, sen superar en todo caso o límite de 300.000,00 € nun período de tres exercicios fiscais.

BASE 3ª. REQUISITOS XERAIS

Para solicitar a subvención e obter a condición de beneficiaria da axuda se reunirán os seguintes requisitos:

- 3.1. Que o centro de traballo da persoa traballadora pola que se solicita a axuda estea no termo municipal de Vigo.
- 3.2. Acreditar que a persoa traballadora estea empadroada no Concello de Vigo antes do 1 de xaneiro de 2025.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 52 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

3.3. As condicións para o incremento da contía da axuda segundo o colectivo no que se encadre a persoa traballadora concorrerá no momento do inicio da relación laboral, da transformación do contrato temporal en indefinido ou da mellora das condicións do contrato, segundo o programa de axudas solicitado.

3.4. No poderán obter a condición de beneficiaria as persoas ou entidades, independentemente da súa forma xurídica, nas que conorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 10, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

3.5 Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma as axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.

3.6. Que se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social a empresa e as persoas promotoras; no caso das formas xurídicas SL, SLL e SA só referirase á sociedade.

Cada persoa interesada autorizará expresamente ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social que reflectirá no Anexo I. Noutro caso, presentará a correspondente certificación que acredite que está ao corrente, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

A solicitante será quen de coñecer e, de ser necesario, regularizar a súa situación para o seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social, e poder optar a esta axuda.

En calquera caso, a solicitante desta axuda autoriza á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego para a consulta e comprobación dos datos e certificados acreditativos necesarios nos departamentos administrativos responsables.

3.7. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para formalizar un convenio de colaboración, para o fomento do emprego.

BASE 4ª. PROGRAMAS DE AXUDAS

A) PROGRAMA INDEFINIDOS: INCENTIVOS PARA A TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS

a.1. Características e requisitos específicos

- Comprende a **transformación a contrato indefinido** no período comprendido **desde ó 1 de xullo de 2025 ata ó 30 de xuño de 2026** do contrato temporal previo formalizado e, de ser o caso, xunto as súas prórrogas en calquera das modalidades contractuais vixentes realizado á persoa traballadora pola que se solicita a axuda.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

- O contrato indefinido terá unha xornada laboral igual ou superior á xornada laboral do contrato temporal que lle precede; sempre que a xornada laboral do contrato indefinido sexa igual ou superior ao 50% da xornada laboral semanal establecida no convenio colectivo de aplicación.

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda estará empadroada no municipio de Vigo antes do 1 de xaneiro de 2025 e prestará servizos no mesmo.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 53 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da persoa traballadora e a duración da xornada de traballo, tal e como se especifica na *base 4ª, apartado a.2. Tipos e contías da axuda.*

a.2. Tipos e contías da axuda

TRANSFORMACIÓN DE CONTRATO TEMPORAL EN INDEFINIDO	CONTÍA
Persoa traballadora empadroada en Vigo ¹	2.000,00 €
INCREMENTO POR COLECTIVO ²	CONTÍA
• Idade menor de 30 anos ou maior de 45 anos ³	500,00 €
• Persoa con diversidade funcional ⁴	500,00 €
• Persoa trans ⁵	500,00 €
• Muller	500,00 €
• Vítima de violencia de xénero ⁶	500,00 €
Importe Máximo Total	4.500,00 €

(1) Persoas empadroadas no municipio de Vigo, antes do 01/01/2025.

(2) O incremento da axuda por colectivo será acumulativo.

(3) A idade, menor de 30 ou maior de 45 anos, deberá concorrer no momento da transformación do contrato temporal en indefinido.

(4) Persoa con diversidade funcional que teña recoñecida, pola Administración competente, unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

(5) Persoa trans acreditará a rectificación da mención relativa ao sexo ou ben o cambio de nome para a asignación dun diferente ao do sexo rexistrado ao nacer ante o Rexistro Civil.

(6) Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.

Á **persoa emprendedora autónoma e a micropeme (*)** corresponderalle unha **contía adicional de 500€** que será de aplicación unha soa vez con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades desta axuda.

DIMENSIÓN DA EMPRESA SOLICITANTE	CONTÍA
Persoa emprendedora autónoma e a micropeme ⁷	500,00 €

(7) Empresa cun persoal máximo de 9 traballadores e un volume de facturación (anual) o un activo total inferior a 2 millóns de euros.

Os importes de subvención detallados nas táboas corresponden á transformación a contratos indefinidos a xornada completa. No caso de contratos a xornada parcial o importe da subvención será proporcional á porcentaxe da xornada laboral, sempre que a súa duración sexa igual ou superior ao 50% da xornada laboral semanal establecida no convenio colectivo de aplicación.

A contía de subvención pola contratación dunha persoa traballadora fixa descontinua calcularase proporcionalmente ao tempo de traballo efectivo anual expresado en semanas segundo o contrato formalizado





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

Como caso excepcional e previa xustificación, poderase subvencionar a transformación de contratos realizados a persoas con diversidade funcional ou en situación ou risco de exclusión social cunha duración da xornada laboral inferior á establecida, sempre que sexa igual ou superior ao 30% da xornada laboral recollida no convenio colectivo de aplicación.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

a.3. Solicitud e documentación

a.3.1. Solicitud

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar a solicitude desta subvención, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica do Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A solicitude de subvención e documentación complementaria presentarase debidamente cumprimentada, mediante os modelos oficiais aprobados nestas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinaranse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

a.3.2. Documentación

Os solicitantes achegarán a documentación que se indica a continuación:

Documentación relativa á empresa:

- **Anexo I. Solicitud:** con identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e/ou unha dirección de correo electrónico para poder enviar un aviso da posta á disposición das notificacións electrónicas e coa autorización expresa para a consulta do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- **A persoa xurídica** achegará **poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en representación da entidade** de quen asina a solicitude.

No caso de **poderes mancomunados** o formulario de solicitude presentarase asinado pola persoa que teña a sinatura electrónica que representa á entidade e fará constar os datos de todas as persoas representantes.

- No caso de solicitude da axuda por medio de terceiros achegarase documento acreditativo de **autorización de representación** asinado pola persoa outorgante e pola persoa autorizada.
- **Informe de vida laboral do código de conta de cotización** onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da empresa, con data posterior á transformación do contrato temporal a indefinido para o que se solicita a subvención.
- **Anexo III. Declaración responsable de información da condición de micropeme**, se procede.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 55 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Documentación relativa a cada persoa traballadora pola que se solicita a axuda:

- Copia dos **contratos de traballo** (temporal inicial, prórrogas e transformación da modalidade de contrato a indefinido) no modelo establecido e rexistrados no Servizo Público de Emprego.

Para o contrato fixo discontinuo, no caso de que non estea especificado, indicárase o tempo de traballo efectivo anual en semanas e a xornada laboral estimada a efecto de determinar a contía da axuda.

- **Certificado e/ou documento acreditativo da pertenza da persoa traballadora a algún dos colectivos especificados na base 4, apartado a.2.** destas bases reguladoras e convocatoria.

- **Anexo II. Consulta do padrón municipal** da persoa traballadora pola que se solicita subvención ou, no seu defecto, **volante de empadramento** correspondente.

Os solicitantes obrigados polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copia electrónica da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.

- Os **anexos asinaranse electrónicamente polo representante legal da empresa antes do seu envío a través da sede electrónica.**

Excepcionalmente, a Administración requirirá a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A solicitante poderase acoller ao establecido no art. 28.2 da LPAC, no relativo ao dereito a non presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder das administracións. A administración actuante poderá consultar ou recoller estes documentos agás oposición do interesado. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible obter os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou doutros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, requiriranse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante requirirá calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta base a.5, seralle requirida á solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistido, arquivándose previa resolución segundo o establecido no artigo 68 da LPAC, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

B) PROGRAMA CONTRATACIÓN: INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS

b.1. Características e requisitos específicos

- Comprende a contratación indefinida, no período comprendido **entre o 1 de xullo de 2025 e o 30 de xuño de 2026**, de persoas traballadoras desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, empadroadas no municipio de Vigo, para prestar servizos no mesmo.

- O contrato suscrito terá unha xornada laboral superior ou igual ao 50% da xornada laboral semanal establecida no convenio colectivo de aplicación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 56 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda resultará seleccionada entre as candidaturas remitidas desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e/ou desde o Servizo Público de Emprego de Galicia polo que previo á contratación da persoa traballadora se remitirá a correspondente oferta de emprego. Se a partir da/s oferta/s de emprego presentada/s non se obtivesen candidaturas co perfil requirido, a empresa solicitante poderá contratar a unha persoa traballadora que resulte seleccionada do seu proceso de selección e cumpra cos requisitos desta convocatoria.

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá as condicións que se determinen na data do inicio do contrato polo que se solicita a axuda: estar desempregada, empadroada no Concello de Vigo antes do 1 de xaneiro do 2025 e prestar servizos no municipio.

- A contía da axuda determinarase segundo a duración do contrato, as características da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo, tal e como se especifica na *base b.2. Tipos e contía da axuda*.

- Toda contratación deberá ir precedida, inescusablemente, do procedemento de selección sinalado nestas bases.

Para as contratacións de persoal realizadas dentro do período a subvencionar e/ou previas á publicación desta convocatoria, as entidades solicitantes da axuda acreditarán o cumprimento do proceso da presentación da oferta de emprego no SPEG e/ou na Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego concorrendo, no persoal contratado, os requisitos da convocatoria.

Acreditarase cada contratación de persoal realizada dentro do período a subvencionar nesta convocatoria, por medio da presentación da oferta de emprego no SPEG e/ou na Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego debendo concorrer, en todo caso, no persoal contratado, os requisitos da convocatoria.

- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da persoa traballadora e a duración da xornada de traballo, tal e como se especifica na *base 4ª, apartado b.2. Tipos e contías da axuda*.

Quedan excluídas as contratacións indefinidas iniciais que se realicen con persoas traballadoras que nos 6 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación nos casos de sucesión de empresas previsto no art. 44 do RDL 2/2015, do 23 de outubro.

b.2. Tipos e contías da axuda

CONTRATO INDEFINIDO¹	CONTÍA
Persoa traballadora desempregada empadroada en Vigo ²	2.000,00 €
INCREMENTO POR COLECTIVO³	CONTÍA
• Primeiro empregado/a da empresa	500,00 €
• Idade menor de 30 anos ou maior de 45 anos ⁴	500,00 €
• Persoa con diversidade funcional ⁵	500,00 €
• Persoa trans ⁶	500,00 €
• Persoa pertencente a colectivo en risco ou situación de exclusión social ⁷	500,00 €
• Muller	500,00 €

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 57 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

• Vítima de violencia de xénero ⁸	500,00 €
• Participante de programa da concellería	500,00 €
Importe Máximo Total	6.000,00 €

(1) Para o contrato fixo discontinuo, no caso de que non estea especificado, indicárase o tempo de traballo efectivo anual en semanas e a xornada laboral estimada a efecto de determinar a contía da axuda.

(2) Persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego e empadroadas no municipio de Vigo, antes do 01/01/2025.

(3) O incremento da axuda por colectivo será acumulativo.

(4) A idade, menor de 30 ou maior de 45 anos, deberá concorrer no momento da formalización do contrato.

(5) Persoa con diversidade funcional que teña recoñecida, pola Administración competente, unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

(6) Persoa trans acreditará a rectificación da mención relativa ao sexo ou ben o cambio de nome para a asignación dun diferente ao do sexo rexistrado ao nacer ante o Rexistro Civil.

(7) Terán a consideración de persoas en situación ou risco de exclusión social as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da dita situación social, por concorrer algún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e deberá acreditarse de xeito documental.

(8) Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.

Toda contratación deberá ir precedida, inescusablemente, do procedemento de selección previsto conforme a Base b.1.

A **persoa emprendedora autónoma e micropeme (*)** corresponderalle unha **contía adicional de 500 €** que será de aplicación unha soa vez con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades desta axuda.

DIMENSIÓN DA EMPRESA SOLICITANTE	CONTÍA
Persoa emprendedora autónoma e micropeme ⁹	500,00 €

(9) Empresa cun persoal máximo de 9 traballadores e un volume de facturación (anual) o un activo total inferior a 2 millóns de euros.

Os importes de subvención detallados nas táboas corresponden a contratos a xornada completa. No caso de contratos a xornada parcial o importe da subvención será proporcional á porcentaxe da xornada laboral, sempre que teñan unha duración mínima do 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio colectivo de aplicación.

A contía de subvención pola contratación dunha persoa traballadora fixa discontinua calcularase proporcionalmente ao tempo de traballo efectivo anual expresado en semanas segundo o contrato formalizado.

Como caso excepcional e previa xustificación, poderase subvencionar a transformación de contratos realizados a persoas con diversidade funcional ou en situación ou risco de exclusión social cunha duración da xornada laboral inferior á establecida, sempre que sexa igual ou superior ao 30% da xornada laboral recollida no convenio colectivo de aplicación.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 58 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

b.3. Solicitud e documentación

b.3.1. Solicitud

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar a solicitude desta subvención, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica do Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A solicitude de subvención e documentación complementaria presentarase debidamente cumprimentada, mediante os modelos oficiais aprobados nestas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinaranse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

b.3.2. Documentación

Os solicitantes achegarán a documentación que se indica a continuación:

a) **Anexo I. Solicitud:** con identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e/ou unha dirección de correo electrónico para poder enviar un aviso da posta á disposición das notificacións electrónicas e coa autorización expresa para a consulta do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

b) A **persoa xurídica** achegará **poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en representación da entidade** de quen asina a solicitude.

No caso de **poderes mancomunados** o formulario de solicitude presentarase asinado pola persoa que teña a sinatura electrónica que representa á entidade e fará constar os datos de todas as persoas representantes.

c) No caso de solicitude da axuda por medio de terceiros achegarase documento acreditativo de **autorización de representación** asinado pola persoa outorgante e pola persoa autorizada.

d) **Anexo II. Consulta do padrón municipal** da persoa traballadora pola que se solicita subvención ou, no seu defecto, **volante de empadramento** correspondente.

e) **Anexo III. Declaración responsable de información da condición de micropeme**, se procede.

f) **Anexo IV. Oferta de emprego** presentada ante o **Concello de Vigo e/ou Ficha de oferta de emprego** presentada ante o **SPEG** con data anterior á contratación da persoa traballadora e a presentación da solicitude da axuda en cumprimento da **base b.1**.

g) **Documentación acreditativa que reflecta o proceso de selección realizado** conforme á **base 4ª, apartado b.1** (documento expedido polo SPEG, declaración responsable, etc.) que xustifique o nome e apelidos e NIF/NIE da persoa traballadora seleccionada e, de ser o caso, da/s persoa/s suplente/s.

h) **Anexo V. Relación de persoas traballadoras polas que se solicita subvención.**

i) Para o contrato fixo discontinuo, no caso de que non estea especificado, indicarse o tempo de traballo efectivo anual en semanas e a xornada laboral estimada a efecto de determinar a contía da axuda.

j) **Certificado e/ou documento acreditativo da pertenza** da persoa traballadora a **algún dos colectivos especificados na base b.2.** destas bases reguladoras e convocatoria.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 59 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Os solicitantes obrigados polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.
- Os anexos **asinaranse electrónicamente polo representante legal da empresa antes do seu envío a través da sede electrónica.**

Excepcionalmente, a Administración requirirá a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A solicitante poderase acoller ao establecido no art. 28.2 da LPAC, no relativo ao dereito a non presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder das administracións. A administración actuante consultará ou recollerá estes documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible obter os documentos electrónicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, requiriranse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante requirirá calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta base b.5, requirirase á solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, en caso de non facelo, teráselle por desistido, arquivándose previa resolución segundo ao establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

C) PROGRAMA MELLORA: INCENTIVOS PARA A MELLORA DA ESTABILIDADE LABORAL

c.1. Características e requisitos específicos

- Comprende a axuda para a mellora da estabilidade laboral que se produza, no período comprendido desde o **1 de xullo de 2025 ata o 30 de xuño de 2026**, a través das seguintes opcións:

- o incremento de xornada laboral do contrato formalizado de tempo parcial a tempo completo conforme o correspondente convenio colectivo de aplicación.
- o incremento da duración anual do contrato fixo-descontinuo a un mínimo de 9 meses a xornada completa.
- A transformación do contrato indefinido fixo descontinuo nun contrato indefinido a xornada completa.

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda estará empadroada no Concello de Vigo antes do 1 de xaneiro de 2025, e prestará servizos no municipio.

- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da persoa traballadora, tal e como especifica a *base 4ª*, apartado *c.2. Tipos e contías da axuda*.

c.2. Tipos e contías da axuda

PROGRAMA MELLORA	CONTÍA
------------------	--------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 60 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

Persoa traballadora empadroada en Vigo ¹	2.000,00 €
INCREMENTO POR COLECTIVO²	CONTÍA
• Primeiro empregado/a da empresa	500,00 €
• Idade menor de 30 anos ou maior de 45 anos ³	500,00 €
• Persoa con diversidade funcional ⁴	500,00 €
• Persoa trans ⁵	500,00 €
• Persoa pertencente a colectivo en risco ou situación de exclusión social ⁶	500,00 €
• Muller	500,00 €
• Vítima de violencia de xénero ⁷	500,00 €
Importe Máximo Total	5.500,00 €

(1) Persoa empadroada no municipio de Vigo, cando menos, antes do 01/01/2025.

(2) O incremento da axuda por colectivo será acumulativo.

(3) A idade, menor de 30 ou maior de 45 anos, deberá concorrer no momento da formalización do contrato.

(4) Persoa con diversidade funcional que teña recoñecida, pola Administración competente, unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

(5) Persoa trans acreditará a rectificación da mención relativa ao sexo ou ben o cambio de nome para a asignación dun diferente ao do sexo rexistrado ao nacer ante o Rexistro Civil.

(6) Terán a consideración de persoas en situación ou risco de exclusión social as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da dita situación social, por concorrer algún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e deberá acreditarse de xeito documental.

(7) Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.

A **persoa emprendedora autónoma e micropeme (*)** corresponderalle unha **contía adicional de 500€** que será de aplicación unha soa vez con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades desta axuda.

DIMENSIÓN DA EMPRESA SOLICITANTE	CONTÍA
Persoa emprendedora autónoma e micropeme ⁸	500,00 €

(8) Empresa cun persoal máximo de 9 traballadores e un volume de facturación (anual) o un activo total inferior a 2 millóns de euros.

Como caso excepcional e previa xustificación, poderase subvencionar a mellora de contratos realizados a persoas con diversidade funcional ou en situación ou risco de exclusión social cunha duración da xornada laboral inferior á establecida, sempre que sexa igual ou superior ao 30% da xornada laboral recollida no convenio colectivo de aplicación.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 61 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

c.3. Solicitud e documentación

c.3.1. Solicitud

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar a solicitude desta subvención, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica do Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A solicitude de subvención e documentación complementaria presentarase debidamente cumprimentada, mediante os modelos oficiais aprobados nestas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinaranse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

c.3.2. Documentación

Os solicitantes achegarán a documentación que se indica a continuación:

Documentación relativa á empresa:

a) **Anexo I. Solicitud:** con identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e/ou unha dirección de correo electrónico para poder enviar un aviso da posta á disposición das notificacións electrónicas e coa autorización expresa para a consulta do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

b) A **persoa xurídica** achegará **poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en representación da entidade** de quen asina a solicitude.

No caso de **poderes mancomunados** o formulario de solicitude presentarase asinado pola persoa que teña a sinatura electrónica que representa á entidade e fará constar os datos de todas as persoas representantes.

c) No caso de solicitude da axuda por medio de terceiros achegarase documento acreditativo de **autorización de representación** asinado pola persoa outorgante e pola persoa autorizada.

d) **Informe de vida laboral do código de conta de cotización** onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da empresa, con data posterior á mellora do contrato para o que se solicita a axuda.

e) **Anexo III. Declaración responsable de información da condición de micropeme**, se procede.

Documentación relativa a cada persoa traballadora pola que se solicita a axuda:

f) Copia do **contrato de traballo vixente** e, de ser o caso, das súas prórrogas rexistrados no Servizo Público de Emprego, e do **documento acreditativo do incremento da xornada laboral, da duración do contrato fixo-descontinuo ou da transformación a contrato indefinido a xornada completa**.

g) **Certificado e/ou documento acreditativo da pertenza** da persoa traballadora a **algún dos colectivos especificados na base 4ª, apartado c.2.** destas bases reguladoras e convocatoria.

h) **Anexo II. Consulta do padrón municipal** da persoa traballadora pola que se solicita subvención **ou**, no seu defecto, **volante de empadramento** correspondente



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 62 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

Os solicitantes obrigados polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.

- Os **anexos asinaranse electrónicamente polo representante legal da empresa antes do seu envío a través da sede electrónica.**

Excepcionalmente, a Administración requirirá a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A solicitante poderase acoller ao establecido no art. 28.2 da LPAC, no relativo ao dereito a non presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder das administracións. A administración actuante poderá consultar ou recoller estes documentos agás oposición do interesado. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible obter os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou doutros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, requiriranse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante requirirá calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta *base a.5.* seralle requirida á solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistido, arquivándose previa resolución segundo o establecido no artigo 68 da LPAC, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

BASE 5ª. OBRIGAS

Serán obrigas das persoas e/ou empresas beneficiarias da subvención, ademais das previstas nestas bases reguladoras e das sinaladas nos artigos 14 LXS e 11 LSG, as que seguen:

5.1. De ser o caso, acreditar a pertenza da persoa traballadora a algún dos colectivos especificados nos apartados a.2, b.2 e c.2 para o incremento da axuda.

5.2. Comunicar ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.

5.3. Manter a xornada de traballo da persoa empregada pola que se lle concedeu a subvención. Para os casos de xornada parcial poderase incrementar a devandita xornada, ao abeiro do establecido na lexislación laboral. Igualmente, conforme á *base 10ª*, no caso de producirse a substitución de traballadores manterase ou incrementarase a xornada pactada para a persoa traballadora substituta.

5.4. Formalizar o contrato de traballo ou a transformación da modalidade de contrato por escrito.

5.5. Manter á persoa contratada no seu cadro de persoal durante un período mínimo de dous anos desde o inicio do contrato, da transformación do contrato temporal ao indefinido ou desde a mellora das condicións ou, de ser ao contrario, cumprir coas condicións establecidas na *base 10ª*.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 63 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

5.6. Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

5.7. O cómputo global do cadro de persoal do empresario beneficiario deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, salvo causa xustificada (xubilación, incapacidade permanente, falecemento ou baixa voluntaria de persoas traballadoras non subvencionadas), polo menos ao longo do período que dea cumprimento ao apartado 5.5.

5.8. As persoas traballadoras por cuxa contratación se conceda a subvención serán informados de xeito expreso, preciso e inequívoco a partir da recepción dos seus datos persoais, do tratamento dos mesmos polo Concello de Vigo, responsable do tratamento; da finalidade da súa obtención; do empresario que facilitou estes datos; do seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao seu honor, intimidade persoal e imaxe e da posibilidade de exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento da información nos termos previstos na LO 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

5.9. Para os efectos de difusión pública deberá figurar de forma visible, cartel informativo no que constará o financiamento do Concello de Vigo, segundo o modelo normalizado subministrado pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego e deberá manterse exposto ata ó 31 de xuño de 2027.

5.10. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.

5.11. Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a esta e a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

BASE 6ª: PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente iniciárase a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, **ata ó 17 de xullo de 2026**.

BASE 7ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Exclúense dos beneficios establecidos nestas bases as seguintes circunstancias:

- As relacións contractuais que se formalicen cos socios que posúan máis do 33% do capital social en empresas que revistan a forma xurídica de sociedade mercantil, así como as que se subscriban con algún dos membros da Comunidade de bens ou da sociedade civil solicitante.
- Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do/a empresario/a individual, e as súas análogas no caso de parellas de feito, ou dos/as que ocupen cargos de dirección ou sexan membros de órganos de administración das empresas que revistan forma xurídica de sociedade. Non será de aplicación esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma sen asalariados e contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos/as menores de 30 anos, tanto se conviven con ela coma se non.
- Contratacións realizadas por empresas de traballo temporal para a posta a disposición da persoa contratada en empresas usuarias.
- No Programa Contratacións, as contratacións indefinidas iniciais que se realicen con persoas traballadoras que nos 6 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 64 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

carácter temporal. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación nos casos de sucesión de empresas previsto no art. 44 do RDL 2/2015, do 23 de outubro.

Estas axudas serán incompatibles con outras, que por eses conceptos, poidan outorgar outras entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, como medida de fomento do emprego. Aínda que serán compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social.

Son compatibles cada unha das modalidades de axuda sempre que non se solicite para a mesma persoa traballadora.

As entidades beneficiarias comunicarán ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación efectuarase no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

BASE 8ª. PROCEDemento DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN E CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN

8.1. Instrución e tramitación das axudas

➤ O procedemento para a concesión destas subvencións iníciase de oficio tras a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local e a publicación das presentes bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

Dado o interese público, económico e social, derivado das particulares circunstancias económicas e sociais do colectivo de persoas traballadoras desempregadas, destinatarias finais destas axudas e ao abeiro do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, estas subvencións, en calquera dos seus programas, outorgaranse no réxime de concorrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas ou entidades beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.

➤ A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

➤ A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

➤ Os trámites administrativos do presente procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e para todos aqueles que voluntariamente opten por esta vía.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse ás interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 65 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista da cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local.
- En previsión do artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, o expediente de concesión de subvencións contera o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.
- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da súa solicitude e será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.
- O prazo para resolver será, como máximo, de nove meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.
- Transcorrido o devandito prazo de nove meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Contra a desestimación expresa do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.
- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será obxecto de **publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPAC.**

Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

A beneficiaria da axuda está obrigada, **no prazo de dez días a contar desde o día seguinte ao da súa publicación** a comunicar á unidade Desenvolvemento Local e Emprego a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada. Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da **documentación para a xustificación da subvención**, no prazo sinalado de conformidade coa **base 9ª**.

O prazo máximo para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a axuda e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos será ata o 30 de outubro de 2026.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 66 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

8.2. Comisión de Valoración e Seguimento

A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas realizarase pola **Comisión de Valoración e Seguimento**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- Presidente: A/o concelleira/o delegada/o da Área de Emprego ou concelleiro/a en quen delegue.
- Vogais: - A xefatura do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, que actuará como secretaria/o.
- Un/Unha técnico/a da unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

A comisión contará co voto de calidade da/o concelleira/o, que será resolutivo.

A/O concelleira/o delegada/o da área resolverá o nomeamento dos/as titulares e suplentes da referida comisión.

A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión poderá requirirle á beneficiaria a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións polas que se lle concedeu a subvención.

8.3. Criterios obxectivos de adxudicación

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas será en réxime de **concorrenza competitiva**, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será unicamente temporal, outorgándose as subvencións segundo a orde de entrada, sempre que as entidades beneficiarias reúnan os requisitos determinados nestas Bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario para iso.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

BASE 9ª. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA O PAGAMENTO DA AXUDA

A beneficiaria da axuda está obrigada, **no prazo de dez días** a contar desde o día seguinte ao da súa publicación a comunicar á unidade Desenvolvemento Local e Emprego a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada. Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da seguinte **documentación para a xustificación da subvención**, segundo o programa que corresponda e no prazo sinalado:

A) PROGRAMA INDEFINIDOS

1. **Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa** solicitante onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da empresa, **con data posterior á concesión da axuda.**
2. **Anexo VI. Información á persoa traballadora da subvención concedida.**

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 67 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. **Fotografía do cartel** informativo da subvención colocado nun lugar visible do seu local. A Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego subministrará o cartel informativo que manterase exposto cando menos ata ó 31 de xuño do 2027.

B) PROGRAMA CONTRATACIÓNS

- **Copia do contrato de traballo** no modelo que se estableza e rexistrado no SPEG.
- **Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa** solicitante onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da empresa, **con data posterior á concesión da axuda.**
- **Informe de Vida Laboral da persoa traballadora** obxecto da subvención con data posterior ao inicio do período de contratación.
- **Anexo VI. Información á persoa traballadora da subvención concedida.**
- **Fotografía do cartel informativo da subvención** colocado nun lugar visible do seu local. O cartel informativo será subministrado polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e deberase manter exposto cando menos ata ó 31 de xuño do 2027.

C) PROGRAMA MELLORA

1. **Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa** solicitante onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da empresa, **con data posterior á concesión da axuda.**
2. **Anexo VI. Información á persoa traballadora da subvención concedida.**
3. **Fotografía do cartel** informativo da subvención colocado nun lugar visible do seu local. A Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego subministrará o cartel informativo que manterase exposto cando menos ata ó 31 de xuño de 2027.

Para todos os programas de axuda o prazo máximo para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a axuda e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos será ata ó 30 de outubro de 2026.

A beneficiaria e, de ser o caso, os seus promotores deberán estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade non autorizou ao Concello para a súa expedición por medios telemáticos deberá achegar de novo os certificados correspondentes ou a declaración responsable naqueles supostos previstos no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

A Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego será a encargada do seguimento da execución da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, que poña de manifesto a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa adecuada



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 68 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

xustificación ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación ou desestimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

BASE 10ª. ALTERACIÓN DAS CONDICIÓNIS DE CONCESIÓN

10.1. Comunicarase o cese da actividade ou a modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude. Cando esta comunicación se produza con posterioridade á concesión da subvención, salvo causa xustificada, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato ao abeiro do disposto na base 5ª.

10.2. No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se solicita a subvención, con independencia da causa, previa ao seu outorgamento a empresa solicitante comunicará este feito no prazo de 5 días naturais desde a data do cese e procederá a desistir da súa solicitude.

10.3. No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se lle concedeu a subvención, con independencia da causa, procederase á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora, cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente e conforme ao programa de axuda solicitado:

a) PROGRAMA INDEFINIDOS:

- por medio da transformación dun contrato temporal que estivese vixente na data de baixa da persoa traballadora substituída no prazo de 10 días hábiles seguintes ao cese ou no seu defecto,
- por medio dunha contratación indefinida inicial realizada a unha persoa desempregada cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente que reúna os requisitos da presente convocatoria dentro dos 10 días hábiles seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo ás que se solicitarán previamente (conforme ao procedemento especificado na *base b.1*).

No caso de falta de candidaturas co perfil requirido para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a contratación da persoa traballadora substituta que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

b) PROGRAMA CONTRATACIÓNIS:

- por medio da incorporación dunha candidatura procedente do proceso de selección de persoal inicial, no prazo de 10 días hábiles seguintes ao cese ou, no seu defecto,
- por medio da incorporación dunha nova persoa traballadora cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente que reúna os requisitos desta convocatoria, dentro dos 10 días hábiles seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo ás que se solicitarán previamente (conforme ao procedemento especificado nestas bases reguladoras na *base b.1*).

No caso de que desde o servizo Público de Emprego de Galicia ou desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego non se subministrase candidaturas co perfil requirido para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a contratación da persoa traballadora substituta que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

c) PROGRAMA MELLORA:

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 69 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- por medio da mellora das condicións do contrato doutra persoa traballadora que estivese vixente na data da baixa da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda no prazo de 10 días hábiles seguintes ao cese, conforme á base 4ª, apartado c.1 ou no seu defecto,

- por medio da contratación dunha nova persoa traballadora desempregada cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente e condicións e características da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda que reúna os requisitos desta convocatoria dentro dos 10 días hábiles seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo ás que se solicitarán previamente (conforme ao procedemento especificado na *base b.1*).

No caso de que desde o servizo Público de Emprego de Galicia ou desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego non se subministrase candidaturas co perfil requirido para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a contratación da persoa traballadora substituta que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

A nova contratación comunicárase á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.

10.4. No suposto de **suspensión da relación laboral da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda** a beneficiaria substituirá á persoa traballadora ata a súa incorporación. A substitución realizarase por medio dunha contratación realizada a unha persoa traballadora desempregada cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente e condicións e características da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda e que reúna os requisitos desta convocatoria dentro dos 10 días hábiles seguintes á suspensión da relación laboral, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo ás que se solicitarán previamente (conforme ao procedemento especificado na *base b.1*).

No caso de que desde o servizo Público de Emprego de Galicia ou desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego non se subministrase candidatura co perfil requirido para ocupar o posto de traballo en suspensión, admitirase á empresa beneficiaria a contratación da persoa traballadora substituta que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

No caso de non producirse a reincorporación da persoa traballadora procederase segundo o suposto de extinción da relación laboral segundo o programa de axuda que corresponda ou, de ser o caso, manterase o contrato da persoa traballadora substituta.

A nova contratación comunicárase á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.

10.5. En todos os programas a beneficiaria dispón dun prazo de 5 días hábiles, desde a data de inicio do contrato da persoa traballadora substituta, sexa por cese ou por suspensión da relación laboral para **comunicar á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego a extinción ou a suspensión do contrato e a nova contratación**, e deberá acreditar:

- **Declaración responsable ou documentación acreditativa da extinción ou suspensión contractual** da persoa traballadora contratada inicialmente.
- **Informe da vida laboral completa da persoa traballadora substituta** expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación.
- **Contrato de traballo da persoa traballadora substituta** comunicado á Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego.
- **Anexo II. Consulta do padrón municipal** da persoa traballadora substituta **ou**, no seu defecto, **volante de empadramento** correspondente.
- **Anexo VI. Información á persoa traballadora substituta da subvención concedida.**

10.6. No suposto **de non proceder á cobertura da vacante da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda** reintegrarase o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva segundo o disposto na *base 11ª* e a LXS.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 70 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

BASE 11ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO. RENUNCIA. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

1. Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro

O incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera obriga, requisito, condición e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a insuficiente xustificación, así como a obtención concorrente doutras axudas incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

No caso da percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de mora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

O órgano competente que determine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á beneficiaria co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e constará informe e proposta razoada da unidade Desenvolvemento Local e Emprego.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de reintegro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

2. Renuncia

A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da correspondente renuncia cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería delegada da Área de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas Empresas, Turismo e Xuventude no vindeiro exercicio orzamentario.

3. Infraccións e sancións

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o previsto na Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

BASE 12ª. PUBLICIDADE

12.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 71 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicaranse, unha vez aprobadas, en:

- As Bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.

Estas bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

12.2. Publicidade das subvencións concedidas

Todas as axudas que se concedan publicaranse na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Editos e no portal de transparencia do Concello de Vigo, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPAC.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

12.3. Publicidade do financiamento público

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un **cartel**, de forma visible, informativo da súa participación na convocatoria de "**AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2026**" do Concello de Vigo. A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego subministrará o modelo normalizado do cartel. O cartel informativo da subvención manterase exposto, cando menos, ata ó 31 de xuño de 2027.

BASE 13ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén serán obxecto das obrigas de publicación e poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 72 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

As persoas interesadas e beneficiarias poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

BASE 14ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria rexerese polas súas Bases, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE 15ª. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

As axudas que se concedan ao abeiro destas bases e convocatoria faranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 4700006 denominada *Axudas á contratación* do vixente orzamento, por un importe total de **235.000,00 €** (douscentos trinta e cinco mil euros) que se distribuirán segundo o programa de axudas:

A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos cunha contía de **135.000,00€** (cento trinta e cinco mil euros).

B) Programa Contratacións: incentivos á contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas cunha contía de **50.000,00€** (cincuenta mil euros).

C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral cunha contía de **50.000,00€** (cincuenta mil euros).

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas dos outros programas, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, denegaranse as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

No suposto de renuncia ou non aceptación da subvención por parte dalgunha entidade beneficiaria e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ás actividades seguintes na orde de recepción.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 73 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

BASE 16ª. DISPOSICIÓN FINAL

A beneficiaria facilitará toda a información e documentación que, en relación ao expediente de subvención, lle sexa requirida pola Concellaría delegada de Emprego, Patrimonio, Educación, Tecnoloxía e Relación coas Empresas, Turismo e Xuventude así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

CONVOCATORIA DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2026

Primeiro. Obxecto e Finalidade

O Concello de Vigo convoca o programa de "AXUDAS Á MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN" no marco da actuación municipal para o ano 2026. Estas axudas se integran na liña 2.6. Atención aos colectivos e as súas necesidades sociais: emprendedores/as do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024; ao seu efecto, ten por obxecto servir de estímulo ao empresariado para a contratación, favorecer o emprego estable e de calidade das persoas traballadoras do municipio de Vigo, outorgando especial atención ás empresas e ás persoas traballadoras máis vulnerables no mercado laboral, a través dos seguintes programas de axudas:

A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos, que comprende a transformación en indefinido do contrato previo formalizado xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido **desde ó 1 de xullo de 2025 ata ó 30 de xuño de 2026** realizado á persoa traballadora empadroada no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

B) Programa Contratacións: incentivos á contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas, que comprende a contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas, inscritas como demandantes de emprego no servizo Público de Emprego, empadroadas no municipio de Vigo, para prestar servizos no mesmo. Este programa comprenderá as contratacións que se realicen **desde ó 1 de xullo de 2025 ata ó 30 de xuño de 2026** que resulten do proceso de selección entre as candidaturas remitidas desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e/ou desde o servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) aos que, previamente, se lles presentará a correspondente oferta de emprego. No caso da falta de candidaturas co perfil requirido admitirase á empresa solicitante a contratación dunha persoa traballadora que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral, que comprende a axuda no período comprendido **desde ó 1 de xullo de 2025 ata ó 30 de xuño de 2026** a través das seguintes opcións:

- o incremento de xornada laboral do contrato formalizado de tempo parcial a tempo completo, conforme o o correspondente convenio colectivo de aplicación.
- o incremento da duración anual do contrato fixo-descontinuo a un mínimo de 9 meses a xornada completa.
- A transformación do contrato indefinido fixo descontinuo nun contrato indefinido a xornada completa.

En todos os programas:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 74 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá as condicións que determinarán a contía a conceder na data da contratación, ou da transformación da modalidade de contrato, así como acreditará o seu empadramento no municipio de Vigo antes do 1 de xaneiro de 2025.
- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da empresa (micropeme), da persoa a contratar e da duración da xornada de traballo segundo o programa solicitado.
- Consideraranse as contratacións a tempo parcial sempre que teñan unha xornada laboral mínima, igual ou superior, ao 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio colectivo de aplicación.

Segundo. Beneficiarias

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomos/as) e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas emprendedoras que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as grandes empresas^(*), as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

^(*) Empresa con 250 traballadores ou máis e un volume de facturación anual superior aos 50 millóns de euros ou un activo total que supera os 43 millóns de euros.

De conformidade co Regulamento (UE) 2023/2831, do 13 de decembro do 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE 2831, do 15 de decembro de 2023), poderán solicitar estas axudas cando se trate de axudas compatibles con outras dadas en concepto de "minimis", por calquera Administración pública e para calquera tipo de gasto, sen superar en todo caso o límite de 300.000,00 € nun período de tres exercicios fiscais.

Terceiro. Réxime da convocatoria

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva

Cuarto. Normativa e Bases reguladoras

Esta convocatoria rexerese polas súas Bases, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

As Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo serán publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=es>, no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Quinto. Contía

As axudas que se concedan ao abeiro desta convocatoria faranse con cargo á *asignación orzamentaria 2410 470 00 06 denominada "Axudas á contratación"* do vixente orzamento, acadando un importe total de **235.000,00 €** (douscentos trinta e cinco mil euros) que se distribuirán segundo o programa de axudas:

- A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos** cunha contía de **135.000,00€** (cento trinta e cinco mil euros).
- B) Programa Contratacións: incentivos á contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas** cunha contía de **50.000,00€** (cincuenta mil euros).
- C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral** cunha contía de **50.000,00€** (cincuenta mil euros).

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 75 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario dispoñible e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

No suposto de renuncia ou non aceptación da subvención por parte dalgunha entidade beneficiaria e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ás actividades seguintes na orde de recepción.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente iniciárase a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, **ata ó 17 de xullo de 2026.**

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar a solicitude desta subvención, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica do Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

Sétimo. Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento e notificación

A Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego será a encargada de revisar e avaliar as solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, fará a súa proposta de outorgamento das axudas. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que a emende no prazo máximo de dez días, transcorrido o cal, terásele por desistido da súa solicitude, previa resolución.

Os trámites administrativos do presente procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e para todos aqueles que voluntariamente opten por esta vía.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 76 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

A Xunta de Goberno Local, no prazo de nove meses desde o remate do prazo de solicitude destas axudas, será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación na páxina web www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Edictos do Concello de Vigo surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPAC. As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

Oitavo. Criterios de valoración

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas será en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as beneficiarias reúnan os requisitos determinados nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.

Noveno. Outros datos

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

Os adxudicatarios das axudas terán un prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da súa notificación para presentar a documentación xustificativa da subvención e poder tramitar o seu pagamento.

Décimo. Publicación

As bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei Xeral de Subvencións, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se publicarán, unha vez aprobadas, en:

- As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO DE DD/MM/2026, POLO QUE SE CONVOCAN AS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2026

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 77 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarias

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomos/as) e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas emprendedoras que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as grandes empresas, as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

De conformidade co Regulamento (UE) 2023/2831, do 13 de decembro do 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE 2831, do 15 de decembro de 2023), poderán solicitar estas axudas cando se trate de axudas compatibles con outras dadas en concepto de "minimis", por calquera Administración pública e para calquera tipo de gasto, sen superar en todo caso o límite de 300.000,00 € nun período de tres exercicios fiscais.

Segundo. Obxecto

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo convócanse subvencións para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, do programa de "Axudas municipais á contratación" no marco da actuación municipal para o ano 2026. Estas axudas se integran na liña 2.6. Atención aos colectivos e as súas necesidades sociais: emprendedores/as do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024; ao seu efecto, ten por obxecto servir de estímulo ao empresariado para a contratación das persoas traballadoras do municipio de Vigo, favorecer o emprego estable e de calidade das persoas traballadoras do municipio de Vigo, outorgando especial atención ás empresas e ás persoas traballadoras máis vulnerables no mercado laboral, a través dos seguintes programas de axudas:

A) Programa Indefinidos, que comprenderá a transformación en indefinidos dos contratos xa formalizados xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido **desde ó 1 de xullo de 2026 ata ó 30 de xuño de 2026** realizados a persoas traballadoras empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

B) Programa Contratacións, que comprenderá a contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas, inscritas como demandantes de emprego no servizo Público de Emprego, empadroadas en Vigo, para prestar servizos no mesmo. Este programa comprenderá as contratacións que se realicen **desde ó 1 de xullo de 2025 ata ó 30 de xuño de 2026** que resulten do proceso de selección entre as candidaturas remitidas desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e/ou desde o servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) aos que, previamente, se lles presentará a correspondente oferta de emprego. No caso da falta de candidaturas co perfil requirido admitirase á empresa solicitante a contratación dunha persoa traballadora que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral, que comprende a axuda no período comprendido **desde ó 1 de xullo de 2025 ata ó 30 de xuño de 2026** a través das seguintes opcións:

- o incremento de xornada laboral do contrato, en calquera das súas modalidades, de tempo parcial a tempo completo, segundo estableza o correspondente convenio colectivo de aplicación.
- o incremento da duración anual do contrato fixo-descontinuo a un mínimo de 9 meses a xornada completa.
- a transformación do contrato indefinido fixo descontinuo nun contrato indefinido a xornada completa.

En todos os programas:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 78 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá as condicións que determinaran a contía a conceder na data da contratación ou da transformación da modalidade de contrato, así como acreditará o seu empadramento no municipio de Vigo antes do 1 de xaneiro de 2025.
- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da empresa (micropeme), da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo segundo o programa solicitado.
- Consideraranse as contratacións a tempo parcial sempre que teñan unha duración mínima, igual ou superior, ao 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio colectivo de aplicación.

Terceiro. Bases reguladoras

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do dd/mm/aaaa, e publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=e>.

Cuarto. Contía

As axudas que se concedan ao abeiro desta convocatoria faranse con cargo á *asignación orzamentaria 2410 470 00 06 denominada "Axudas á contratación"* do vixente orzamento, acadando un importe total de **235.000,00 €** (douscentos trinta e cinco mil euros) que se distribuirán segundo o programa de axudas:

A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos cunha contía de **135.000,00€** (cento trinta e cinco mil euros).

B) Programa Contratacións: incentivos á contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas cunha contía de **50.000,00€** (cincuenta mil euros).

C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral cunha contía de **50.000,00€** (cincuenta mil euros).

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

No suposto de renuncia ou non aceptación da subvención por parte dalgunha entidade beneficiaria e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ás actividades seguintes na orde de recepción.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente iniciárase a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, **ata ó 17 de xullo de 2026**.

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 79 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar a solicitude desta subvención, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica do Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

Sexto. Outros datos

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

As adxudicatarias das axudas terán un prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da súa notificación para presentar a documentación xustificativa da subvención e poder tramitar o seu pagamento.

9(314).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DISCIPLINARIO. EXPTE. 10/2124.

Omítese a publicación deste expediente en cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

10(315).- RESOLUCIÓN DE DOUS RECURSOS DE ALZADA INTERPOSTOS NO PROCESO SELECTIVO PARA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL (QUENDA LIBRE):OEP 2020-2021-2022. EXPTE. 46488/220.

a) RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POR JOSE MANUEL GARCIA VILLASANTE NO PROCESO SELECTIVO PARA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL (QUENDA LIBRE) CORRESPONDENTE A OEP 2020-2021-2022.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/04/2026, asinado polo secretario do órgano de selección do proceso selectivo para a provisión de prazas de auxilliar de administración xeral, que di o seguinte:

En sesión celebrada o 14 de abril do 2026 polo órgano de selección correspondente ás prazas de **AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL** (14 quenda libre) da Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022, acordouse formular a seguinte PROPOSTA á Xunta de Gobeno Local:

NORMATIVA APLICABLE

- Constitución Española de 1978
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 80 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

- Bases xerais rectoras dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 (BOPPO do 30 de agosto do 2024).
- Bases Especificas reguladoras dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 da 2ª fase(BOPPO do 13 de setembro do 2024).

ANTECEDENTES:

Primeiro.O órgano de selección encargado de xulgalas probas selectivas correspondentes ás prazas de **AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL** (14 quenda libre, catro reservadas persoas con diversidade funcional) na sesión celebrada o 6/03/2026, en relación a alegación formulada por Jose Manuel Garcia Villasante ó 1º exercicio da oposición, acordou o seguinte:

O órgano de selección acorda DESESTIMAR as alegacións presentadas, en base o seguinte:

a) Pregunta 5: Desestima a alegación presentada, xa que o tema 1 do programa específico para as prazas de Auxiliar de Administración Xeral que figura nas Bases Especificas polas que se rixe o proceso selectivo, refírese á *Constitución española de 1978: estrutura e contido*, sen que faga exclusión algunha ao seu articulado ou a título do texto constitucional, considerando, polo tanto, que a pregunta axustase ó temario

b) Pregunta 24: Desestimase a alegación. A pregunta recae sobre o tema 20 do programa específico (*A igualdade de xénero. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación*), e a Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la Igualdad Efectiva de Mujeres y Hombres, é unha norma básica e fundamental na materia, cuido coñecemento resulta indispensable, sendo a súa exposición de motivos parte do contido da lei e, polo tanto, relacionado co temario.

Acordo publicado na paxina web do concello de Vigo en data 20 marzo do 2026.

Segundo.- Con data de entrada no rexistro xeral do 26 de marzo do 2026, interpusose por Jose Manuel Garcia Villasante, Recurso de Alzada contra dito acordo desestimatorio da alegación presentada, solicitando de declaren nulas as preguntas nº 5 e nº 24 do primeiro exercicio e, subsidiariamente, se substitúan polas preguntas de reserva.

O recurrente, manifesta que as preguntas impugnadas plantexan contidos que non se corresponden de forma directa co temario establecido nas bases, xa que a pregunta 5 refírese ó art. 136.4 da Constitución que integrase no Título VII, relativo o Tribunal de Contas, materia que non se atopa incluída no programa oficial; e a pregunta 24 refírese a exposición de motivos da norma (Lei Organica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes), contido que non forma parte do temario exisíble segun as bases, que limitan o estudo de dita Lei os Títulos I e II, o que supón introducir un elemento que excede do contido expresamente previsto no programa.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 81 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En data 30/03/2026 solicita a suspensión do proceso selectivo en tanto non se resolva o recurso, o considerar que a continuación deste causarialle perxucios de imposible reparación.

CONSIDERACIONS XURÍDICAS.

Primeiro.- Procede admitir a tramite o recurso de alzada interposto en data 30/03/2026 por Sarai Nuñez Patiño canto se fai en tempo e forma establecido nos arts. 121 e 122 da LPACAP.

O art. 121.1 da LPACAP establece que as resolucións e actos a que refírese o art. 121,1 cando non pomgan fin á via administrativa, poderan ser recurridos en alzada ante o órgano superior xerarquico do que os dicto. A este efectos, os tribunais e organos e selección do persoal ó servizo das Admosntracións úblicas e calesquera outros quem, no seno destas, actuen con autonomia funcional, se considraran dependentes do órgano ó que estén adscritos o, no seu defecto, do que haia nombrado ó presidente dos mesmos.

O recurso de alzada constituie un medio de impugnación das resolucións administrativas e de determinados actos de trámite, cando estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos. Dada a natureza revisora dos recursos administrativos, é requisito imprescindible para poder interpoñer este recurso que estes actos ou resolucións incorran en determinadas irregularidades. En concreto, a lei esixe que se de algún dos motivos de nulidade ou anulabilidade regulamentados nos artigos 47 e 48 LPACAP o que, no presente caso, non estimase polo organo de selección que concurra.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 26 de xullo de 2024 acordou aprobar as novas Bases xerais rectoras dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 (BOPPO do 30 de agosto do 2024) e, en sesión do 23 de agosto do 2024, aprobou as suas Bases Especificas da 2ª fase (BOPPO do 13 de setembro do 2024) onde consta o temario específico existido para as probas selectivas correspondentes ás prazas de **AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL**

Terceiro.- As preguntas 5 e 24 do primeiro exercicio (tipo test) da fase de oposición, á que formulou alegacions a interesada, que foron desestimadas polo órgano de seleccion por acordo do 6/03/2026 , e contra o que se interpuso o presente recurso de alzada, teñen o seguinte enunciado:

“5. Según el artículo 136.4 de la Constitución española de 1978, una Ley Orgánica regulará:

- a) La composición, organización y funciones del Tribunal de Cuentas:*
- b) La ordenación de un impuesto estatal.*
- c) La aprobación de los Presupuestos Generales del Estado.*
- d) Ninguna de las anteriores materias.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 82 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

24. De acordo con a Exposición de Motivos de la Ley Orgánica para la Igualdad Efectiva de

Mujeres y Hombres, ¿cuál es la seña de identidad del moderno derecho antidiscriminatorio?:

- a) Las acciones positivas.
- b) La lucha contra el acoso sexual y el acoso por razón de sexo.
- c) La dimensión transversal de la igualdad.
- d) La corrección de la desigualdad en las relaciones laborales.”

Cuarto.- O recurrente limitase no recurso a reiterar o xa alegado anteriormente respecto a ditas preguntas, considerando que o contido destas non se atopan comprendidos no temario da oposición.

A).- Respecto o manifestado sobre a pregunta 5, o órgano de selección considera que a mesma axustase perfectamente o programa previsto nas Bases Especificas polas que se rixe o proceso selectivo, xa que refírese a Constitución Española, norma básica e fundamental do noso ordenamento xurídico cuio contido debe ser coñecido polos aspirantes, e que figura reflectida no *Tema 1.A Constitución española de 1978: estrutura e contido. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois. Garantía e suspensión dos dereitos e liberdades*, do programa específico para as prazas de Auxiliar de Administración Xeral, sen que se conteña nese temario exclusión ou limitación algunha a títulos ou articulados do texto Constitucional, que poida circunscribir o seu contido.

O enunciado da pregunta 5 refírese a regulación dunha lei orgánica, cuestión que responde igualmente o contido do tema 2, referente á “elaboración das leis”. O artigo 81 da Constitución Española, cando refírese as distintas materias que serán obxecto de regulación mediante lei orgánica, remítese “as demais previstas na Constitución” e, neste caso, establece no texto constitucional que a composición, organización e funcións do Tribunal de Contas se regulará por lei orgánica (artículo 136.4), cuestión esta que é obxecto da pregunta recurrida.

b).- En canto o manifestado sobre a pregunta 24, o órgano de selección considera igualmente que a mesma axustase ó contido do programa previsto nas Bases Especificas polas que se rixe o proceso selectivo, xa que ten por obxecto a Lei Orgánica 3/2007 para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes, norma básica, neste caso, na materia correspondente o *Tema 20. A igualdade de xénero. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade*.

Neste senso, tal e como consta enunciado dito tema, carece de fundamento o alegado polo recurrente consonte este atopase limitado a determinados títulos ou partes da Lei Orgánica 3/2007, xa que nin mencionase nin faise referencia algunha a devandita Lei orgánica ou a outras normas ou disposicións que teñan relación coa materia.

Igualmente, rexeitase o manifestado de que ó referirse a pregunta á exposición de motivos da lei, estase a introducir un elemento que excede do contido previsto no programa. Como quedou sinalado, a Lei Orgánica 3/2007 constitúe a norma básica en materia de igualdade

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 83 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de xenero a que refírese o tema 20 do programa, tanto no contido na súa parte expositiva como dispositiva, respondendo a cuestión plantexada na pregunta a dita materia e, polo tanto, axustada ó temario aprobado.

Quinto.- O recorrente ten solicitado a suspensión do proceso selectivo, en tanto non se resolva o recurso, o considerar que a continuación deste causarialle perxucios de imposible reparación.

Dacordo co art. 117.1 da LPACAP, a interposición de calquera recurso, excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado. 2. Non obstante o disposto no número anterior, o órgano a quen compete resolver o recurso, logo de ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión e o ocasionado ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto impugnado, poderá suspender, de oficio ou por solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando concorra algunha das seguintes circunstancias: a) Que a execución poida causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.

No presente caso, coa resolución do recurso procede igualmente pronunciarse sobre dita solicitude de suspensión e acordar súa desestimación, unha vez que tense resolto dito recurso e, con ello, agotada a vía administrativa.

Por todo ello procede desestimar o recurso de alzada o carecer fundamento algun o alegado, axustándose ditas preguntas o contido do temario que figura nas Bases Específicas do proceso selectivo das prazas de auxiliar de administración xeral (OEP dos anos 2020, 2021 e 2022) polas que se rixe.

Conseguentemente, o órgano de selección propoñe a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Admitir o recurso de alzada interposto por Jose Manuel Garcia Villasante , en data 26 de marzo do 2026, contra o acordo do organo de selección do 6/03/2026 .

SEGUNDO.- Desestimar o recurso de alzada interposto por Jose Manuel Garcia Villasante contra dito acordo en base as motivacións expostas no apartado cuarto das consideracións xurídicas.

TERCEIRO.- Desestimar a solicitude de suspensión, dado que, coa resolución do recurso de alzada ponse fin a vía administrativa e trala súa resolución, non ha lugar a suspensión do acto recorrido, continuándose por tanto o procedemento.

CUARTO.- Notificar a presente resolución á recorrente con indicación de que, contra amesma, non poderá interpoñer novamente recurso administrativo, podendo impugnalas, no seu caso, mediante recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á notificación do mesmo, nos termos que establece a Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 84 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POR SARAI NUÑEZ PATIÑO NO PROCESO SELECTIVO PARA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL (QUENDA LIBRE) CORRESPONDENTE A OEP 2020-2021-2022.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/04/2026, asinado polo secretario do órgano de selección do proceso selectivo para a provisión de prazas de auxiliar de administración xeral, que di o seguinte:

En sesión celebrada o 14 de abril do 2026 polo órgano de selección correspondente ás prazas de **AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL** (14 quenda libre) da Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022, acordouse formular a seguinte PROPOSTA á Xunta de Goberno Local:

NORMATIVA APLICABLE

- Constitución Española de 1978
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP).
- Bases xerais rectoras dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 (BOPPO do 30 de agosto do 2024).
- Bases Específicas reguladoras dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 da 2ª fase (BOPPO do 13 de setembro do 2024).

ANTECEDENTES:

Primeiro.-O órgano de selección encargado de xulgalas probas selectivas correspondentes ás prazas de **AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL** (14 quenda libre, catro reservadas persoas con diversidade funcional), na sesión celebrada o 6/03/2026, en relación a alegación formulada por Sarai Nuñez Patiño ó 1º exercicio da oposición, acordou o seguinte:

O órgano de selección acorda DESESTIMAR as alegacións presentadas a pregunta 5, en base o seguinte:

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 85 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Pregunta 5: Desestimase xa que o tema 1 do programa específico para as prazas de Auxiliar de Administración Xeral que figura nas Bases Específicas polas que se rixe o proceso selectivo, refírese á Constitución española de 1978: estrutura e contido, sen que faga exclusión algunha ao seu articulado ou a título do texto constitucional, considerando, polo tanto, que a pregunta axustase ó temario.

Acordo publicado na paxina web do concello de Vigo en data 20 marzo do 2026.

Segundo.- Con data de entrada no rexistro xeral do 30 de marzo do 2026, interpusose por Sarai Nuñez Patiño, Recurso de Alzada contra dito acordo desestimatorio da alegación presentada, solicitando se declare nula a pregunta nº 5 do primeiro exercicio e a exclusión da corrección, e a correspondente aplicación da pregunta de reserva.

A recurrente, manifesta que a interpretación do tribunal segun o cual dita pregunta 5 axustase o temario, resulta incorrecta e contraria as bases do proceso selectivo, que non establecen un estudo xenérico o íntegro da Constitución, sinón que distribúe o seu contido en varios temas diferenciados. A pregunta 5 refírese ó Tit. VII da Constitución, materia que non se atopa comprendida en ningún dos bloques temáticos definidos nas bases en relación co contido constitucional exiñible.

CONSIDERACIONS XURÍDICAS.

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de alzada interposto en data 30/03/2026 por Sarai Nuñez Patiño cando se fai en tempo e forma establecido nos arts. 121 e 122 da LPACAP.

O art. 121.1 da LPACAP establece que as resolucións e actos a que refírese o art. 121,1 cando non poidan fin á vía administrativa, poden ser recurridos en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os dicta. A estes efectos, os tribunais e órganos e selección do persoal ó servizo das Administracións Públicas e calquera outros que, no seo destas, actúen con autonomía funcional, se consideraran dependentes do órgano ó que estén adscritos o, no seu defecto, do que haia nomeado ó presidente dos mesmos.

O recurso de alzada constitúe un medio de impugnación das resolucións administrativas e de determinados actos de trámite, cando estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos. Dada a natureza revisora dos recursos administrativos, é requisito imprescindible para poder interpoñer este recurso que estes actos ou resolucións incorran en determinadas irregularidades. En concreto, a lei esixe que se de algún dos motivos de nulidade ou anulabilidade regulamentados nos artigos 47 e 48 LPACAP o que, no presente caso, non estimase polo órgano de selección que concurra.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 26 de xullo de 2024 acordou aprobar as novas Bases xerais rectoras dos procesos selectivos destinados á execución das



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 86 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 (BOPPO do 30 de agosto do 2024) e, en sesión do 23 de agosto do 2024, aprobou as súas Bases Específicas da 2ª fase (BOPPO do 13 de setembro do 2024) onde consta o temario específico existido para as probas selectivas correspondentes ás prazas de **AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL**

Terceiro.- A pregunta 5 do primeiro exercicio (tipo test) da fase de oposición, á que formulou alegacións a interesada, que foron desestimadas polo órgano de selección por acordo do 6/03/2026, e contra o que se interpuso o presente recurso de alzada, ten o seguinte enunciado:

“5. Según el artículo 136.4 de la Constitución española de 1978, una Ley Orgánica regulará:

- a) La composición, organización y funciones del Tribunal de Cuentas:*
- b) La ordenación de un impuesto estatal.*
- c) La aprobación de los Presupuestos Generales del Estado.*
- d) Ninguna de las anteriores materias.”*

Cuarto.- A recorrente limitase no recurso presentdo a reiterar o xa alegado anteriormente respecto a dita pregunta, considerando que ó referirse esta o Tit VII da Constitución, non se atopa comprendido no temario da oposición.

Tal e como xa se lle informou, o tribunal considera que dita pregunta axustase perfectamente o programa previsto nas Bases Específicas polas que se rixe o proceso selectivo, xa que refírese a Constitución Española, norma básica e fundamental do noso ordenamento xurídico cuido contido debe ser coñecido polos aspirantes, e que figura reflectida no *Tema 1.A Constitución española de 1978: estrutura e contido. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois. Garantía e suspensión dos dereitos e liberdades*, do programa específico para as prazas de Auxiliar de Administración Xeral, sen que se conteña nese temario exclusión ou limitación algunha a títulos ou articulados do texto Constitucional, que poida circunscribir o seu contido.

O enunciado da pregunta 5 refírese a regulación dunha lei orgánica, cuestión que responde igualmente o contido do tema 2, referente á “elaboración das leis”. O artigo 81 da Constitución Española, cando refírese as distintas materias que serán obxecto de regulación mediante lei orgánica, remítese “as demais previstas na Constitución” e, neste caso, establece no texto constitucional que a composición, organización e funcións do Tribunal de Contas se regulará por lei orgánica (artículo 136.4), cuestión esta que é obxecto da pregunta recurrida.

Por todo ello procede desestimar o recurso de alzada o carecer fundamento algun o alegado, axustándose dita pregunta o contido do temario que figura nas Bases Específicas do proceso selectivo das prazas de auxiliar de administración xeral (OEP dos anos 2020, 2021 e 2022) polas que se rixe.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 87 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Conseguentemente, o órgano de selección propoñe a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Admitir o recurso de alzada interposto por Sarai Nuñez Patiño, en data 30 de marzo do 2026, contra o acordo do órgano de selección do 6/03/2026 .

SEGUNDO.- Desestimar o recurso de alzada interposto por Sarai Nuñez Patiño contra dito acordo en base as motivacións expostas no apartado cuarto das consideracións xurídicas.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución á recorrente con indicación de que, contra a mesma, non poderá interpoñer novamente recurso administrativo, podendo impugnala, no seu caso, mediante recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á notificación do mesmo, nos termos que establece a Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(316).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO NO PROCESO SELECTIVO PARA CATRO PRAZAS DE OFICIAL COIDADOR, MANTEMENTO, VIXILANCIA E CONTROL VIGOZOO: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020-2021-2022. EXPTE. 46492/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/04/2026, asinado pola secretaria e o presidente do órgano de selección do proceso selectivo referido, que di o seguinte:

De conformidade coa acta nº 10 da sesión do órgano de selección celebrada en data 20 de abril de 2026, na que se adoptou acordo en relación co recurso de alzada presentado pola aspirante dona Ruth Pérez Costas (**6881**) contra a puntuación outorgada ao seu segundo exercicio, acordo do órgano de selección adoptado na sesión celebrada o día 13 de febreiro de 2026 no que se puntúa o segundo exercicio da oposición, elévase á Xunta de Goberno Local o seguinte informe-proposta:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Constitución Española (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 88 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- En data 6 de febreiro de 2026 realizouse na Aula de Formación da Policía Local sita na Casa do Concello o segundo exercicio da oposición consistente en resolver por escrito os supostos prácticos propostos polo o órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio. A proba consta de 3 supostos, cada un con tres apartados, indicándose no exame impreso que se entrega aos aspirantes a puntuación máxima de cada suposto e de cada apartado. Na aula informase aos aspirantes que se valorará a concreción da súa resposta ao suposto plantexado e que se penalizará o que estea mal contestado. O tempo para a súa realización é de 1 hora .

Segundo.- En data 18/02/2026 publicáronse os resultados deste segundo exercicio outorgando un prazo de tres días hábiles para a presentación de reclamacións.

Terceiro.- En data 14 de marzo de 2026 dona Ruth Pérez Costas interpón no rexistro electrónico do Concello (documento 260062099) recurso de alzada contra a puntuación outorgada ao seu segundo exercicio, acordo do órgano de selección adoptado na sesión celebrada o día 13 de febreiro de 2026. Xunto co formulario de solicitude achega 6 arquivos que denomina anexo 1, anexo 2, anexo 3, anexo 4 e 5 e recurso de alzada. Na mesma data 14/03/2026 solicita acceso e copia dixital integra dos expedientes administrativos deste proceso selectivo (doc 260062090).

Cuarto.- Conforme ao disposto no artigo 118.2 da citada Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, en data 31/03/2026 publicouse anuncio sobre a interposición do recurso de alzada concedendo ás persoas interesadas un prazo de 10 días para presentación de alegacións. Dentro do prazo concedido, dona Noelia Manzano solicitou ter acceso ao recurso de alzada presentado, acceso notificado mediante notificación electrónica recibida en sede electrónica en data 13/04/2026. Non foron presentadas novas alegacións.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Sobre o recurso de alzada. O artigo 121 da Lei 39/2015 regula o recurso de alzada dispoñendo que:

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 89 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“1. As resolucións e os actos a que se refire o artigo 112.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser impugnados enalzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou.

Para estes efectos, os tribunais e órganos de selección do persoal ao servizo das administracións públicas e calquera outro que, no seo destas, actúe con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano a que estean adscritos ou, na súa falta, do que fíxese o nomeamento do seu presidente.

2. O recurso poderase interpor ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo.

Se o recurso se interpuxese ante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberá remitilo ao competente no prazo de dez días, co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente.

O titular do órgano que ditou o acto impugnado será responsable directo do cumprimento do previsto no parágrafo anterior.”

Segunda.- Concorrenxia dos requisitos de admisión do recurso. Concorren os requisitos de competencia, lexitimación e prazo, polo que procede admitir a trámite o recurso de alzada interposto.

Terceira.- Análise das alegacións nas que se basea o recurso.

A recorrente alega a vulneración do dereito de acceso ao expediente e obtención de copias, insuficiencia do acceso documental, omisión das súas manifestacións nunha comparecencia presencial, falta de motivación da súa cualificación, contradición entre a motivación e o contido do seu exame, disparidade de puntuacións respecto doutras aspirantes e inexistencia de criterios obxectivos de corrección. Solicita, en consecuencia, a nulidade da cualificación do segundo exercicio, a realización dunha nova corrección por un tribunal diferente ou, subsidiariamente, que se declare a nulidade do exercicio e a repetición do mesmo.

3.1.- En canto á inexistencia de criterios obxectivos de corrección. As bases xerais establecen que os criterios de avaliación do exercicio práctico deben ser fixados polo órgano de selección, comunicados ás persoas aspirantes antes do inicio da proba e recollidos na correspondente acta. Tal esixencia resulta cumprida como se recolle na Acta número 8, na que se fai constar expresamente que a valoración se realizou conforme ao indicado para cada suposto no propio exame e á información facilitada na aula o día do exame, consistente en valorar a concreción da resposta ao suposto formulado e penalizar o incorrectamente contestado.

3.2.- Respecto da alegación de falta de motivación, a cualificación da recorrente non se limita á mera atribución dunha cifra numérica, senón que vai acompañada de dous elementos complementarios de motivación: por unha banda, o desglose de puntuacións parciais outorgadas por cada membro do órgano de selección a cada subapartado do exercicio; e, por outra, un anexo de motivación individualizado no que se explicitan as carencias, erros ou omisións apreciadas nas respostas da aspirante. Tal conxunto de datos permite coñecer porqué a nota final foi de 5,12 puntos e cales foron os aspectos concretos que o órgano de selección considerou insuficientemente desenvolvidos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 90 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

Cómpre salientar que a nota da recorrente deriva da media de catro cualificacións moi próximas entre si, o que pon de manifesto a existencia dunha apreciación coincidente e homoxénea por parte dos distintos membros do tribunal. As puntuacións individuais de 5,25; 5,05; 5,35; e 4,85 puntos revelan un criterio de valoración semellante.

Non se aprecia tampouco un trato desigual na aplicación dos criterios de corrección. Do propio anexo de motivación resulta que o órgano de selección aplicou criterios semellantes ao conxunto das persoas aspirantes, minorando a puntuación cando apreciou respostas incompletas, erróneas ou non axustadas ao apartado concreto do exercicio.

3.3.- En canto ás alegacións formuladas pola recorrente respecto do contido do seu exame, tampouco se aprecian razóns suficientes para modificar a cualificación outorgada.

Respecto do apartado a) do suposto 1, debe desestimarse a pretensión da recorrente, toda vez que a resposta ofrecida non identifica o EPI esixible para o risco descrito no exercicio. En efecto, se no suposto concurría exposición a produtos ou axentes químicos, o equipo de protección obrigatorio era o de protección química, non sendo tecnicamente equivalente a mención a guantes de protección mecánica, destinados a riscos de natureza distinta, como abrasión, corte, perforación ou desgarrado. A normativa reguladora dos EPIs esixe que a súa elección se realice en función da natureza e magnitude do risco a cubrir, de modo que non abonda con indicar xenéricamente o uso de guantes, senón que cómpre identificar a categoría de protección adecuada. Polo tanto, a resposta da aspirante non pode reputarse correcta, e puntuación acordada polo tribunal resulta conforme aos criterios técnicos de avaliación e ao ámbito de discrecionalidade técnica que lle é propio.

No apartado 1.b) do suposto 1, a recorrente sostén que a referencia ao aviso ao superior figuraba na súa resposta, pero ela mesma recoñece que tal referencia se contiña no apartado 1.c). Polo tanto é correcto polo tribunal considerar insuficiente a contestación do subapartado especificamente dedicado aos deberes en materia de seguridade e saúde, máxime cando se advertira previamente que se valoraría a concreción da resposta ao suposto plantexado.

En relación coa alegación formulada respecto do apartado c) do suposto 1, a resposta da aspirante contén referencias parciais á comunicación cos servizos de emerxencia e á conveniencia de mover a vítima o menos posible, pero non desenvolve de maneira completa e ordenada a secuencia de actuación esixible nin integra suficientemente a activación do protocolo de emerxencias nin a consideración específica do traumatismo. Do mesmo xeito, a alusión a afastarse de zonas inundadas non desvirtúa a apreciación do tribunal, ao non centrarse a resposta de forma adecuada no risco principal descrito no suposto, referido á presenza de gases.

No que atinxe ao suposto 2, a recorrente afirma que certos extremos estaban implícitos ou distribuídos entre apartados; non obstante, o exame diferenciaba de forma expresa entre seguridade do recinto e sistemas de acceso, elementos e infraestruturas do aloxamento e seguridade para o público, polo que o procedente é dar unha resposta ordenada e específica para cada apartado, sen ter por suficiente unha alusión xenérica ou indirecta.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 91 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Finalmente, no suposto 3 (valorado con 2 puntos) a puntuación outorgada é moi alta, 1,90 puntos, sendo a segunda puntuación máis alta neste apartado, e sendo o contido do seu exercicio neste apartado menos completo ao do aspirante que obtivo unha puntuación de 2.00 neste suposto, polo que se considera que este suposto do exercicio está ben puntuado. A recorrente expresa unha discrepancia coa corrección efectuada, mais non acredita a existencia de erro material manifesto, arbitrariedade, nin aplicación desigual das bases. A xurisprudencia vén reiterando que a apreciación e avaliación dos exercicios realizados polas persoas aspirantes integra un ámbito de discrecionalidade técnica do órgano de selección, se ben tal discrecionalidade non se exceptúa ao control xurisdiccional.

3.4.- No tocante á denunciada vulneración do dereito de acceso ao expediente e obtención de copias, o artigo 53.1.a) da Lei 39/2015 recoñece ás persoas interesadas o dereito a coñecer o estado da tramitación dos procedementos e a obter copia dos documentos contidos neles. Dos propios feitos relatados pola recorrente resulta acreditado que o día 11 de marzo de 2026 puido acceder ao expediente nun ordenador habilitado ao efecto, examinar o seu contido íntegro durante 1 hora e 15 minutos, e no mesmo acto lle foron entregadas as fotocopias en papel dos documentos por ela solicitados. Na súa solicitude de 20/02/2026 (documento 260040504) interesaba o acceso íntegro ao expediente relativo ao segundo exercicio e copia do seu propio exercicio (2º exercicio) e copia anonimizada dos exercicios dos aspirantes que superaron o segundo exercicio: 5 exames, documentación esta que lle foi entregada. Así mesmo, examinou a motivación expresa da puntuación outorgada. Proba diso é que o recurso de alzada interposto contén unha formulación extensa, concreta e detallada, dos distintos motivos de minoración da nota.

3.5.- Finalmente, debe sinalarse que os contidos dos supostos prácticos gardaban relación directa co temario oficial da convocatoria, no que se incluían, entre outras materias, a seguridade nos zootecnia, os plans de emerxencia e evacuación, o coñecemento básico sobre prevención e primeiros auxilios, o concepto de equipo de protección individual e as nocións básicas de xardinaría. Non pode sosterse, pois, que o exame se afastase do programa oficial nin que as exixencias de contido formuladas polo órgano de selección resultasen alleas ás materias obxecto da convocatoria.

3.6.- Xunto coa interposición deste recurso na mesma data a interesada solicita acceso e copia dixital íntegra dos expedientes administrativos deste proceso selectivo (doc 260062090). Acceso e documentación que lle foi facilitada en data 17/04/2026.

Cuarto.- Competencia. Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución do presente recurso de alzada.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Desestimar o recurso de alzada interposto por dona Ruth Pérez Costas (**6881**) contra o acordo do órgano de selección do 13 de febreiro de 2026 que resolve a puntuación outorgada ao seu segundo exercicio do proceso selectivo para a provisión de catro prazas de oficial coidador, mantemento, vixilancia e control Vigozoo incluídas na 2ª fase da OEP dos anos 2020, 2021 e 2022, en base ás consideracións xurídicas expostas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 92 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

Segundo.- Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións dispostos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(317).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS DE CARREIRA CON CARGO A DÚAS PRAZAS DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020-2021-2022. EXPTE. 48544/220.

Visto o informe de fiscalización de data 16/04/2026, sométese a aprobación o informe-propodta do 15/04/2026, asinado pola técnica de Administración xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2020-2021-2022 (2ª fase da convocatoria (BOPPO 179, de 13 de setembro de 2024 incluía cinco prazas de Técnico/a Administración Xeral, subgrupo A1, pola quenda libre, dúas delas reservadas a persoas con diversidade funcional.

II.- Segundo a acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de Técnico/a Administración Xeral, acordou por unanimidade en sesión de data 6/03/2026, someter á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo as seguintes propostas:

“PRIMEIRO.- Nomear persoal funcionario con cargo a dúas prazas vacantes de técnico/a de administración xeral equiparada ao subgrupo A1 de titulación que figuran incluídas na Oferta de Emprego Público dos anos 2020, 2021 e 2022 polo quenda libre aos aspirantes que a continuación se relacionan

N.º	APELIDOS	NOME	DNI	PRIMEIRO EXERCICIO	SEGUNDO EXERCICIO	TERCEIRO EXERCICIO	CUATRO EXERCICIO	QUINTO EXERCICIO	TOTAL
1	VELASCO LOPEZ	PEDRO	***2172**	7,250	8,440	6,620	1,800	2,000	26,110
2	PÉREZ LORENZO	NOA	***3764**	6,500	7,375	6,560	2,000	2,000	24,435

O Órgano de selección dispón a publicación do anuncio da proposta de nomeamento á Xunta de Goberno Local, que se remita aos efectos procedentes á web municipal (www.vigo.org) e ao taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Declarar deserta a convocatoria de dúas prazas reservadas a persoas con diversidade funcional ao non constar, segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de agosto de 2025, ningun aspirante admitido...

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 93 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

III. A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 12/03/2026.

IV.- Consta dilixencia de verificación administrativa de 25/03/2026 segundo o cal as persoas propostas, presentaron en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases. A vista das actuacións prioritarias de cobertura de prazas vacantes e da calendarización da execución da oferta, procédese á tramitación da proposta de nomeamento.

V.- Comprobada a aplicación de xestión de persoal, salvo erro ou omisión, consta existencia de prazas vacantes non ocupadas interinamente de Técnico/a de Administración Xeral (asociadas a posto 46):

Cód. posto	Nome posto	Cod. servizo	Servizo	Situación
46	TÉCNICO/A ADMINISTRACION XERAL	120	UNIDADE APOIO AO ORSII	V
46	TÉCNICO/A ADMINISTRACION XERAL	210	MOBILI, TRANSP E SEGURIDADE	V
46	TÉCNICO/A ADMINISTRACION XERAL	220	AREA RECURSOS HUMANOS E FORMACION	V
46	TÉCNICO/A ADMINISTRACION XERAL	240	SERVICIO PATRIMONIO	V
46	TÉCNICO/A ADMINISTRACION XERAL	242	CONTRATACION	O (PT)

V: *vacante*

O (PT): *ocupado en provisión temporal*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- **Normativa de aplicación.-** -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/05/2026 09:57

Páxina 94 de 148

2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026

CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”
A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”,* establecendo que *“en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 95 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

Neste caso procede o nomeamento como funcionarios/as de carreira, nas prazas de Técnico/a Administración Xeral, con cargo ás prazas vacantes pola quenda libre enmarcadas no subgrupo A1; incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2020-2021-2022, fase 2 de Concello de Vigo, a:

N.º	APELLIDOS	NOME	DNI	TOTAL
1	VELASCO LOPEZ	P.	***2172**	26,110
2	PEREZ LORENZO	N.	***3764**	24,435

III- Análise sobre as prazas de reservadas a persoas con discapacidade

Tal e como se expuxo nos antecedentes, e segundo consta na proposta realizada polo órgano de selección na acta de data 6/03/2026 non foron cubertas as prazas que estaban reservadas para persoas con diversidade funcional, polo que procede declarar as devanditas prazas desertas.

No Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo con persoal con discapacidade, dentro do seu Capítulo II recóllense as seguintes posibilidades de convocatoria:

- Convocatorias ordinarias con reserva de prazas para persoas con discapacidade (artigo 3).
- Convocatorias en quenda independente para persoas con discapacidade (artigo 4).
- Reserva de prazas en promoción interna (artigo 5).
- Reserva de prazas nas convocatorias de personal temporal (artigo 6).

No presente procedemento estaríamos dentro do suposto do artigo 3, "convocatorias ordinarias de prazas con discapacidade". E dentro do parágrafo segundo do apartado 2 do citado artigo recóllese que:

"Si las plazas reservadas y que han sido cubiertas por las personas con discapacidad no alcanzaran la tasa del tres por ciento de las plazas convocadas, las plazas no cubiertas se acumularán al cupo del cinco por ciento de la oferta siguiente, con un límite máximo del 10 por ciento."

Pola súa parte, o artigo 48.2 da Lei de emprego público de Galicia, dispón ao respecto que:

"Si las plazas reservadas y que fueron cubiertas por las personas con discapacidad no alcanzasen el porcentaje del tres por ciento de las plazas convocadas en la correspondiente oferta de empleo público, las plazas no cubiertas del número total de las reservadas se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 96 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

acumularán al porcentaje del siete por ciento de la oferta siguiente, con un límite máximo del doce por ciento".

É dicir, segundo o establecido pola normativa analizada en este caso, cando quede algunha praza reservada vacante, procederá a súa acumulación á seguinte oferta de emprego sempre que se cumplan as porcentaxes establecidas.

Mentras que nos outros supostos citados, como a reserva de prazas en promoción interna do artigo 5 ou das convocatorias do persoal temporal do artigo 6, se establece que as prazas reservadas que queden desertas acumularanse, según o suposto, ben ás da quenda ordinaria da promoción interna ou acumulación a quenda libre nas convocatorias do persoal temporal, no suposto do artigo 3, que é o que actualmente nos atañe, esta previsión non se recolle, existindo como única alternativa a acumulación da seguinte oferta de emprego sempre que se cumpran os requisitos establecidos.

Procede pois declarar desertas as dúas (2) prazas reservadas a persoas con diversidade funcional, dando traslado ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación para o estudo e valoración sobre a posibilidade de acumulación á próxima oferta de emprego público.

IV.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

V.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais;

VII. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolución da Excm. Alcaldía de 26/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 7/11/2025

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 97 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En base ao exposto, elévase ao órgano municipal competente a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo ás prazas vacantes ofertadas na Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022 (BOPPO 13 de setembro de 2024, núm. 179) de Técnico/a de Administración Xeral, enmarcadas no Grupo A de titulación; Subgrupo A1; Escala de Admón. xeral; Subescala técnica, as/aos aspirantes que superaron o proceso selectivo e acadaron as máximas puntuacións:

N.º	APELIDOS	NOME	DNI	TOTAL
1	VELASCO LOPEZ	P.	***2172**	26,110
2	PEREZ LORENZO	N.	***3764**	24,435

SEGUNDO.- Declarar desertas dúas (2) prazas vacantes de Técnico/a de Administración Xeral ofertadas na OEP 2020-2021-2022 (BOPPO 13 de setembro de 2024, núm. 179), pola quenda libre, reservadas para persoas con diversidade funcional, ao non constar, segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de agosto de 2025, ningún aspirante admitido.

-Dar traslado ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación para o estudo e valoración sobre a posibilidade de acumular a citada praza á seguinte oferta pública de emprego, de conformidade co exposto nos fundamentos xurídicos dos presente acordo.

TERCEIRO.- Dispoñer que as persoas nomeadas deberán tomar posesión como funcionarios/as de carreira na devandita praza no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(318).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO POLO QUE SE DECLARA DESERTA A CONVOCATORIA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 98 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE XEFE/A DO SERVIZO DE CONTABILIDADE XERAL. EXPTE. 1915/1102.

Sométese a aprobación do informe-proposta de data 21/04/2026, asinado pola secretaria de Goberno local-instrutora do expediente e conformado pola concelleira delegada de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\).](#)

En data 6.04.2026 Oscar Vega Andión presenta recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de febreiro de 2026 polo cal se declarar deserta a convocatoria pública para a provisión definitiva do posto de xefe/a do servizo de Contabilidade Xeral.

En data 21.04.2026 a comisión de valoración constituída conforme o acordo da Xunta de Goberno local de data 5 de decembro de 2025 emitiu informe e proposta de acordo respecto do recurso de reposición no que se fai constar

“ I. ANTECEDENTES DE FEITO

1. Aprobación das bases e da convocatoria: En data 8 de agosto de 2025, a Xunta de Goberno Local prestou aprobación ás bases reguladoras para a provisión do posto de Xefe/a do Servizo de Contabilidade Xeral mediante o sistema de concurso específico.
2. Publicación íntegra das bases: En data 20 de agosto de 2025, publicáronse de xeito íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 157 as bases que rexen esta convocatoria.
3. Publicacións de extractos (DOG e BOE):

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 99 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- En data 9 de outubro de 2025 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 195 o extracto da convocatoria.
 - Posteriormente, en data 18 de outubro de 2025, publicouse no Boletín Oficial do Estado (BOE) núm. 251 o anuncio oficial da convocatoria.
4. **Prazo de presentación de instancias:** A base segunda da convocatoria establecía taxativamente que o prazo de presentación de solicitudes sería de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOE. En consecuencia, ao terse publicado o anuncio no BOE o 18 de outubro de 2025, o prazo estritamente legal para a presentación de instancias (e para o perfeccionamento dos méritos a valorar) iniciouse o 20 de outubro e rematou o 7 de novembro de 2025, data límite constatada no expediente.
 5. **Lista de admitidos e Comisión de Valoración:** En data 14 de novembro de 2025, a Xunta de Goberno Local aprobou a lista definitiva de aspirantes admitidos (D. Óscar Miguel Vega Andión e Dna. Sandra Bueno Rey) e designou aos membros da Comisión de Valoración.
 6. **Valoración Provisional:** A Comisión de Valoración constituíuse e determinou a valoración provisional dos méritos en sesións celebradas o 16 de decembro de 2025 e o 20 de xaneiro de 2026. O anuncio desta valoración provisional publicouse no taboleiro de edictos e na sede electrónica municipal o 21 de xaneiro de 2026.
 7. **Período de reclamacións:** Abriuse un prazo de 10 días hábiles para formular reclamacións, o cal finalizou o 4 de febreiro de 2026. O aspirante D. Óscar Miguel Vega Andión presentou en prazo o seu escrito de reclamación contra dita valoración provisional.
 8. **Valoración Definitiva:** En sesión do 16 de febreiro de 2026, a Comisión de Valoración procedeu a analizar e resolver as reclamacións presentadas. Tras estimar algunhas cuestións e rexeitar outras de forma motivada, aprobouse a Valoración Definitiva. A Comisión acordou por unanimidade que ningún dos aspirantes admitidos acadaba a puntuación mínima esixida de 20 puntos na primeira fase para acceder á segunda fase do concurso.
 9. **Acordo de declarar deserta a convocatoria:** Á vista do resultado vinculante da Acta da Comisión de Valoración, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2026, adoptou o Acordo formal de declarar deserta a convocatoria pública para a provisión definitiva do posto (Expte. 1915/1102). Esta resolución foi publicada no BOPPO o 6 de marzo de 2026.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 100 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

10. Interposición do recurso: Desconforme coa resolución, en data 6 de abril de 2026, D. Óscar Miguel Vega Andi3n rexistra o presente Recurso de Reposici3n contra o Acordo da Xunta de Goberno Local que declara deserta a praza

II. XUSTIFICACI3N XUR3DICA DA PRESENTACI3N DO RECURSO

O interesado presenta un escrito que cualifica como recurso de reposici3n (a3nda que inicialmente se refira a el de xeito informal comoalzada) contra a resoluci3n da Xunta de Goberno Local. A presentaci3n deste recurso atopa o seu amparo xur3dico nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Com3n das Administraci3ns P3blicas, tal e como se indicaba no propio p3 de recursos do Acordo da Xunta de Goberno Local, que habilitaba a interposici3n de recurso potestativo de reposici3n ante o mesmo 3rgano que o ditou no prazo dun mes. O recurso adm3tese a tr3mite por cumprir cos requisitos formais e de prazo.

III. CUESTI3N PREVIA: ACHEGA DE NOVO M3RITO EXTEMPOR3NEO

O interesado achega co seu recurso un curso de formaci3n de "CONTABILIDADE P3BLICA LOCAL" impartido entre o 1 de outubro e o 21 de decembro do ano 2025 solicitando a s3a baremaci3n. Este aspecto debe ser rexeitado de plano. As bases da convocatoria no seu apartado CUARTO, establecen taxativamente que *os m3ritos se valorar3n con referencia 3 data de peche do prazo de presentaci3n de instancias*. No apartado SEGUNDO, se establece que, *non se ter3n en conta os documentos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos na data de finalizaci3n do prazo de presentaci3n de instancias*.

Dado que o prazo finalizou o 7 de novembro de 2025, calquera m3rito perfeccionado en decembro de 2025 resulta material e xur3dicamente incomputable. Admitilo supor3a unha flagrante vulneraci3n das bases da convocatoria e do principio de igualdade no acceso 3 funci3n p3blica.

IV. AVALIACI3N DOS FUNDAMENTOS DO RECURSO

O recurso presentado lim3tase, no esencial, a reproducir as mesmas alegaci3ns que o candidato xa formulara contra a valoraci3n provisional, ignorando que xa foron obxecto de an3lise e firme desestimaci3n na Acta de Valoraci3n Definitiva do 16 de febreiro de 2026, cuxos argumentos xur3dicos e t3cnicos asume e ratifica esta proposta.

FUNDAMENTO PRIMEIRO: Sobre a valoraci3n do grao persoal consolidado, a alegada desigualdade de trato e a arbitrariedade.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresi3n: 06/05/2026 09:57	P3xina 101 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AE3EAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electr3nica do documento utilizando o c3digo QR da esquerda ou o c3digo de verificaci3n na direcci3n http://www.vigo.org/csv		

O recorrente alega vulneración dos principios de igualdade, mérito e capacidade, argumentando que a Comisión operou cunha dualidade de criterios e arbitrariedade. Sostén que se admitiu documentación fóra de prazo a outra aspirante (Dna. Sandra Bueno Rey) para valorar a súa antigüidade e traballo desenvolvido a través de certificados aportados o 3 de febreiro de 2026, mentres que a el se lle denegou a valoración do seu grao persoal por non acreditarlo no prazo de presentación de instancias. Solicita, polo tanto, que se lle aplique a mesma flexibilidade.

Resolución: Desestimar.

A pretensión do recorrente de equiparar ambas situacións para forzar a valoración do seu grao persoal carece de todo fundamento xurídico, baseándose nunha confusión deliberada e nunha equiparación xuridicamente inasumible entre o que constitúe a emenda (subsanción) legal dun defecto formal nun documento achegado en prazo, e a achega extemporánea dun documento ou acto administrativo non presentado. O rexeitamento sustentase de xeito rotundo nos seguintes motivos legais e xurisprudenciais:

- **A doutrina do Tribunal Supremo sobre a emenda de documentos:** Resulta de plena e directa aplicación a xurisprudencia do Tribunal Supremo, en concreto a fixada na Sentenza do 16 de maio de 2012 (ditada no recurso de casación nº 4664/2011). No seu fundamento de dereito CUARTO, o Alto Tribunal establece con meridiana claridade a diferenza conceptual e xurídica entre emendar (subsanción) un documento que xa está presentado e a achega dun documento que non o está. A figura da subsanción ten por obxecto reparar defectos formais, omisións ou deficiencias na documentación que o aspirante xa presentou en prazo para acreditar un mérito, pero en ningún caso permite a achega *ex novo* de documentos non presentados ou a acreditación de requisitos dos que non se achegou xustificación algunha no momento do peche do prazo.

O Tribunal Supremo mantivo e expandiu esta doutrina noutras sentenzas posteriores para evitar que o trámite de emenda se converta nunha "segunda oportunidade" para presentar documentación que o interesado esqueceu ou non tiña no momento procesual oportuno. Sentenza do TS do 11 de novembro de 2014 (Rec. 2507/2013). Sentenza do TS do 21 de setembro de 2015 (Rec. 2101/2014).

O Tribunal Supremo establece que permitir a achega de documentos novos (non presentados en prazo) que non sexan meras aclaracións ou correccións de erros materiais vulneraría o principio de igualdade entre os participantes. Reforza que a "subsanción" ten límites estritos.

- **O caso da outra aspirante (Subsanción válida en dereito):** O caso de Dna. Sandra Bueno é un suposto claro de emenda legal amparado pola citada



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 102 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

xurisprudencia do Tribunal Supremo. A aspirante invocara os seus méritos na solicitude inicial e presentara a correspondente certificación. Non obstante, a Comisión de Valoración detectou un defecto formal: o certificado achegado "non especifica o nivel de complemento de destino dos postos desempeñados". Ante esta deficiencia formal nun documento xa presentado en prazo, a Comisión acordou requirirlle expresamente a súa aclaración. A aspirante atendeu o requirimento achegando a concreción no prazo correspondente. Trátase, xa que logo, da corrección dun documento xa achegado, non da presentación extemporánea dun novo mérito.

- **O caso do recorrente (Falta absoluta do acto administrativo de recoñecemento):** Pola contra, a consolidación do grao persoal non é un mero feito cronolóxico ou automático, senón que, conforme ao art. 70.11 do RD 364/1995, require dun acto ou acordo administrativo expreso por parte da Administración. O aspirante non dispoñía nin achegou dito acordo ou acto administrativo expreso xustificativo dentro do prazo de presentación de instancias (que rematou o 7 de novembro de 2025). Segundo a doutrina do Tribunal Supremo exposta, non se pode emendar nin subsanar a ausencia total dun acto administrativo habilitante que non foi aportado orixinalmente.
- **Aplicación estrita da Base Segunda:** As bases da convocatoria son a lei do concurso e a base segunda establece de forma taxativa que: *"Non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos na data de finalización do prazo de presentación de instancias"*. Ao non ter achegado o acto expreso de consolidación no prazo correspondente, a Comisión obrou respectando escrupulosamente a legalidade vixente.
- **Inexistencia do "dereito á igualdade na ilegalidade":** A consolidada xurisprudencia constitucional e contencioso-administrativa determina que non existe a igualdade na ilegalidade. O recorrente non pode ampararse no artigo 14 da Constitución para exixir que, se se incumpren as bases a favor dun terceiro, a Administración deba cometer unha nova ilegalidade e incumprilas tamén no seu beneficio valorándolle un mérito non acreditado en prazo. Aínda así, como se puxo de manifesto, a Comisión de valoración actuou de acordo á Xurisprudencia do Tribunal Supremo, sendo a pretensión do recorrente, obter un trato privelexiado ao introducir deliberadamente unha confusión entre a diferenza conceptual e xurídica de emendar (subsanar) un documento que xa está presentado e a achega dun documento que non o está.

En conclusión, non existe trato desigual ningún. A actuación da Comisión axustouse á legalidade e á xurisprudencia do Tribunal Supremo, diferenciando correctamente entre o

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 103 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dereito da outra aspirante a emendar (subsanan) unha lagoa informativa nun certificado de servizos xa presentado en prazo, e a imposibilidade material e xurídica do recorrente de que se lle valore un grao persoal do cal non achegou o preceptivo acto ou acordo administrativo expreso de xustificación, polo que non existe vulneración algunha dos principios de igualdade, mérito e capacidade .

FUNDAMENTO SEGUNDO: Sobre a aplicación da cláusula de non simultaneidade e o fraccionamento da experiencia (apartados 1.1.2 e 1.1.4). O aspirante argumenta que posúe un histórico de 288 meses traballados e solicita un "fraccionamento de conveniencia": destinar 80 meses ao apartado 1.1.2 (Antigüidade) para acadar a puntuación máxima nesa epígrafe, e destinar os 208 meses restantes ao apartado 1.1.4 (Traballo desenvolvido). Alega que, ao facelo así, non existe "simultaneidade" cronolóxica .

Resolución: Desestimar.

A argumentación do recorrente constrúese sobre unha interpretación nesgada e finalista das bases que carece de soporte normativo, o cal se desvirtúa en base aos seguintes motivos:

- **A natureza restrinxida e legal do apartado 1.1.2:** O recorrente obvia deliberadamente o contido íntegro da cláusula 1.1.2. Esta base non é un contedor xenérico para "meses sobrantes" de traballo como funcionario, senón que especifica de xeito taxativo que se computarán «os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro». É dicir, valora exclusivamente os servizos previos. O traballo desenvolvido no Concello de Vigo polo aspirante (do que pretende extraer eses 80 meses) prestouse ostentando xa a condición de funcionario de carreira, polo que xuridicamente non ten cabida no apartado 1.1.2.
- **Prohibición de dobre valoración e fraccionamento do desempeño:** O desempeño do aspirante como funcionario do Concello de Vigo é un bloque continuo de experiencia profesional que xa foi obxecto de valoración no apartado correspondente e natural para iso: o 1.1.4 (Valoración do traballo desenvolvido). Nese apartado o candidato xa obtivo a máxima puntuación posible (3 puntos). A cláusula de non simultaneidade impide que un mesmo vínculo xurídico ou período de servizos sexa troceado aritmeticamente para puntuar de forma paralela en diferentes epígrafes do baremo.
- **Correcta aplicación da base pola Comisión de Valoración:** A demostración de que a Comisión aplicou o baremo de xeito correcto, estrito e igualitario é que ao Sr. Vega Andión si se lle valoraron méritos no apartado 1.1.2, en concreto, outorgándolle 0,225 puntos. Esta puntuación correspóndese cos seus verdadeiros servizos previos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 104 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

antes de adquirir a condición de funcionario (9 meses traballados na Axencia Tributaria e na Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia).

En conclusión, a pretensión do aspirante de recualificar 80 meses de traballo como funcionario de carreira para facelos pasar por servizos previos (Lei 70/1978) supón unha fraude ao baremo establecido nas bases, debendo ser rexeitada de plano.

FUNDAMENTO TERCEIRO: Erro na cualificación das funcións técnicas e directivas (Tesouraría vs. Contabilidade).

O candidato alega que a Comisión de Valoración desvirtuou a súa pretensión inicial ao afirmar erroneamente que el tentaba *"equiparar a operativa masiva de xestión de ingresos e pagamentos coas funcións directivas e técnicas da xefatura de Contabilidade"*.

O recorrente aclara expresamente que a súa pretensión non se refire ao fluxo de caixa ou ao cobro material (que recoñece como competencia propia de Tesouraría), senón ao control e dirección do Sistema de Información Contable na súa vertente de Ingresos. Por este motivo, sostén que cualificar o seu labor como unha simple "operativa de xestión de ingresos e pagos" denota unha falta de comprensión do traballo técnico realizado e supón unha arbitrariedade na valoración da súa experiencia específica. En consecuencia, esixe que a súa experiencia sexa puntuada coa cualificación máxima prevista nas bases.

Resolución: Desestimar.

A pretensión do aspirante carece de soporte normativo e funcional, baseándose nunha confusión conceptual entre o uso dunha ferramenta informática e a titularidade competencial, que se rebate cos seguintes argumentos técnico-xurídicos:

- **A estrita separación competencial do RD 128/2018:** O marco xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional establece unha separación nítida e taxativa entre as funcións de Contabilidade e as de Tesouraría. O artigo 4.2 define a función de Contabilidade como a responsabilidade de *«llevar e desenvolver a contabilidade financeira e a de execución do orzamento»*, *«formar a Conta Xeral»* e emitir instrucións técnicas. Pola contra, o artigo 5 atribúe á Tesouraría o *«manexo e custodia de fondos»* e a *«realización dos cobramentos e os pagamentos»*. Aceptar que a operativa directiva de recadación é "contabilidade" baleiraría de contido a distinción legal reservada a ambas subescalas.
- **Natureza substantiva fronte á instrumental (o rexistro informático non é a función contable):** A alegación confunde a natureza substantiva da función co seu

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 105 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

reflexo instrumental. O feito de que as validacións de procedementos masivos de ingresos xeren asentos automáticos no sistema (GEMA/SICAP) é unha consecuencia instrumental necesaria e un automatismo informático. A "contabilización" á que alude o aspirante é, en realidade, a fase de execución material do cobramento. Iso non constitúe a función intelectual e técnica de análise, planificación, supervisión e dirección da imaxe fiel do patrimonio que esixe a Xefatura de Contabilidade.

- **Criterio cualitativo fronte a cuantitativo:** A argumentación do reclamante baséase en criterios puramente cuantitativos (a xeración e supervisión de miles de rexistros). Non obstante, a valoración de méritos específicos nunha xefatura de servizo rexe por criterios cualitativos. O volume de rexistros informáticos xestionados non transmuta a natureza xurídica da función: xestionou fluxos monetarios (Tesouraría), cuxos asentos son meros reflexos, pero non exerceu a subdirección nin a ciencia do rexistro e resumo das operacións financeiras.
- **Sometemento aos criterios propios da Xefatura de Contabilidade:** Resulta determinante destacar que o propio recorrente, nos seus escritos previos, recoñeceu expresamente que *«o persoal de Tesouraría debe coordinarse funcionalmente co xefe/a do servizo de contabilidade para asegurar que os rexistros se realicen conforme á normativa»*. Esta afirmación evidencia en si mesma que a autoridade contable e a función substantiva residen no Servizo de Contabilidade —que é quen fixa os criterios e a normativa—, mentres que a Tesouraría e o seu persoal adxunto actúan como un executor operativo que se somete ás regras ditadas por aquela xefatura.

Por todo o exposto, as funcións alegadas polo candidato correspóndense co eido competencial da Tesouraría e non poden computarse validamente como experiencia específica propia do Servizo de Contabilidade obxecto do concurso

FUNDAMENTO CUARTO: Sobre a valoración da formación específica (Apartado 1.1.9). A pretendida asimilación de materias e o fraccionamento de horas dos diplomas.

O recorrente critica a valoración global dos seus cursos, alegando que a Comisión introduciu un criterio restritivo "sobrevindo" ao negarse a extraer e puntuar horas de módulos concretos dentro de cursos máis amplos. Ademais, sostén a absoluta indivisibilidade da materia orzamentaria coa contable para esixir que formación xenérica compute como mérito específico.

Resolución: Desestimar.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 106 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

A pretensión do aspirante supón unha alteración inaceptable das regras do concurso (as bases), que foron consentidas sen impugnación no seu momento, e rebátese mediante as seguintes consideracións xurídicas e técnicas:

- **Aplicación estrita do principio da "Lei do Concurso" sobre o formato dos diplomas:** As bases reguladoras, no seu apartado 1.1.9, establecen que a acreditación farase «*mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial (...) onde se indique o número de horas*» e prohiben tallantemente valorar «*os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas*». O criterio da Comisión de valorar os certificados na súa globalidade non é un criterio sorpresa nin arbitrario, senón a aplicación estrita e literal da norma. As bases non prevén nin amparan xuridicamente que a Comisión faga unha "auditoría" dos plans de estudo para despezar, fraccionar ou sumar horas soltas correspondentes a módulos ou temas concretos dentro dun curso xeral. A Administración debe valorar o título aportado pola súa totalidade horaria certificada, e si a totalidade do curso non é de materia específica, non pode baremarse nese apartado. Acceder ao fraccionamento aritmético demandado vulneraría frontalmente a seguridade xurídica.
- **Separación regrada entre formación xeral (1.1.5) e específica (1.1.9):** As bases valoran de forma diferenciada e exclúnte os cursos de formación. A base 1.1.5 remunera a formación «*relacionada con carácter xeral*» (onde o aspirante xa aportou formación en ingresos, gastos e recadación), mentres que a base 1.1.9 reserva a súa máxima puntuación única e exclusivamente para as «*materias específicas propias do Servizo que se convoca*» (Contabilidade). O aspirante pretende forzar a entrada de formación transversal no apartado máis restritivo e de maior valor loxístico, o cal desvirtuaría o obxectivo do baremo.
- **A discrecionalidade técnica da Comisión na separación de materias:** O recorrente esixe que se asimile a lexislación orzamentaria ou de contratos á contabilidade, achegando incluso temarios de COSITAL para defender a súa indivisibilidade. Non obstante, a xurisprudencia é clara respecto á discrecionalidade técnica dos órganos de selección para cualificar a idoneidade dos méritos. A Comisión técnica determinou que non se pode assimilar de forma xenérica a materia orzamentaria, xestión de ingresos ou tesouraría coa pura especialización técnica requirida para unha Xefatura de Contabilidade. A execución material dun orzamento non é idéntica á técnica de rexistro e formación da Imaxe Fiel do patrimonio público.

En conclusión, a denegación do fraccionamento de horas e a non asimilación automática de materias limítrofes á contabilidade é unha decisión que se axusta plenamente ás bases

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 107 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

vixentes, non existindo vulneración algunha dos principios de igualdade, mérito nin capacidade.

V. CONCLUSIÓNS

Á vista da exhaustiva análise dos antecedentes, da normativa aplicable e dos fundamentos esgrimidos polo recorrente, extráense as seguintes conclusións xurídicas e técnicas:

Primeira.- Actuación conforme a dereito da Comisión de Valoración: Queda plenamente acreditado que a Comisión de Valoración actuou en todo momento con estrito apego ás bases da convocatoria (que constitúen a "lei do concurso") e á legalidade vixente. As decisións adoptadas en canto á valoración de méritos foron motivadas, respectando os principios de igualdade, mérito e capacidade, sen que exista ningún indicio de arbitrariedade nin desviación de poder.

Segunda.- Inadmisibilidade de méritos extemporáneos: A pretensión de facer valer méritos perfeccionados fóra do prazo legal (como o curso finalizado en decembro de 2025, cando o prazo pechou o 7 de novembro de 2025) ou de valoración da consolidación de grao non acreditados no seu momento e sen acto administrativo expreso, resulta xuridicamente inasumible. Acceder a isto suporía unha infracción frontal da base segunda da convocatoria e unha vulneración do dereito á igualdade do resto de posibles aspirantes. Non existe, como se razoou, a "igualdade na ilegalidade".

Terceira.- Discrecionalidade técnica e correcta cualificación funcional: A diferenciación entre as funcións operativas e de xestión de fluxos monetarios (Tesouraría) e as funcións directivas e de control interno (Contabilidade) está taxativamente fixada no Real Decreto 128/2018. A Comisión exerceu correctamente a súa discrecionalidade técnica ao cualificar a experiencia e formación do candidato, non sendo posible confundir o uso instrumental dunha ferramenta informática (SICAP/GEMA) co desempeño técnico das competencias exclusivas da Xefatura de Contabilidade.

Cuarta.- Non superación da puntuación mínima: Ao desestimarse integramente os motivos de impugnación do aspirante, confírmase que D. Óscar Miguel Vega Andión non acadara a puntuación mínima de 20 puntos esixida na base cuarta para superar a primeira fase do concurso. Polo tanto, o procedemento de provisión non pode culminar coa adxudicación do posto

VI. PROPOSTA DE ACORDO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Por todo o exposto fundamentada e razoadamente neste informe, e constatando que a resolución impugnada axústase plenamente á legalidade os membros da Comisión de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 108 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

Valoración por unanimidade ACORDAN elevar á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- DESESTIMAR integramente o recurso de reposición interposto por D. Óscar Miguel Vega Andi3n contra a valoraci3n definitiva de m3ritos e, en consecuencia, CONFIRMAR de xeito firme e definitivo o Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 27 de febreiro de 2026, polo que se declara DESERTA a convocatoria p3blica para a provisi3n por concurso espec3fico do posto de Xefe/a do Servizo de Contabilidade Xeral (Expte. 1915/1102).

SEGUNDO.- NOTIFICAR o presente acordo ao interesado, fac3ndolle saber os recursos aos que ten dereito. Neste sentido, indicar3selle que a presente resoluci3n pon fin 3 v3a administrativa e que contra ela non cabe interpo3er ning3n outro recurso administrativo, sen prexuízo de que poida interpo3er directamente recurso contencioso-administrativo perante a secci3n do contencioso- administrativo do Tribunal de Instancia de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados dende o d3a seguinte ao da notificaci3n desta resoluci3n, nos supostos, termos e condici3ns previstos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicci3n Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente para a defensa dos seus intereses”

A vista da proposta formulada pola Comisi3n de Valoraci3n en sesi3n de data 21 de abril de 2026 , procede elevar a Xunta de Goberno Local como 3rgano competente para a adopi3n do acordo conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL, o seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- DESESTIMAR integramente o recurso de reposición interposto por D. Óscar Miguel Vega Andi3n contra a valoraci3n definitiva de m3ritos e, en consecuencia, CONFIRMAR de xeito firme e definitivo o Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 27 de febreiro de 2026, polo que se declara DESERTA a convocatoria p3blica para a provisi3n por concurso espec3fico do posto de Xefe/a do Servizo de Contabilidade Xeral (Expte. 1915/1102).

SEGUNDO.- NOTIFICAR o presente acordo ao interesado, fac3ndolle saber os recursos aos que ten dereito. Neste sentido, indicar3selle que a presente resoluci3n pon fin 3 v3a administrativa e que contra ela non cabe interpo3er ning3n outro recurso administrativo, sen prexuízo de que poida interpo3er directamente recurso contencioso-administrativo perante a secci3n do contencioso- administrativo do Tribunal de Instancia de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados dende o d3a seguinte ao da notificaci3n desta resoluci3n, nos supostos, termos e condici3ns previstos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicci3n Contencioso-Administrativa. Todo iso

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresi3n: 06/05/2026 09:57	P3xina 109 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AE3EAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electr3nica do documento utilizando o c3digo QR da esquerda ou o c3digo de verificaci3n na direcci3n http://www.vigo.org/csv		

sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente para a defensa dos seus intereses”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(319).- ENCOMENDA DA REDACCIÓN DO PROXECTO “RENOVACIÓN DO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA CESÁREO VÁZQUEZ, ENTRE A AVENIDA RICARDO MELLA E ESTRADA DE CAMPOSANCOS”. EXPTE. 2601/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/04/2026, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 29 de decembro de 2025, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC – Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2030.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado segundo, recóllese a execución dun plan de investimentos, que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021 e 10.04.26).

III.- No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercerá o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia FCC Vigo UTE da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 13 de abril de 2026 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe de Área de Servizos Xerais emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **RENOVACIÓN DO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA CESÁREO VÁZQUEZ, ENTRE A AVENIDA RICARDO MELLA E ESTRADA DE CAMPOSANCOS”.** O devandito informe indica o seguinte:

A rúa Cesáreo Vázquez ubícase na parroquia de Oia, e nas súas marxes predomina a edificación residencial de baixa densidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 110 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

Nos últimos tempos véñense producindo reiterados problemas no treito comprendido entre a Avenida Ricardo Mella e a Estrada de Camposancos, tanto na rede de saneamento coma na de abastecemento de auga.

A rede de saneamento está formada por dous colectores de formigón, de diámetros variables entre 300 e 500 mm. Esta rede, concibida inicialmente para funcionar coma separativa, foi derivando en rede unitaria, ao transportar ámbolos dous colectores augas fecais. Adicionalmente, e debido á súa antigüidade, os colectores presentan un alto grado de desgaste e fisuras nas tubaxes, polo que se require a súa renovación.

Así mesmo, a rede de abastecemento está formada por unha tubaxe de fundición de 150 mm, que debido á súa antigüidade finalizou a súa vida útil e require igualmente da súa renovación.

A renovación de ámbalas dúas redes permitirá minimizar as avarías que se están a producir e que provocan molestias á veciñanza. Malia a existir un proxecto municipal en tramitación para a renovación completa da pavimentación e redes de servizos na rúa, a súa execución vaise adiar xa que este prevé a adaptación da rúa á sección viaria do novo PXOM, o que require a previa obtención dos terreos necesarios. A tramitación da obtención dos terreos, actualmente privados, conleva uns prazos que non resultan compatibles coa necesidade de actuar a curto prazo nas redes de abastecemento e saneamento, cinguíndose ao trazado do viario actual, para evitar as frecuentes incidencias nas redes que provocan filtracións, afeccións ao tráfico, interrupcións do servizo de abastecemento, danos en bens públicos e propiedades dos veciños, así coma perdas de auga non rexistrada.

V.- A vista deste informe, con data 16 de abril de 2026 o Concelleiro da Area de Goberno de Fomento e Servizos resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto **“RENOVACIÓN DO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA CESÁREO VÁZQUEZ, ENTRE A AVENIDA RICARDO MELLA E ESTRADA DE CAMPOSANCOS”**

VI.- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 10 de abril de 2026. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto **RENOVACIÓN DO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA CESÁREO VÁZQUEZ, ENTRE A AVENIDA RICARDO MELLA E ESTRADA DE CAMPOSANCOS”**

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 111 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

15(320).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA INSTALACIÓN DE VENTILACIÓN E EXTRACCIÓN DE GARAXES DOS SOTOS -1 E -2 DA CASA CONSISTORIAL”. EXPTE. 6606/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/04/2026, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 10.07.2024 resolveu autorizar o contrato menor e o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa NORTAP INGENIEROS S.L.

II.- A dita mercantil presenta, trala fase de supervisión, proxecto básico de “MELLORA DA INSTALACIÓN DE VENTILACIÓN E EXTRACCIÓN DE GARAXES DOS SOTOS -1 E -2 DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo enxeñeiro técnico Industrial Ramón Docampo Alonso.

III.- O xefe da Área de Servizos Xerais o día 11.12.2024 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 12.12.2024, a proposta do técnico de Administración Xeral, resolveu iniciar expediente para a aprobación do devandito proxecto.

IV.- O inmovible obxecto da intervención sitúase na praza do Rei nº1 de Vigo (Pontevedra), sobre a parcela con referencia catastral nº 2662601NG2726S.

As superficies das zonas de aparcamento son as seguintes:

- Planta Soto -1: 1.039 m2 (34 prazas de aparcamento).
- Planta Soto -2: 3.319 m2 (151 prazas de aparcamento).

Estas zonas de aparcamento dispoñen de accesos (entrada e saída) independentes para cada planta desde a rúa Granada.

Trátase de realizar a demolición da instalación de ventilación existente e executar unha nova instalación que cumpra os requisitos do DB-HS3 e DB-SI3.

Estas zonas actualmente dispoñen dun sistema de ventilación que presenta as seguintes características:

- O seu deseño é anterior á entrada en vigor do Código Técnico da Edificación (CTE), polo que non cumpre os requisitos de caudal esixidos polo DB-HS3 de Calidade de Aire Interior.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 112 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

- Tampouco se cumpren os requisitos indicados polo DB-SI3 para que a ventilación existente poida funcionar como sistema de evacuación de fumes cando exista un incendio.
- Ao realizarse diferentes modificacións de distribución (sobre todo no soto 1), existen condutos do garaxe que pasan por outras zonas, sin dispoñer dos elementos que garantan unha sectorización de incendios conforme a normativa.

Proxéctase un novo sistema de ventilación mecánica nos aparcamentos do edificio situados nas plantas soto -1 e soto -2 co fin de asegurar unha adecuada renovación de aire no mesmo, evitando altas concentracións de CO e a evacuación de fumes en caso de incendio.

Na planta soto -1 exponse dúas redes de condutos de extracción, cada unha delas cun equipo de ventilación. Estas redes lévanse á cuberta do edificio, onde se sitúan os ventiladores.

Na planta soto -2 exponse catro redes de condutos de extracción, cada unha delas cun equipo de ventilación. Estas redes lévanse a unha cuberta (zona aterrada) da planta soto -1, onde se sitúan os ventiladores.

En ambos casos, exponse a admisión de aire de forma natural mediante reixas en fachadas ou portas de acceso de vehículos.

O sistema proxectouse coas seguintes características:

- O sistema garantirá un caudal de extracción de 150 l/praza, como mínimo, conforme a táboa 2.1 do DB-HS3-2 así como do DB-SI4-8 "control do fume de incendio".
- O sistema garantirá un aporte de aire exterior a razón de 120 l/s por praza, como mínimo, conforme co especificado no documento HS3.

A ventilación é de tipo mecánica, na que a renovación do aire se produce pola circulación do mesmo entre as reixas previstas para a entrada natural de aire e as reixas dos condutos dos sistemas de extracción previstos.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (CINCO) 5 MESES..

V.- A enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emite o día 07.04.2026 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

"(...)

É de aplicación o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo (Publicado no B.O.P Nº 146, o 4 de Agosto de 2025 e no D.O.G. o 30 de Xuño de 2025). En vigor dende o 27 de Agosto de 2025.

O edificio atópase en solo clasificado como urbano consolidado e calificado como equipamento administrativo. A edificación da Casa Consistorial na que se localizan as obras atópanse no ámbito do Plan Especial de Protección do Casco Vello de Vigo.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 113 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

As actuacións pretendidas son compatibles co ordenamento urbanístico vixente na zona.

Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe”.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 114 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de “**MELLORA DA INSTALACIÓN DE VENTILACIÓN E EXTRACCIÓN DE GARAXES DOS SOTOS -1 E -2 DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO**”, redactado polo enxeñeiro técnico Industrial Ramón Docampo Alonso, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS SESENTA E TRES MIL CATROCENTOS SESENTA E OITO EUROS con VINTE E DOUS CÉNTIMOS (463.468,22 €) e asinado dixitalmente o día 6 de abril de 2026.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(321).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “MELLORA INTEGRAL DA GRADA MUNICIPAL A MADROA”. EXPTE. 6769/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/04/2026, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos o día 24.02.2024 resolveu autorizar o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor do arquitecto Pedro de la Puente Crespo.

II.- O dito arquitecto presenta trala fase de supervisión, proxecto de “MELLORA INTEGRAL DA GRADA MUNICIPAL A MADROA, CONCELLO DE VIGO”.

III.- O xefe da Área de Servizos Xerais o día 13.08.2025 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 13.08.2025, a proposta do xefe dos Servizos Xurídicos, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- As instalacións deportivas de A Madroa son un complexo deportivo que encontrase no monte de A Madroa, no noroeste de Vigo.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 115 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A actuación desenvólvese no edificio da bancada dentro do complexo deportivo de A Madroa, situado na parcela con referencia catastral 7174503NG2777S0001TU, dedicado a desenvolver actividades deportivas.

Actualmente sobre a bancada dispónse unha cuberta de forma cóncava que recolle as augas de escorrentía na súa parte central, sobre unha estrutura de madeira que presenta un alto grado de deterioro.

As obras a executar se describen a continuación:

- Substitución da cuberta da bancada existente, por unha tipoloxía de cuberta con forma convexa para a recollida da auga pluvial nos extremos.
- Saneado e tratamento de protección fronte aos axente biolóxicos e atmosféricos do 80% das vigas de madeira que forman parte da estrutura.
- Impermeabilización do edificio mediante a disposición de falsos teitos de paneis sándwich con recollida interior da auga filtrada na planta baixa e recubrimento dos pavimentos e bancadas con dúas capas de resina epoxi mesturada con áridos, con obxectivo de mellorar a durabilidade e condicións de resbaladicidade do mesmo.
- Ampliación do almacén existente e substitución da cuberta de policarbonato por unha cuberta de panel sándwich con pranchas de policarbonato intercaladas, pechando o espazo con unha fachada lixeira en panel sándwich.
- Mellora da accesibilidade do edificio mediante a redistribución interior na entreplanta coa incorporación de dous aseos ADAPTADOS.
- Reordenación da planta baixa en dous vestiarios simétricos e unha zona de administración intermedia.
- Instalación dun ascensor de comunicación entre a entreplanta e a planta baixa, situado separado do edificio da bancada e conectado a este mediante unha pasarela de lousa de formigón e varandas a ambos lados. A estrutura que aloxa ao ascensor se realiza con dúas pantallas de fábrica armada e dous paramentos pechados mediante un muro cortina de celosía de aluminio de lamais verticais que prolóngase por enriba da torre do ascensor.
- Actividades complementarias de albanelería, alicatados, carpintería e cerraxería.

Fundamentalmente os obxectivos da actuación son os de solucionar as patoloxías da cuberta, mellora de accesibilidade do polideportivo e redistribución dos espazos interiores, seguindo criterios acordes a actuacións similares, que pivoten na mellora do aforro enerxético, facilidade de mantemento, alta calidade de materiais, e criterios ambientais.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO (4) MESES.

V.- A enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite o día 17.04.2026 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

O planeamento vixente no Concello de Vigo é a Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en data 26/05/2025 (expte. 15313/411), publicado no DOG nº123 de data 30/06/2025, co certificado de inscrición no Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 116 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

data 07/07/2025 e publicación no BOP nº146, de data 04/08/2025, coa súa entrada en vigor o 27/08/2025.

A parcela onde se sitúa a grada localízase no ámbito da dotación urbanística SX-EQ-DE-Ex-376 (sistema xeral de equipamentos Deportivos Existentes), de titularidade pública, en solo rústico de protección ordinaria.

No proxecto de mellora integral da Grada Municipal de A Madroa non realizaranse intervencións que modifiquen os parámetros urbanísticos (ocupación, edificabilidade, altura máxima, etc.) do edificio existente, cúmprese, por tanto, a normativa urbanística.

As obras localízanse dentro do ámbito de protección dos elementos catalogados cos códigos GA36057144, GA36057145, GA36057146 e GA36057147, tal como indica o informe do Servizo de Patrimonio Histórico asinado dixitalmente en data 09/10/2025, polo que durante a execución das obras deberá realizarse un control arqueolóxico de movemento de terras.

Consta no expediente a autorización de data 02/01/2026 da Dirección do Departamento Territorial de Pontevedra do Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, supeditada á entrega do correspondente proxecto arqueolóxico antes do inicio dos traballos.

Tendo en consideración que aínda que as obras propostas atópanse dentro da zona de servidume aeronáutica, Aeroporto de Vigo (RD 584/1972 e o RD 2278/1986 polo que se establecen as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Vigo), a cuberta da grada que se substitúe non aumenta a altura total máxima existente da edificación, como pode verse nos planos do proxecto, en consecuencia, enténdese que non é preciso o requirimento da autorización, por non elevar o perfil existente no seu entorno. Sí se solicitou autorización para os elementos auxiliares que poden ser necesarios durante a execución da obra. Data solicitude 14 de abril de 2026.

As actuacións definidas no proxecto non se engloban nos supostos contemplados na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que non precisa someterse a avaliación de impacto ambiental. Non se aprecia que a obra afecte a ningunha normativa sectorial significativa.

Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 117 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tívóronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de “MELLORA INTEGRAL DA GRADA MUNICIPAL A MADROA, CONCELLO DE VIGO”, redactado polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS VINTE E CATRO MIL SEISCENTOS TRINTA E SETE EUROS con NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (724.637,98 €) e asinado dixitalmente o día 16 de abril de 2026.

ACORDO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 118 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(322).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PROXECTO E CUSTOS ASOCIADOS AOS MESMOS PARA AS “MELLORAS NO SANEAMENTO NO ENTORNO DE BALAIOS. FASE II: RETRANQUEO DOS COLECTORES PARALELOS Á GRADA DE TRIBUNA. EXPTE. 1885/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/04/2026, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 29 de decembro de 2025, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2030, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado segundo, recóllese a execución dun plan de investimentos por un importe máximo de 41.723.704,74 euros, ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 04.12.2025 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- Con data 2 de febreiro de 2024 o Enxeñeiro Municipal, D. Xacobe Paz Salgado e o Xefe de Área de Servizos Xerais, D. Jerónimo Centrón Castañón emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na **Melloras do saneamento da contorna de Balaios**. informe ao abeiro do cal, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, por medio de Orde de Servizo de data 5 de febreiro de 2024, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 16 de febreiro de 2024 na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de **MELLORAS DO SANEAMENTO DA CONTORNA DE BALAIOS**.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 119 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

IV.- Con data 20 de abril de 2026 Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o proxecto de **MELLORAS NO SANEAMENTO NO ENTORNO DE BALAIADOS.FASE II: RETRANQUEO DOS COLECTORES PARALELOS Á GRADA DE TRIBUNA**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Eugenia Calvo López, cun orzamento de execución material de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS SETENTA E UN MIL CATROCIENTOS VINTE E TRES CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (2.371.423,53 EUROS), e un orzamento base de licitación de TRES MILLÓNS CATROCIENTOS CATORCE MIL SEISCENTOS DOCE CON SETENTA E CATROS CÉNTIMOS (3.414.612,74 €). o proxecto dispón de sinatura dixital de data 17 de abril de 2026.

V.- Coa mesma data a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	SERYE INGENIEROS S.L.	47,428.47 €
Asistencia técnica á D.O.	SERYE INGENIEROS S.L.	47,428.47 €
Coordinación de seguridade e saúde	CIES ATLÁNTICO SLU	11.857,12 €
	SUMA	106.714,06 €
	11% Gastos de Xestión	11.738,55 €
Estudios xeotécnicos	GALAICONTROL	9,061.94 €
	TOTAL (IVE excluído)	127.514,55 €

VI.- A Enxeñeira Industrial, D^a Cristina Tapias Bouso e a Técnica Media de Obras Públicas, D^a María Francisca Arlandis Marra, con data 21 de abril de 2026 emiten informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

VII.- Coa mesma data o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal e o Xefe de Área de Servizos Xerais emiten informe no que indica, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, se corresponden cos «ratios» aprobados na Xunta de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 120 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria e é adecuado ao custe do mercado actual.

Consideracións Técnicas e Xurídicas

I. Aínda que a execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de inversións aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación, tal execución require igualmente, conforme ao establecido no artigo 231 da LCSP para a adxudicación do contrato de obras, a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- O proxecto de obras foi obxecto de supervisión pola Oficina de Supervisión de Proxectos municipal e, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, o proxecto cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario: o proxecto reúne os contidos mínimos e as esixencias que sinalan os artigos 233 LCSP e 125 a 133 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, para os proxectos de obras que deban ser obxecto de específico procedemento de adxudicación, e axústase á normativa técnica de aplicación ao mesmo, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

III.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da "Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo", outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 121 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- Aprobar o proxecto de **MELLORAS NO SANEAMENTO NO ENTORNO DE BALAIOS.FASE II: RETRANQUEO DOS COLECTORES PARALELOS Á GRADA DE TRIBUNA**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Eugenia Calvo López, cun orzamento de execución material de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS SETENTA E UN MIL CATROCENTOS VINTE E TRES CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (2.371.423,53 EUROS), e un orzamento base de licitación de TRES MILLÓNS CATROCENTOS CATORCE MIL SEISCENTOS DOCE CON SETENTA E CATROS CÉNTIMOS (3.414.612,74 €). o proxecto dispón de sinatura dixital de data 17 de abril de 2026.

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de **MELLORAS NO SANEAMENTO NO ENTORNO DE BALAIOS.FASE II: RETRANQUEO DOS COLECTORES PARALELOS Á GRADA DE TRIBUNA** por un importe de 127.514,55 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	SERYE INGENIEROS S.L.	47,428.47 €
Asistencia técnica á D.O.	SERYE INGENIEROS S.L.	47,428.47 €
Coordinación de seguridade e saúde	CIES ATLÁNTICO SLU	11.857,12 €
	SUMA	106.714,06 €
	11% Gastos de Xestión	11.738,55 €
Estudios xeotécnicos	GALAICONTROL	9,061.94 €
	TOTAL (IVE excluído)	127.514,55 €

Terceiro.- Nomear como directores de obra a D. Juan Sánchez González e D. Xacobe Paz Salgado, Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos.

Cuarto.- Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo dun mes que comenza ao día seguinte ao da súa notificación, ou impugna directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Sen prexuízo de que poida exercer, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 122 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditar e notificar a resolución do recurso.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(323).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DE MURO DE PECHE E CONTENCIÓN NO CAMIÑO GALINDRA-CASTRELOS, VIGO”. EXPTE. 7015/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/04/2026, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 18.07.2025, aprobou o proxecto básico e de execución de "REHABILITACIÓN DE MURO DE PECHE E CONTENCIÓN NO CAMIÑO GALINDRA – CASTRELOS, VIGO", redactado e asinado polo arquitecto Ángel J. Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITENTA E SETE MIL SESENTA E DOUS EUROS con CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (87.062,55 €), e asinado dixitalmente o día 30 de xuño de 2025. Expte. 6448-443.

II.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 05.12.2025 acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto das obras do proxecto de "REHABILITACIÓN DE MURO DE PECHE E CONTENCIÓN NO CAMIÑO GALINDRA – CASTRELOS, VIGO", redactado e asinado polo arquitecto Ángel J. Santorio Cuartero.. (Expte. 2431-441).

Dito procedemento foi declarado deserto por acordo da Xunta de Goberno Local do día 06.04.2026, porque o único licitador presentado retirou a súa oferta.

III.- Á vista do exposto, por parte do redactor presentase actualización do “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DE MURO DE PECHE E CONTENCIÓN NO CAMIÑO GALINDRA – CASTRELOS, VIGO”, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO VINTE E NOVE MIL TRESCENTOS DEZ EUROS con OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (129.310,89 €).

IV.- O xefe da Área de Servizos Xerais en data 15.04.2026 informou que o documento presentado cumpre cos obxectivos propostos, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos na mesma data, a proposta do técnico de Administración Xeral,

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 123 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

resolveu iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

V.- O proxecto contempla as actuacións necesarias para a rehabilitación e mellora do muro tradicional de peche e contención sito na fronte do camiño da Galindra, na fachada principal da urbanización do mesmo nome, na parroquia de Santa María de Castrelos, no termo municipal de Vigo. As actuacións descritas consisten na rehabilitación do muro tradicional existente de peche da parcela e contención de terras, que na actualidade encóntrase parcialmente destruído a consecuencia de diversas patoloxías construtivas que afectaron a súa capacidade portante, poñendo en cuestión a seguridade e estabilidade do mesmo.

De acordo coa configuración topográfica da zona e da súa configuración xeométrica, adoptouse a seguinte solución proxectual:

- Desmontaxe parcial e consolidación dos extremos do muro existente, configurando un entorno apto e suficiente e unhas condicións apropiadas para a realización dos traballos. Se poñerá especial cuidado á hora de desmontar ditos extremos da mampostería para facilitar a execución dun muro de formigón proxectado no seu trasdós e garantir o engarce destas zonas co tramo do muro a repoñer.
- Como traballos previos, contéplase a retirada dos terreos existentes no trasdós de ditos extremos do muro en pé, de forma que se posibilite a realización da escavación precisa para levar a cabo a cimentación do novo muro interior a executar. Se poñerá especial cuidado á hora de levar a cabo a escavación necesaria, retirando as terras do trasdós do muro que se vaia desmontando, e ataluzando ditos terreos suficientemente para garantir a seguridade dos mesmos e o conxunto. Os terreos retirados acopiaranse na propia parcela do espacio libre existente, para a súa posterior reposición novamente no trasdós do muro, que serán debidamente compactados ao Próctor Normal por tongadas, ao igual que a mampostería de granito, que acopiaranse na parcela para a súa posterior reposición.
- Posteriormente executarase a cimentación e o muro de formigón interior para dispoñer de novo a mampostería de granito cara a rede viaria do camiño da Galindra, contigua ao muro de formigón, a cal contará cun lixeiro ataluzamento.
- Prevese a impermeabilización do muro de formigón e a recollida das augas do seu trasdós por medio de tubo drenante a pé do mesmo, que se conectará á rede de pluviais existente no acceso rodado contiguo.
- Na coroación do muro xa executado, realizarase un zuncho corrido superior que conectará a coroación do muro coas pedras do muro de mampostería, evitando así que poidan soltarse e desprenderse no futuro.
- Finalmente, completarse o conxectivo do drenaxe á reixa de pluviais existente no acceso ao aparcamento da urbanización contiguo ao punto de execución da obra.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOUS (2) MESES.

VI.- Consta no expediente administrativo de referencia resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 06.08.2024, pola que se autoriza o proxecto de control



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 124 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

arqueolóxico da rehabilitación de muro de peche e contención no Camiño da Galindra, Castrelos, Vigo, coa afección do/s xacemento/s de CASTRO DO MONTE DA MINA (GA36057149).

V.- A enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emite o día 21.04.2026 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(...)

Actualmente encontrase vixente o novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 26 de maio de 2025 e publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) o 30 de xuño de 2025. A súa entrada en vigor se produciu o 27 de agosto de 2025, quince días hábiles despois da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO núm. 146, de 4 de agosto de 2025).

Consta no expediente informe do redactor do proxecto con data outubro de 2025 onde indicase que as actuacións propostas no mesmo considéranse plenamente compatibles co réxime do solo recollido para os terreos en cuestión na Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, aprobado definitivamente o 26/05/2025.

A urbanización de A Galindra está incluída na área de respecto (contorno de protección) do xacemento arqueolóxico do Castro do Monte de A Mina (GA36057149). Ademais, nas proximidades do muro a rehabilitar, encóntrase o Cruceiro Calvario da Costa. As fichas do PBA de ambos elementos incorpórase na Memoria Urbanística do Proxecto e axúntase ao mesmo no Anexo nº 9.

Por resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, con fecha 6 de agosto de 2024, autorízase o proxecto de control arqueolóxico da rehabilitación de muro de peche e contención no camiño da Galindra, Castrelos, Vigo, coa afección do/s xacemento/s de Castro do Monte da Mina (GA36057149).

O proxecto de “Actualización do proxecto básico e de execución de rehabilitación do muro de peche e contención no camiño Galindra-Castrelos, Vigo” recolle a actualización dos importes das unidades de obra a data de abril de 2026, que se incorporan no documento do Presuposto. Esta actualización de prezos non modifica ningunha outra parte do proxecto “BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DE MURO DE PECHE E CONTENCIÓN NO CAMIÑO GALINDRA – CASTRELOS, VIGO” aprobado en data da sinatura dixital 18 de xullo de 2025 pola Xunta de Goberno Local, que quedou deserto.

En canto os custes unitarios incluídos no proxecto actualizado considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 125 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar a **“ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DE MURO DE PECH E CONTENCIÓN NO CAMIÑO GALINDRA – CASTRELOS, VIGO”**, redactado e asinado polo arquitecto Ángel J. Santorio Cuartero, cun



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 126 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

orçamento base de licitación máis IVE de CENTO VINTE E NOVE MIL TRESCENTOS DEZ EUROS con OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (129.310,89 €) e asinado dixitalmente o día 20 de abril de 2026.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(324).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TAQUILLA EN VIGNATURE. EXPTE. 13340/612.

Visto o informe xurídico do 16/04/2026 e o informe de fiscalización do 21/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/04/2026, asinado polo director de Rexime Interior-Zoo, o xefe do Servizo de Medio Ambiente, e conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

Debido a necesidade de contratación do servizo de taquilla nas instalacións de VigoNature pertencente á Concellería de Medio Ambiente e nunha previsión de maior axilización na tramitación e maior control e xestión das contratacións, así como tratarse dun servizo de tracto sucesivo, se estima a posibilidade de iniciación dun procedemento de licitación para dito servizo.

Polo tanto, neste proceso licitatorio se seguirán os criterios establecidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP) no que se pretende cubrir as necesidades deste servizo para garantir o bo funcionamento do mesmo.

En cumprimento do art. 28 da LCSP, o requisito de facelo se xustifica en que para cubrir as necesidades derivadas da vixilancia deste tipo de instalacións en horario nocturno. O contido do contrato supoñe cubrir as necesidades de vixilancia destas instalacións.

Como consecuencia do anterior, con data de 23/02/2026, a Concelleira de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoNature, se inicie o expediente para a contratación do servizo de taquilla en VigoNature.

En vista do anterior dende este servizo se elabora memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

1. Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo Director de Réxime Interior de VigoNature o 23/02/26 e pola Concelleira da Medio Ambiente coa mesma data.
2. Orde de inicio da Concelleira da Área de Fondos Europeos e Medio Ambiente para o inicio do expediente do 24/02/26.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 127 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. Memoria económica asinada polo Director de Réxime Interior de VigoNature, o xefe de servizo de Medio Ambiente e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente de 26/03/2026 e polo Concelleiro de Área de Orzamentos e Facenda o 27/03/2026.
4. Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Director de Réxime Interior de VigoNature, o xefe de servizo de Medio Ambiente e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente o 08/04/2026.
5. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Director de Réxime Interior de VigoNature o 26/03/2026.
6. Informe emitido pola Xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos o 15/04/26, sobre a comprobación documental do expediente.
7. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola Xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos o 15/04/26.

2.- Condicións definitorias do contrato:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, na contratación do servizo de taquilla nas instalacións de VigoNature no relativo ao control de accesos do público, da venda de entradas e da reserva de actividades.

b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a ordinaria e o procedemento de adxudicación o aberto, en aplicación do artigo 159 da LCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c) Orzamento e base de licitación

Sínálase o orzamento base de licitación (88.177,12 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (15.303,47 €) e o valor estimado (72.873,65 €). A execución do contrato abrangue 19 mensualidades sen posibilidade de prorroga.

- VIGONATURE (337.1. 227.99.00)

	Importe	IVE	Total
01/06/2026	26.348,94 €	5.533,28 €	31.882,22 €
2027	46.524,71 €	9.770,19 €	56.294,90 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria indicada no parágrafo anterior.

Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario xa que o gasto contemplado no presente orzamento é superior ao previsto nesta contratación e non afectará á sustentabilidade financeira



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 128 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

do Concello. Por outra banda, este gasto é recorrente dentro das previsións de gasto deste servizo nos derradeiros anos.

d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En cumprimento do art. 28 da LCSP, velarase pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización de trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na LCSP.

Este servizo nas instalacións da Concellería de Medio Ambiente poden encadrarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.

e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 19 meses, sen prórroga.

f) Réxime de pagamentos

O pagamento efectuarase mediante facturación mensual vencida, en partes iguais entres os meses de realización do servizo:

- 2026: xuño a outubro.
- 2027: febreiro a outubro.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

g) Clasificación / Solvencia

A clasificación non é obrigatoria

h) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Director de Réxime Interior VigoNature.

j) Seguro

O adxudicatario deberá subscribir ao seu cargo un programa de seguros cuos importes nunca sexan inferiores aos obrigados segundo as leis e normas vixentes.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 129 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En canto ao seguro de responsabilidade civil, debe ser con entidade aseguradora legalmente autorizada, co obxecto de cubrir as obrigas derivadas do obxecto do contrato. Dito seguro de Responsabilidade Civil deberá ter un límite de indemnización non inferior a 150.000 euros por sinistro e ano para cubrir o pago das indemnización das cales puidera resultar civilmente responsable polos perxucios causados, debido a faltas ou erros propios ou cometidos por persoas das que deba legalmente responder no exercicio da actividade.

3.- Criterios de adxudicación e ponderación

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo, explícanse e motivan os criterios elixidos e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 7 das FEC prevese a valoración dos criterios:

1.- Redución do prezo do contrato: valorarse ata un máximo de 100 puntos.

4.- Revisión de prezos:

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteranse sen grandes modificacións nos próximos anos.

Polo exposto, unha vez emitidos os preceptivos informes da titular da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo de “taquilla en VigoNature”, expte. 13340/612.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, asinado dixitalmente polo director de Réxime Interior de VigoNature o 26/03/2026 ao que se lle incorpora un anexo.

TERCEIRO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 15/04/2026.

CUARTO.- Autorizar o gasto de 31.882,22 € (IVE 21% engadido) para o ano 2026; sendo o importe do gasto (IVE 21% engadido) de 56.294,90 € para o ano 2027, subordinado á existencia do crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos ao abeiro do establecido no artigo 174 do Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, con cargo á partida orzamentaria . O Importe total do contrato é de 88.177,12 € en IVE engadido (72.873,65 € importe sen IVE e 15.303,47 € importe da cota do IVE).

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto na LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 130 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

20(325).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE VIGONATURE. EXPTE. 13341/612.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 21/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado polo director de Rexime Interior-Zoo, o xefe do Servizo de Medio Ambiente, e conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

Debido a necesidade de contratación do servizo de mantemento na quenda de tarde nas instalacións de VigoNature pertencente á Concellería de Medio Ambiente e nunha previsión de maior axilización na tramitación e maior control e xestión das contratacións, así como tratarse dun servizo de tracto sucesivo, se estima a posibilidade de iniciación dun procedemento de licitación para dito servizo.

Polo tanto, neste proceso licitatorio se seguirán os criterios establecidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP) no que se pretende cubrir as necesidades deste servizo para garantir o bo funcionamento do mesmo.

En cumprimento do art. 28 da LCSP, o requisito de facelo se xustifica en que para cubrir as necesidades derivadas do servizo de mantemento deste tipo de instalacións en horario de tarde. O contido do contrato supoñe cubrir as necesidades de mantemento destas instalacións.

Como consecuencia do anterior, con data de 23/02/2026, a Concelleira de Área de Medio Ambiente, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoNature, se inicie o expediente para a contratación do servizo de mantemento en VigoNature.

En vista do anterior dende este servizo se elabora memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

1. Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo Director de Réxime Interior de VigoNature o 23/02/26 e pola Concelleira da Medio Ambiente coa mesma data.
2. Orde de inicio da Concelleira da Área de Fondos Europeos e Medio Ambiente para o inicio do expediente do 24/02/26.
3. Memoria económica asinada polo Director de Réxime Interior de VigoNature, o xefe de servizo de Medio Ambiente e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e polo Concelleiro de Área de Orzamentos e Facenda o 27/03/2026.
4. Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Director de Réxime Interior de VigoNature, o xefe de servizo de Medio Ambiente e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente o 08/04/2026.
5. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Director de Réxime Interior de VigoNature o 27/03/2026.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 131 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6. Informe emitido pola Xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos o 15/04/26, sobre a comprobación documental do expediente.
7. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola Xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos o 15/04/26.

2.- Condicións definitorias do contrato:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, na contratación dun servizo de mantemento preventivo e correctivo na quenda de tarde nas instalacións de VigoNature que inclúe as seguintes prestacións:

- a) O mantemento preventivo das instalacións, equipos e sistemas.
- b) As aperturas e peches das instalacións de acordo cos protocolos vixentes de seguridade e benestar animal, empregando as listas de verificación e rexistros establecidos.
- c) A prestación loxística do Veterinario.

b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a ordinaria e o procedemento de adxudicación o aberto, en aplicación do artigo 159 da LCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c) Orzamento e base de licitación

Sínálase o orzamento base de licitación (190.905,56 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (33.132,44 €) e o valor estimado (157.773,52 €). A execución do contrato abrangue 19 mensualidades sen posibilidade de prorroga.

	Importe	IVE	Total
- VIGONATURE (337.1. 227.99.00)			
01/06/2026	52.053,87 €	10.931,31 €	62.985,18 €
2027	105.719,65 €	22.201,13 €	127.920,78 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria indicada no parágrafo anterior.

Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario xa que o gasto contemplado no presente orzamento é superior ao previsto nesta contratación e non afectará á sustentabilidade financeira do Concello. Por outra banda, este gasto é recorrente dentro das previsións de gasto deste servizo nos derradeiros anos.

d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En cumprimento do art. 28 da LCSP, velarase pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización de trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 132 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos términos previstos na LCSP.

Este servizo nas instalacións da Concellería de Medio Ambiente poden encadrarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.

e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 19 meses, sen prórroga.

f) Réxime de pagamentos

O pagamento efectuarase mediante facturación mensual vencida, en doceavas partes do importe do contrato.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

g) Clasificación / Solvencia

A clasificación non é obrigatoria

h) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Director de Réxime Interior VigoNature.

j) Seguro

O adxudicatario deberá subscribir ao seu cargo un programa de seguros cujos importes nunca sexan inferiores aos obrigados segundo as leis e normas vixentes.

En canto ao seguro de responsabilidade civil, debe ser con entidade aseguradora legalmente autorizada, co obxecto de cubrir as obrigas derivadas do obxecto do contrato. Dito seguro de Responsabilidade Civil deberá ter un límite de indemnización non inferior a 150.000 euros por sinistro e ano para cubrir o pago das indemnización das cales puidera resultar civilmente responsable polos perxucios causados, debido a faltas ou erros propios ou cometidos por persoas das que deba legalmente responder no exercicio da actividade.

3.- **Criterios de adxudicación e ponderación**

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo, explícanse e motivan os criterios elixidos e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 7 das FEC prevese a valoración dos criterios:

1.- Redución do prezo do contrato: valorarse ata un máximo de 100 puntos.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 133 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4.- Revisión de prezos:

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteranse sen grandes modificacións nos próximos anos.

Polo exposto, unha vez emitidos os preceptivos informes da titular da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo de “mantemento na quenda de tarde en VigoNature”, expte. 13341/612.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, asinado dixitalmente polo director de Réxime Interior de VigoNature o 27/03/2026 ao que se lle incorpora un anexo.

TERCEIRO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 15/04/2026.

CUARTO.- Autorizar o gasto de 62.985,18 € (IVE 21% engadido) para o ano 2026; sendo o importe do gasto (IVE 21% engadido) de 127.920,78 € para o ano 2027, subordinado á existencia do crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos ao abeiro do establecido no artigo 174 do Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, con cargo á partida orzamentaria . O Importe total do contrato é de 190.905,96 € € IVE engadido (157.773,52 € importe sen IVE e 33.132,44 € importe da cota do IVE).

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto na LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Expediente de contratación do servizo e obra de mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias. Expte. 2464/441.
- .- Adxudicación da contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas verdes do Concello de Vigo. Expte. 51260/446.
- .- Expediente de contratación para a xestión do programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto Lila. Expte. 14434/224.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 134 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

21(326).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO E OBRA DE MANTEMENTO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS. EXPTE. 2464/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 16/04/2026 e o informe de fiscalización do 22/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/04/2026, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 18.05.2021 acordou adxudicar a CIVIS GLOBAL S.L. a contratación do servizo de “MANTEMENTO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS NO CONCELLO DE VIGO” (expediente 641/441). O antedito contrato formalizouse en data 10.06.2021, establecéndose como data de inicio o día seguinte ao da última sinatura do mesmo e unha duración de 4 anos.

2.- O día 25.04.2025, a Xunta de Goberno Local aprobou a prórroga por un ano de duración do contrato do “MANTEMENTO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS NO CONCELLO DE VIGO”, en favor da empresa CIVIS GLOBAL S.L.

O referido contrato de prórroga atópase actualmente en vigor rematando o 10.06.2026, motivo polo cal resulta necesario proceder á preparación da contratación do novo servizo de mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias do Concello de Vigo .

3.- En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, os días 29 e 30.09.2025 emítese informe de necesidade e idoneidade asinado polo xefe da unidade de mantemento de viais municipais, pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo xefe da Área de Servizos Xerais, ao abeiro do cal o mesmo día o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes acordou o

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 135 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

inicio do expediente de contratación, polo cal a xuízo dos técnicos que subscriben a presente memoria, considérase axeitado proceder a desenvolver os seguintes apartados para a súa definición:

4.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado os días 29 e 30.09.2025 polo xefe da unidade de mantemento de viais municipais, pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo xefe da Área de Servizos Xerais, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 30.09.2025.
- c) Memoria técnica e económica xustificativa do novo contrato asinada polo xefe da unidade de mantemento de viais municipais e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 05.02.2026.
- d) Prego de prescricións técnicas asinado polo xefe da unidade de mantemento de viais municipais e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 16.03.2026.
- e) Declaración de neutralidade dos redactores do PPTP asinada o día 16.03.2026.
- f) Informe técnico complementario asinado polo xefe da unidade de mantemento de viais municipais e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 16.03.2026.
- g) Memoria económica asinada pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro da Área de Fomento e Servizos do día 13.04.2026.
- h) Certificados de crédito asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentación o día 13.04.2026.
- i) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo servizo xestor e asinada os días 13 e 14.03.2026.
- j) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola xefa do Servizo de Contratación do día 14.04.2026.
- k) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación do día 14.04.2026.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 136 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada, os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a súa división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

III.- PROPOSTA:

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación mixta do servizo e obras do "**MANTEMENTO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS NO CONCELLO DE VIGO**", cun orzamento de licitación que ascende a un importe máximo de DEZANOVE MILLÓNS SEISCENTOS NOVENTA E OITO MIL SETENTA E DOUS EUROS con OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (19.698.072,84 €), IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE de 3.418.673,80 €, segundo a seguinte distribución de anualidades:

Anualidade	
------------	--

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 137 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2026	1.641.506,07 €
2027	4.924.518,21 €
2028	4.924.518,21 €
2029	4.924.518,21 €
2030	3.283.012,14 €
Total	19,698,072.84 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo xefe da unidade de mantemento de viais municipais e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 16.03.2026.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación do día 14.04.2026.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe 1.641.506,07 € con cargo á aplicación orzamentaria 1532 210 00 01 (Contrato de mantemento de viais e espazos públicos) do orzamento vixente, e asumir o compromiso de dotar no orzamentos iniciais dos exercicios 2027, 2028, 2029 e 2030, na aplicación orzamentaria 1532 210 00 01, créditos por importe de :

Anualidade	
2027	4.924.518,21 €
2028	4.924.518,21 €
2029	4.924.518,21 €
2030	3.283.012,14 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(327).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS ZONAS VERDES DO CONCELLO DE VIGO. Expte. 51260/446.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 23/04/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 21/04/2026, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas verdes do Concello de Vigo (51260-446)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas verdes do Concello de Vigo (51260-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de setembro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto suxeito á regulación harmonizada do contrato de MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS ZONAS VERDES DO CONCELLO DE VIGO, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 23 de xullo de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 14 de agosto de 2025.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 64.819.425,00€, que inclúe un IVE de 9.747.696,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 1710.2279901 MANTEMENTO DE XARDÍNS, distribuído nas seguintes anualidades.

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 139 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANUALIDADE	IMPORTE SEN IVE	IVE	IMPORTE CON IVE
2026 (11,5 meses)	9.936.708 €	1.758.797 €	11.695.506 €
2027	10.673.523 €	1.889.214 €	12.562.736 €
2028	10.952.070 €	1.938.516 €	12.890.586 €
2029	11.362.237 €	2.011.116 €	13.373.353 €
2030	11.660.815 €	2.063.964 €	13.724.779 €
2031 (0,5 meses)	486.377 €	86.089 €	572.465 €

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 6 de abril de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas verdes do Concello de Vigo (51260-446) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE – MANTEN	97,58
2	PREZERO ESPAÑA, SA	94,54
3	TALHER, SA	92,82
4	GRUPORAGA, SA	90,11
5	URBASER, SA	83,02
6	UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, SA – EL EJIDILLO VIVEROS INTEGRALES, SL – INGESER ATLÁNTICA, SL – SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, SL	79,96
7	UTE SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA – SETEC BUILDING, SLU	79,03

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE – MANTEN, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Lembrar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 140 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE – MANTEN, o día 6 de abril de 2026, que presenta a documentación requirida o día 15 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público de ambas licitadoras nos que figuran os obxectos sociais de ambas membros da UTE así como as súas clasificacións.
- A escritura de apoderamento do representante de ACCIONA MEDIO AMBIENTE, SA e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polos seus representantes.
- Anexos V do PCAP, asinados dixitalmente polos seus representantes.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo O, Subgrupo 6 , Categoría 5) presentan ambas membros da UTE a clasificación Grupo O, Subgrupo 6 , Categoría 5.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo O, Subgrupo 6 , Categoría 5) presentan ambas membros da UTE a clasificación Grupo O, Subgrupo 6 , Categoría 5. Asemade, esixíase estar en posesión da certificación do Sistema de Xestión da Calidade, UNE-EN-ISO 9001:2015 e a certificación do Sistema de Xestión Ambiental, UNE-EN-ISO 14001:2015 e presentan ambas os correspondentes certificados en vigor.
- Declaración responsable asinada polo representante de ACCIONA MEDIO AMBIENTE, SA conforme conta cun mínimo do 2 % de traballadores con discapacidade, así como o seu Plan de igualdade e certificado de inscrición do mesmo no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo e Plans de Igualdade.
- Senllos seguros de caución por un importe total de 2.556.980,38 € que cobren a garantía definitiva requirida, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA de ACCIONA MEDIO AMBIENTE, SA e o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo xunto co certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia de MANTEN, SL, onde figuran os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA desta licitadora.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 21 de abril de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 141 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE – MANTEN, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE – MANTEN, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 10 e 30 de marzo de 2026, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE – MANTEN o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas verdes do Concello de Vigo (51260-446) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 60.191.318,09 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.051.710,54 euros.*
- b) *O incremento da porcentaxe mínima destinado ás campañas de divulgación para fomentar o uso responsable dos espazos obxecto do contrato que fixa o PPPT (1,5% de aplicación ao importe total do gasto antes de aplicar os GG e o BI) é de 0,5*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(328).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN ESPECIALIZADA PARA A PREVENCIÓN DE SITUACIÓNS DE ACOSO E VIOLENCIA SEXUAL EN ZONAS DE OCIO. PUNTO LILA. Expte. 14434/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 142 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

Visto o informe xurídico do 15/04/2026 e o informe de fiscalización do 22/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/03/2026, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades, a xefa de Igualdade e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O obxecto deste contrato de servizos é a xestión do “Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto Lila”.

Consiste en contratar o soporte profesional e material para prestar o servizo dun “Punto Lila” en 5 eventos anuais (como máximo), que se situarán en distintas localizacións da cidade e en distintas épocas do ano, durante a programación de diferentes eventos de especial significación na cidade e con gran afluencia de público, que teña previsto organizar o Concello de Vigo.

Trátase dun programa de sensibilización, información, asesoramento e atención especializada para a prevención entre a mocidade viguesa da violencia sexual e outras formas de violencia que se exercen sobre as mulleres e mozas en zonas de ocio. As tarefas inclúen:

1. Prestar información e atención especializada en igualdade e prevención da violencia de xénero, especialmente sobre a violencia sexual e outras formas de violencia que se exercen sobre as mulleres en zonas de ocio a cargo de 4 profesionais axentes de igualdade de oportunidades con experiencia e formación en igualdade e violencia de xénero.
2. Facilitar o soporte material e infraestrutura:
 - a. Nos eventos que teñan lugar na tempada outono-inverno: unha caseta que deberá montarse e desmontarse no inicio e final de cada evento que se realice nese período.
 - b. Nos eventos que teñan lugar na tempada de primavera-verán: unha carpa pregable que deberá montarse e desmontarse cada día.

Estímase a prestación dun total de 165 horas anuais como máximo distribuídas nun máximo de 5 eventos anuais.

1º.- Mediante Resolución de data 02.03.2026 a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para contratar por procedemento aberto a prestación do servizo do *Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto Lila*.

2º.- No expediente consta a seguinte documentación:

- Informe sobre a necesidade e idoneidade e orde de inicio do procedemento aberto do contrato de servizos do *Programa de información e atención especializada para a*

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 143 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto Lila asinado o 3 de marzo de 2026 pola axente de igualdade, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e Comercio, a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda e a secretaria da Administración Municipal.

- Memoria económica asinada o 4 de marzo de 2026 pola axente de igualdade, pola xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira delegada de Igualdade e Comercio, e o 5 de marzo de 2026 pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Certificados de retención de crédito asinados polo director superior contable o 9 de marzo de 2026 (operación 12026000022554-RC e operación 12026000022556-RCFUT).
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas asinada o 26 de marzo de 2026 pola xefa do Servizo de Igualdade sobre o cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso das licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia.
- Pregos de prescricións técnicas particulares asinado o 26 de marzo de 2026 pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e Comercio e a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Memoria xustificativa asinada o 26 de marzo de 2026 pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e Comercio e a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Informe favorable do Servizo de Contratación sobre o a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública asinado o 26 de marzo de 2026 pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.
- Pregos de cláusulas administrativas particulares asinado o 27 de marzo de 2026 pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP, este contrato terá un prazo de duración de dous anos, coa posibilidade de realizar como máximo 1 prórroga, cunha duración dun ano.

Segundo se motiva na memoria económica, o importe do contrato (sen IVE) é de 72.771,72 €. O importe do valor total estimado do contrato, incluída a prórroga e a posible modificación do contrato prevista, é de 123.711,92 €.

O prezo do contrato (2 anos de duración) é de 88.053,78 € que inclúe un IVE de 15.282,06 €.

O prezo unitario é o seguinte:

- Prezo unitario con IVE: 266,83 €/hora
- Prezo unitario sen IVE: 220,52 €/hora



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 144 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da aplicación orzamentaria “Plan municipal de Igualdade” 2311 2279906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos dos exercicios 2026, 2027 e 2028, desglosadas do seguinte xeito:

- No exercicio 2026: 35.221,51 €
- No exercicio 2027: 44.026,89 €
- No exercicio 2028: 8.805,38 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Convenio do Consello de Europa sobre protección e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, feito en Estambul o 11 de maio de 2011.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Pacto de Estado contra a violencia de xénero aprobado polo Congreso das Deputadas e Deputados o 28 de setembro de 2017 e renovado en data 26 de febreiro de 2025.
- A Lei Orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual,
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- V Plan integral de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da cidade de Vigo 2026-2030, aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 6 de febreiro de 2026, ratificado polo Pleno o 23 de febreiro de 2026.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto que rexerán esta contratación
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 145 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 9/2017

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP) que, nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nos/as concelleiros/as delegados/as de Área por Acordo da Xunta de Goberno Local do 7.11.2025 (BOPPO núm. 217 do 12 de novembro de 2025)

Segundo.- O expediente refírese á totalidade obxecto do contrato e nel constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto nos artigos 116 e 159 LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 LCSP.

Quinto.- Na memoria económica xustifícase o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo. 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP) así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4 LCSP).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Constan no expediente os certificados de retención de crédito de data 9 de marzo de 2026. O informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución deste expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 146 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2078/1102

LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP).

Polo exposto, e previo informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, que adopte o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do *Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto Lila*

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos o 27 de marzo de 2026.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa do Servizo de Igualdade o 26 de marzo de 2026 e conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 88.053,78 €, que inclúe un IVE (21%) de 15.282,06 € para a contratación da xestión do *Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto Lila*, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria "*Plan municipal de Igualdade*" 2311 2279906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos dos exercicios 2027 e 2028, desglosado do seguinte xeito: 35.221,51 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2026, 44.026,89 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2027, e 8.805,38 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2028.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 24/04/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 147 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

24(329).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/05/2026 09:57	Páxina 148 de 148
2078-1102 Aprobado por XGL 04/05/2026	CSV: AEBEAB-DACD8H-5D23D6-PSW983-QMU93P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		